

## I. DISPOSICIÓN XERAIS

### XEFATURA DO ESTADO

**16036** *Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira.*

I

A existencia dun mercado de servizos de pagamento adecuado constitúe un requisito básico na construción dun mercado único eficiente dentro da Unión Europea. Para isto, a regulación dos servizos de pagamento ten que promover, en particular, un contorno que propicie o desenvolvemento áxil das transaccións de pagamento, unhas regras comúns respecto á súa operatividade, un abano o suficientemente amplo de opcións de pagamento para os usuarios e unhas normas de protección efectiva dos usuarios de servizos de pagamento. A seguranza e a homoxeneidade nos procesos de pagamento son pezas chave na mellora da eficiencia e na redución dos custos de tales procesos, tanto a nivel nacional como naqueles pagamentos realizados entre Estados membros.

A Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, puxo os cimentos para asentir as bases comúns na regulación da prestación de servizos de pagamento dentro do noso ordenamento xurídico, transpondo o contido da Directiva 2007/64/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 13 de novembro de 2007, sobre servizos de pagamento no mercado interior, pola que se modifican as directivas 97/7/CE, 2002/65/CE, 2005/60/CE e 2006/48/CE e pola que se derroga a Directiva 97/5/CE. Ademais de establecer un marco de protección homoxéneo para os usuarios de servizos de pagamento, a citada lei facilitou considerablemente a aplicación operativa dos instrumentos de pagamento en euros dentro da zona única de pagamentos, a *Single Euro Payments Area* ou SEPA.

Consolidada a zona única de pagamentos, faise preciso avanzar na adaptación da regulación aos novos cambios tecnolóxicos que permiten aos usuarios dispor de forma máis fiable de novos servizos de pagamento e novos axentes que se van implantando de forma cada vez máis intensa, especialmente no contexto dun mercado máis amplo que o nacional.

O aproveitamento das innovacións producidas nos últimos anos e a necesidade de xerar un ambiente máis seguro e fiable para o seu desenvolvemento encóntranse na base da aprobación da nova Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre servizos de pagamento no mercado interior, pola que se modifican as directivas 2002/65/CE, 2009/110/CE e 2013/36/UE e o Regulamento (UE) n.º 1093/2010 e se derroga a Directiva 2007/64/CE, en substitución da de 2007, que xunto ao Regulamento (UE) 2015/751 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, sobre as taxas de intercambio aplicadas ás operacións de pagamento con tarxeta, forman as pezas de ensamblaxe do novo marco regulador dos servizos de pagamento. Este novo marco europeo, que este real decreto lei incorpora parcialmente ao noso ordenamento xurídico, ten como principais obxectivos facilitar e mellorar a seguranza no uso de sistemas de pagamento a través da internet, reforzar o nivel de protección ao usuario contra fraudes e abusos potenciais, respecto do previsto na Lei 16/2009, do 13 de novembro, así como promover a innovación nos servizos de pagamento a través do móbil e da internet.

Caracterizan este novo marco aspectos nacidos da experiencia na aplicación do anterior, en cada un dos tres aspectos básicos que regula: os servizos que se van prestar, a transparencia fronte ao usuario e as obrigacións das partes intervinientes.

## II

Este real decreto lei artículase sobre a base dun esquema moi similar ao da directiva que principalmente traspón, opción esta que, ademais de mellorar o grao de harmonización e homoxeneidade co marco europeo común, facilita a sistematicidade na interpretación do conxunto normativo. Así, o real decreto lei estrutúrase en cinco títulos, cun total de 72 artigos, tres disposicións adicionais, nove transitorias, unha derogatoria e trece derradeiras.

O título preliminar contén as disposicións xerais que regulan os aspectos principais do texto legal. Desde o punto de vista obxectivo, delimitase o ámbito de aplicación polo que concirne aos servizos de pagamento.

Entre os servizos de pagamento regulados por este real decreto lei inclúense dous novos: iniciación de pagamentos e información sobre contas. Ambos os servizos supoñen o acceso de terceiros ás contas dos usuarios de servizos de pagamento.

Os servizos de iniciación de pagamentos permiten ao seu fornecedor dar ao beneficiario da orde de pagamento a seguranza de que o pagamento se iniciou. A finalidade desta operativa é dar un incentivo ao beneficiario para que entregue o ben ou preste o servizo sen dilación desde o momento en que se dá a orde de pagamento. Tales servizos ofrecen unha solución tanto aos comerciantes como aos usuarios de servizos de pagamento e garantindo a posibilidade de facer compras en liña mesmo que non posúan tarxetas de pagamento.

Os servizos de información sobre contas proporcionan ao usuario do servizo de pagamento información agregada en liña sobre unha ou varias contas de pagamento mantidas nos seus fornecedores de servizos de pagamento, o que permite ao usuario do servizo de pagamento ter en todo momento unha información global e inmediata da súa situación financeira.

Ningún destes dous servizos foi obxecto até agora dunha regulación específica no ordenamento xurídico español. Nun contexto de crecemento da oferta, esta circunstancia orixinou certa inseguranza xurídica en aspectos tan relevantes como a protección dos usuarios de servizos de pagamento, os parámetros de seguranza con que estes servizos son prestados, así como a responsabilidade, a competencia e o réxime de protección de datos.

Por outro lado, desde o punto de vista do ámbito obxectivo de aplicación, mantense o principio de que o real decreto lei é de aplicación a todos os servizos que se prestan en territorio español, calquera que for a orixe ou o destino final das operacións. Por tanto, establécese un só sistema para os fornecedores que estean suxeitos á lei española, sen afectar as operacións que teñan lugar unicamente en territorio do resto dos Estados membros da Unión Europea.

O real decreto lei establece un sistema de autorización para o acceso á prestación de servizos de pagamento, de conformidade co establecido na Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, igual que xa facía a Directiva 2007/64/CE. Ambas as normas consideran necesario o establecemento dun réxime prudencial polo cal se introduce unha licenza única para certos fornecedores de servizos de pagamento non vinculados á captación de depósitos ou á emisión de diñeiro electrónico. Tal autorización está suxeita a unha serie de requisitos estritos e exhaustivos, uniformes en toda a Unión Europea.

Ademais, amplíase a protección prevista para os consumidores ás microempresas en relación coa transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento, resolución e modificación do contrato marco e os dereitos e obrigacións en relación coa prestación e utilización de servizos de pagamento. Non obstante, exceptúanse as microempresas da aplicación do dereito a ordenar a devolución dos débitos domiciliados como consecuencia dunha operación de pagamento autorizada iniciada por un beneficiario ou a través del, durante un prazo de oito semanas contadas a partir da data de débito dos fondos na súa conta. O motivo é que a atribución de tal dereito ás microempresas distorcería o sistema de xestión dos débitos domiciliados, ocasionando

ás microempresas prexuízos derivados do risco de crédito que terían que asumir os provedores de servizos de pagamento nese período.

Respecto do título I, que establece as liñas xerais do réxime de autorizacións de entidades de pagamento, a novidade máis relevante encóntrase no feito de que se transfiren ao Banco de España as competencias relativas á súa tramitación e ao outorgamento, que até este momento viña exercendo o Ministerio de Economía e Empresa. O Banco de España, que anteriormente debía emitir un informe preceptivo dentro dese procedemento, agora asume a responsabilidade última de outorgar a correspondente autorización.

Con bastante frecuencia, os provedores de servizos de pagamento acollidos a unha exclusión do ámbito de aplicación da Lei 16/2009, do 13 de novembro, non consultaban as autoridades competentes para determinar se as súas actividades estaban incluídas ou excluídas do ámbito de aplicación da dita lei, senón que se baseaban nas súas propias análises. Isto deu lugar a enormes disparidades na aplicación de certas exclusións, tamén entre os distintos Estados membros da Unión Europea. Para evitar os problemas derivados disto, este real decreto lei obriga a notificar ao Banco de España os servizos de pagamento que se prestan acolléndose ás exclusións recollidas no artigo 4.k), incisos 1.º e 2.º, e l), de modo que este poida avaliar se se cumpren ou non os requisitos establecidos para seren excluídos da aplicación do real decreto lei e garantir, desta forma, unha interpretación homoxénea.

No título II mantense en liñas xerais para todos os servizos de pagamento o sistema de transparencia canto ás condicións e aos requisitos de información aplicables a eses servizos, dando sempre unha marxe notable á liberdade contractual.

No título III establécense os dereitos e as obrigacións dos provedores e dos usuarios en relación con servizos de pagamento. O cambio máis relevante introducido neste título deriva da regulación dos servizos de iniciación de pagamentos e de información sobre contas de pagamento, en particular sobre a delimitación das responsabilidades derivadas do uso de ambos os servizos. Ademais, introdúcese un novo capítulo que regula os riscos operativos e de seguranza dos provedores de servizos de pagamento.

O título IV recolle o réxime sancionador aplicable aos provedores de servizos de pagamento que se integra dentro do correspondente á Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, a través da disposición derradeira sexta.

Canto ás disposicións adicionais primeira a terceira, manteñen o réxime aplicable aos débitos ou aboamentos correspondentes a operacións distintas das de pagamento, o relativo á retirada de efectivo en caixeiros automáticos e as facultades do Banco de España como autoridade competente para determinar a información que lle deben remitir os provedores de servizos de pagamento.

As disposicións transitorias da primeira á novena procuran a adaptación das entidades de pagamento e entidades de diñeiro electrónico á nova regulación contida no título I e, en particular, daquelas empresas que viñan prestando os servizos de iniciación de pagamentos e información sobre contas de pagamento.

A disposición derradeira primeira actualiza a lista de sistemas de pagamentos e de liquidación de valores após a integración da comunidade española na plataforma paneuropea TARGET2-Securities.

A disposición derradeira segunda modifica a Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, para adaptar o noso ordenamento ao Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, que establece unha regulación harmonizada para este tipo de fondos de investimento e que impón aos Estados membros a obriga de estableceren un réxime sancionador. Desde o 21 de xullo de 2018 o citado regulamento é de aplicación, polo que se inclúe o réxime sancionador dos incumprimentos desa norma europea na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, con vistas a establecer os tipos infractores que reflectan os incumprimentos das obrigacións do regulamento.

A disposición derradeira terceira adapta ás exixencias da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, a regulación sobre comercialización a distancia de servizos financeiros.

A disposición derradeira cuarta modifica a Lei de sociedades de capital engadindo un novo suposto en que non é posible a separación do accionista por falta de distribución de dividendos para o caso dos socios das entidades de crédito e outras entidades financeiras que non sexan sociedades cotizadas suxeitas ao Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

A disposición derradeira quinta modifica a normativa sobre as entidades de diñeiro electrónico no senso establecido pola Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015.

A disposición derradeira sexta modifica o réxime sancionador da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, para adaptala á actividade de prestación de servizos de pagamento e completar a adaptación da normativa á Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e as empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE e homologar o réxime sancionador español ao doutros Estados membros e o Banco Central Europeo. Destaca especialmente a habilitación dunha canle adecuada para que toda persoa que dispoña de coñecemento ou sospeita fundada de incumprimento das obrigacións en materia de supervisión prudencial de entidades de crédito previstas na citada lei e na súa normativa de desenvolvemento teña a posibilidade e o dereito a comunicalo ao Banco de España coas debidas garantías (tamén coñecido como *whistleblowing*).

Esta mesma disposición derradeira tamén realiza axustes en materia de supervisión e sanción de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, que garantan unha mellor transposición da mencionada Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013. En concreto, trátase de concretar que todos os centros de actividade establecidos en territorio español por entidades de crédito europeas cuxa administración central se encontre noutro Estado membro se considerarán unha única sucursal, e de asegurar o adecuado intercambio de información entre o Banco de España e outras autoridades competentes da Unión Europea, no caso de entidades españolas controladas por unha entidade matriz da Unión Europea.

A disposición derradeira sétima modifica a Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, para atribuír ao Banco de España a autorización dos establecementos financeiros de crédito híbridos. Na medida en que os establecementos financeiros de crédito híbridos prestan servizos de pagamento, esta modificación é coherente co feito de que se atribúan ao Banco de España as competencias en autorización das entidades de pagamento neste real decreto lei.

A disposición derradeira oitava modifica a Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, no que se refire á definición de sucursais en España de entidades suxeitas a esa lei. Esta modificación pretende traspasar correctamente o previsto para as sucursais de entidades establecidas fóra da Unión Europea na Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, pola que se establece un marco para a reestruturación e a resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, e pola que se modifican a Directiva 82/891/CEE do Consello, e as directivas 2001/24/CE, 2002/47/CE, 2004/25/CE, 2005/56/CE, 2007/36/CE, 2011/35/UE, 2012/30/UE e 2013/36/UE, e os regulamentos (UE) n.º 1093/2010 e (UE) n.º 648/2012. Neste senso, faise tamén necesaria a modificación do artigo 53 para aclarar que o FROB poderá recadar contribucións das sucursais en España de entidades establecidas fóra da Unión Europea. Así mesmo, esta disposición derradeira contén previsións para clarificar as facultades do FROB como autoridade de resolución executiva no momento de levar a cabo unha resolución, con

respecto ás limitacións e requisitos exixidos na normativa societaria, de acordo coa Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014.

A disposición derradeira novena modifica o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro. Os obxectivos que se perseguen con esta modificación son os seguintes: en primeiro lugar, lévase a cabo unha adecuación formal e técnica dalgunhas das súas disposicións. En segundo lugar, adáptase a norma a distintos regulamentos europeos recentes cuxa entrada en vigor e aplicación efectiva xa se produciu, en concreto:

- o Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, sobre os índices utilizados como referencia nos instrumentos financeiros e nos contratos financeiros ou para medir a rendibilidade dos fondos de investimento, e polo que se modifican as directivas 2008/48/CE e 2014/17/UE e o Regulamento (UE) n.º 596/2014;

- o Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre o abuso de mercado e polo que se derrogan a Directiva 2003/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello e as directivas 2003/124/CE, 2003/125/CE e 2004/72/CE da Comisión;

- o Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014, sobre os documentos de datos fundamentais relativos aos produtos de investimento retailista vinculados e os produtos de investimento baseados en seguros; e

- o Regulamento (UE) n.º 2015/2365 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre transparencia das operacións de financiamento de valores e de reutilización, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

En terceiro lugar, complétase a transposición de dúas directivas parcialmente traspostas. Por unha parte, a Directiva de execución (UE) 2015/2392 da Comisión, do 17 de decembro de 2015, relativa ao Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á comunicación de posibles infraccións ou infraccións reais do dito regulamento ás autoridades competentes; e a Directiva 2013/36/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e as empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE.

Desta forma, a norma vertebradora da regulación aplicable aos mercados de valores queda plenamente adaptada ao dereito europeo vixente, asegurando que a Comisión Nacional do Mercado de Valores conta con todos os instrumentos de supervisión necesarios para garantir o bo funcionamento deses mercados e a adecuada protección do investidor.

As disposicións derradeiras décima a décimo terceira recollen os títulos competenciais, a declaración de incorporación de dereito da Unión Europea, a habilitación para o desenvolvemento regulamentario e a entrada en vigor.

### III

Concorren neste caso circunstancias de extraordinaria e urxente necesidade que xustifican a aprobación desta norma como real decreto lei.

En primeiro lugar, urxe completar a transposición da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, dado que o prazo de transposición non soamente está vencido, senón que a Comisión Europea remitiu carta de empazamento por infracción por falta de transposición ao Reino de España.

Pero, ademais, urxe completar a transposición da Directiva (UE) 2015/2366 para evitar graves prexuízos ás entidades de crédito e entidades de pagamento españolas, así como aos usuarios de servizos de pagamento. A incerteza regulatoria a que están sometidas estas empresas pola falta de transposición en prazo prodúcelles un importante custo e

unha incerteza que afecta a súa competitividade nos mercados europeos, incerteza que non é disipada mediante o chamado efecto directo das directivas.

Así mesmo, a falta de transposición da dita directiva en prazo está afectando a capacidade de atracción do mercado español como mercado no cal se poidan instalar novos provedores de servizos de pagamento procedentes doutros países. Nun contexto de crecente mobilidade destas empresas, moitas das cales están valorando na actualidade o traslado do seu domicilio social a outros Estados membros da Unión Europea, a existencia dun marco regulatorio certo e estable devén unha condición absolutamente imprescindible que determina as súas decisións de investimento.

A falta de transposición tamén concorre en relación coa Directiva de execución (UE) 2015/2392 da Comisión, do 17 de decembro de 2015, relativa ao Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á comunicación de posibles infraccións ou infraccións reais do dito regulamento ás autoridades competentes, posto que a Comisión Europea remitiu carta de emprazamento por infracción ao Reino de España por falta de transposición e mesmo se substanciou procedemento de infracción ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea.

Urxe, así mesmo, modificar a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, en primeiro lugar para completar a transposición da Directiva 2013/36/UE, na medida en que a Comisión Europea suspendeu a execución do recurso de incumprimento condicionada á aprobación urxente desta modificación. É necesario, así mesmo, acometer estas modificacións con prontitude para garantir o nivel de eficacia e homoxeneidade coa normativa doutros países membros da Unión Europea proxectado pola directiva. Precisamente, a este último aspecto responde tamén o axuste do réxime sancionador que se realiza, que tamén emana da mencionada Directiva 2013/36/UE, e que se homologa co dos países do noso contorno e co do Banco Central Europeo.

Na mesma liña de asegurar a adecuada aplicación en España da normativa de solvencia da Unión Europea, modifícase a Lei de sociedades de capital para garantir o cumprimento das condicións impostas polo Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño, no que se refire aos requisitos de solvencia. Esta modificación resulta urxente e necesaria dada a publicación do informe da Autoridade Bancaria Europea do 20 de xullo de 2018 de seguimento dos instrumentos de capital ordinario de nivel 1 emitidos por entidades da UE, interpretando o dito regulamento, segundo o cal os instrumentos de capital das entidades financeiras suxeitos a certas cláusulas como a que se regula poderían non ser computables para efectos dos requisitos de solvencia contidos nel. Así, urxe acometer a mencionada reforma para garantir a adecuada protección da solvencia das entidades financeiras e, por tanto, da estabilidade financeira e da protección do valor a longo prazo do capital en mans dos accionistas.

Igualmente, resulta de extraordinaria e urxente necesidade a adaptación do texto refundido da Lei do mercado de valores aos regulamentos (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, sobre os índices utilizados como referencia nos instrumentos financeiros e nos contratos financeiros ou para medir a rendibilidade dos fondos de investimento, e polo que se modifican as directivas 2008/48/CE e 2014/17/UE e o Regulamento (UE) n.º 596/2014; o Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre o abuso de mercado e polo que se derrogan a Directiva 2003/6/CE do Parlamento Europeo e do Consello, e as directivas 2003/124/CE, 2003/125/CE e 2004/72/CE da Comisión; o Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014, sobre os documentos de datos fundamentais relativos aos produtos de investimento retailistas vinculados e os produtos de investimento baseados en seguros; e o Regulamento (UE) n.º 2015/2365 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre transparencia das operacións de financiamento de valores e de reutilización e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012. Esta adaptación lévase a cabo a través da disposición derradeira novena, introducindo coherencia e seguranza xurídica no noso ordenamento a través da adaptación do texto refundido da Lei do mercado de valores

(especialmente do seu réxime sancionador) a regulamentos europeos xa vixentes. Aínda que estes regulamentos xa eran de directa aplicación, resulta extraordinaria e urxentemente necesario adaptar o ordenamento nacional a eles para introducir certeza nos operadores e no labor supervisor da Comisión Nacional do Mercado de Valores, de forma que teña todas as ferramentas de supervisión necesarias para garantir o bo funcionamento dos mercados de valores dentro do texto lexislativo que os vertebrará. Isto mesmo é aplicable á adaptación da Lei 35/2003 de institucións de investimento colectivo ao Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario. Ademais, é importante destacar para estes efectos que os seguintes regulamentos da UE impuñan a obrigaición aos Estados membros de notificaren á Comisión Europea antes dunha data determinada as sancións administrativas que tivesen incorporado nos seus ordenamentos xurídicos para garantir a súa eficacia. As ditas datas límite eran as seguintes: Regulamento (UE) n.º 2016/1011, o 1 de xaneiro de 2018; Regulamento (UE) n.º 1286/2014, o 31 de decembro de 2016; Regulamento (UE) n.º 2015/2365, o 13 de xullo de 2017; e o Regulamento (UE) n.º 2017/1131, o 21 de xullo de 2018.

Ademais, a disposición derradeira novena realiza algunhas adaptacións técnicas do texto refundido da Lei do mercado de valores. A necesidade destas adaptacións púxose de manifesto despois da modificación efectuada no Real decreto lei 14/2018, do 28 de setembro, polo que se modifica o texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro, e buscan dar plena efectividade ás novidades introducidas na norma de referencia en materia de mercado de valores. O Real decreto lei 14/2018 avanzou na incorporación ao noso ordenamento xurídico do paquete normativo MIFID II e a súa aprobación resultou de extraordinaria e urxente necesidade, en primeiro lugar, porque o prazo de transposición da directiva estaba vencido e a Comisión Europea demandara o Reino de España ante o Tribunal de Xustiza da Unión Europea por falta de transposición completa desta directiva; en segundo lugar, para evitar graves prexuízos derivados da incerteza regulatoria ás empresas de servizos e actividades de investimento españolas; en terceiro lugar, porque a falta de transposición en prazo estaba afectando a capacidade de atracción do mercado español como mercado en que se poidan instalar novas empresas de servizos e actividades de investimento e, en cuarto lugar, pola extraordinaria e urxente necesidade de dotar a Comisión Nacional do Mercado de Valores das novas facultades de supervisión e das ferramentas de cooperación interadministrativas que MIFID II outorgaba aos organismos públicos supervisores das empresas de servizos e actividades de investimento e mercados de valores da Unión Europea.

Por outra parte, urxe corrixir erros detectados na transposición nacional da Directiva 2014/59/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, pola que se establece un marco para a reestruturación e a resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento. A definición que até a data contiña a Lei 11/2015, do 18 de xuño, que a traspón, non permitía ao FROB recadar as contribucións ao Fondo de Resolución Nacional correspondentes ás sucursais de entidades de terceiros países non comunitarios en España.

En segundo lugar, a Lei 11/2015, do 18 de xuño, en relación coa dita directiva, debe recoller adecuadamente a previsión de que as autoridades de resolución contén en todo momento cos poderes necesarios para levar a cabo a súa misión. Así, o réxime de resolución das entidades de crédito e empresas de servizos de investimento en crise caracterízase por ser un procedemento administrativo, especial e completo, que procura a máxima celeridade na intervención da entidade, en prol de facilitar a continuidade das súas funcións esenciais, ao tempo que se minimiza o impacto da súa inviabilidade no sistema económico e nos recursos públicos. Asegurar a estabilidade financeira e evitar o risco de contaxio son igualmente esenciais na correcta execución da resolución dunha entidade. Para todo isto, a celeridade no proceso é esencial.

Respecto ás modificacións que se realizan na Lei 41/1999 para actualizar a lista de sistemas de pagamentos e de compensación e liquidación de valores, hai que ter en conta dous elementos que, unidos, xustifican a extraordinaria e urxente necesidade da

modificación. Por unha parte, os obxectivos da Directiva 98/26/CE, do Parlamento Europeo e do Consello, do 19 de maio, sobre a firmeza da liquidación nos sistemas de pagamentos e de liquidación de valores que se traspón nesta Lei 41/1999 son principalmente tres. En primeiro lugar, reducir os riscos xurídicos que leva unida a participación en sistemas de pagamentos e de liquidación de valores, sobre todo no que se refire á firmeza das liquidacións, á validez legal dos acordos de compensación e á exhibibilidade xurídica das garantías achegadas polos participantes para responder das súas obrigacións, así como minimizar as perturbacións financeiras que puideren ocasionarse por non contar cos instrumentos xurídicos adecuados, sobre todo nos casos de insolvencia. En segundo lugar, garantir que no mercado interior se poidan efectuar pagamentos sen impedimento ningún, contribuíndo así ao funcionamento eficiente e económico dos mecanismos de pagamentos transfronteirizos na Unión Europea. Por último, a norma pretende contribuír, mediante a aceptación de garantías constituídas con fins de política monetaria, á consecución da maior estabilidade monetaria e ao desenvolvemento do marco xurídico necesario para que o sistema europeo de bancos centrais e o Banco Central Europeo poidan levar a cabo a súa política monetaria.

Por outra parte, a recente reforma do sistema de compensación, liquidación e rexistro de valores e a integración da comunidade española na plataforma paneuropea de liquidación TARGET2-Securities fan que sexa extraordinariamente urxente actualizar a lista de sistemas a que se aplican as regras da Lei 41/1999 e a protección que outorga ás operacións que se liquidan nos ditos sistemas. No contrario, non se poderán cumprir adecuadamente os obxectivos da directiva, de capital importancia para o bo funcionamento do mercado interior de servizos financeiros.

Ademais, este real decreto lei non afecta o ordenamento das institucións básicas do Estado, os dereitos, deberes e liberdades dos cidadáns regulados no título I da Constitución, o réxime das comunidades autónomas nin o dereito electoral xeral.

#### IV

Este real decreto lei responde aos principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, tal e como exige o artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Polo que se refire aos principios de necesidade e eficacia, este real decreto lei é o instrumento óptimo para levar a cabo a transposición daquelas materias da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, que requiran norma con rango de lei, así como a daquelas outras directivas cuxa transposición parcial tamén se produce con esta norma, ou ben de determinadas adaptacións que se realizan en normas nacionais co obxecto de axustarse aos regulamentos comunitarios citados. En efecto, en todos estes casos, a necesidade xorde principalmente da obriga de realizar as actuacións e axustes para adaptar o dereito nacional ao dereito da Unión, co obxecto de lograr a maior eficacia no cumprimento dos fins que se perseguen. Ademais dos obxectivos específicos do mercado de pagamentos que busca lograr este real decreto lei, no resto das adaptacións efectuadas téntase mellorar a supervisión tanto en materia de solvencia como en protección do investidor e da integridade dos mercados, mellorando a súa eficacia; o establecemento de canles de denuncia; a mellora dos procedementos de resolución; e, en definitiva, unha maior harmonización co marco legal común comunitario, o que non fai senón mellorar a eficacia e a seguranza xurídica nestas materias.

Canto ao principio de proporcionalidade, este real decreto lei segue o principio que guía a Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, que se traspón parcialmente, no sentido de gardar o necesario equilibrio entre proporcionar un marco legal adecuado, áxil e que favoreza o desenvolvemento e a innovación no mercado de servizos de pagamentos, dun lado, e garantir un nivel de protección adecuado aos usuarios de servizos de pagamento, doutro. O mesmo cabe dicir do resto dos aspectos que desenvolve este real decreto lei, ben na transposición de directivas, ben nos axustes introducidos como consecuencia de regulamentos comunitarios, ao establecer a regulación imprescindible para poder levar a cabo os fins



contidos neles. Na adaptación ao noso ordenamento deste dereito comunitario buscouse evitar impor unha maior carga ou restricións aos interesados, alén das que sinalan estas normas comunitarias.

O principio de seguranza xurídica queda reforzado con este real decreto lei, unha vez que, dado o profuso das modificacións que tería sido necesario emprender, se optou por elaborar unha lei de servizos de pagamento de nova planta. Desta forma mellórase o coñecemento e a comprensión da norma por parte dos seus destinatarios, facilitando a súa interpretación e aplicación fronte á alternativa dun texto modificativo. Por outro lado, a harmonización do noso ordenamento xurídico co dereito comunitario en todas as materias traspostas ou adaptadas non fai senón fortalecer a seguranza xurídica nelas.

En aplicación do principio de transparencia, tanto na fase de consulta pública como na de audiencia pública sobre a transposición da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, os interesados tiveron acceso tanto ao documento de apoio como ao anteproxecto articulado na páxina web do Ministerio de Economía e Empresa. De ambos os procedementos recibíronse numerosas observacións que se tiveron en conta na elaboración deste texto. De igual maneira, no caso concreto da modificación do texto refundido da Lei do mercado de valores, recollido na disposición derradeira novena, foi sometido tanto a consulta como a audiencia pública.

Por último, en relación co principio de eficiencia, este real decreto lei non impón carga administrativa ningunha adicional que non sexa estritamente necesaria para dar cumprimento ás obrigacións derivadas das normas que traspón ou adapta, as cales, ademais, se aproban coa maior urxencia posible, o que non fai senón redundar na súa maior eficiencia.

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1. 6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup>, e 13.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado as competencias exclusivas sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguro, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Na súa virtude, facendo uso da autorización contida no artigo 86 da Constitución española, por proposta da ministra de Economía e Empresa, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 23 de novembro de 2018,

DISPOÑO:

### *Índice*

Título preliminar. Disposicións xerais.

- Artigo 1. Obxecto.
- Artigo 2. Ámbito de aplicación aos servizos de pagamento.
- Artigo 3. Definicións.
- Artigo 4. Exclusiones á aplicación.
- Artigo 5. Reserva de actividade.
- Artigo 6. Deber de notificación.
- Artigo 7. Servizo de información sobre contas.
- Artigo 8. Acceso aos sistemas de pagamento.
- Artigo 9. Acceso a contas abertas en entidades de crédito.

Título I. Réxime xurídico das entidades de pagamento.

- Artigo 10. Entidade de pagamento e actividades.
- Artigo 11. Autorización.
- Artigo 12. Denegación da autorización.
- Artigo 13. Rexistro.
- Artigo 14. Réxime de exención das entidades de pagamento
- Artigo 15. Entidades prestadoras do servizo de información sobre contas.
- Artigo 16. Seguro de responsabilidade civil profesional ou garantía equivalente.

- Artigo 17. Réxime de control de participacións significativas.
- Artigo 18. Revogación da autorización das entidades de pagamento e do rexistro das entidades reguladas nos artigos 14 e 15.
- Artigo 19. Capital e fondos propios.
- Artigo 20. Actividades.
- Artigo 21. Protección dos fondos dos usuarios de servizos de pagamento.
- Artigo 22. Solicitud de exercicio do dereito de establecemento e libre prestación de servizos.
- Artigo 23. Utilización de axentes e delegación da prestación de funcións das entidades de pagamento e entidades prestadoras do servizo de información sobre contas.
- Artigo 24. Conservación da información.
- Artigo 25. Contabilidade e auditoría.
- Artigo 26. Supervisión.
- Artigo 27. Información e segredo profesional.

Título II. Transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento, resolución e modificación do contrato marco.

- Artigo 28. Ámbito de aplicación.
- Artigo 29. Transparencia das condicións e dos requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento.
- Artigo 30. Gastos de información.
- Artigo 31. Carga da proba en relación cos requisitos de información.
- Artigo 32. Resolución do contrato marco.
- Artigo 33. Modificación das condicións do contrato marco.

Título III. Dereitos e obrigacións en relación coa prestación e utilización de servizos de pagamento.

Capítulo I. Disposicións comúns.

- Artigo 34. Ámbito de aplicación e excepcións.
- Artigo 35. Gastos aplicables.

Capítulo II. Autorización de operacións de pagamento.

- Artigo 36. Consentimento e retirada do consentimento.
- Artigo 37. Confirmación da dispoñibilidade de fondos.
- Artigo 38. Normas de acceso á conta de pagamento en caso de servizos de iniciación de pagamentos.
- Artigo 39. Normas de acceso á información sobre contas de pagamento e uso desa información en caso de servizos de información sobre contas.
- Artigo 40. Limitacións á utilización do instrumento de pagamento e ao acceso ás contas de pagamento por provedores de servizos de pagamento.
- Artigo 41. Obrigacións do usuario de servizos de pagamento en relación cos instrumentos de pagamento e coas credenciais de seguranza personalizadas.
- Artigo 42. Obrigacións do provedor de servizos de pagamento en relación cos instrumentos de pagamento.
- Artigo 43. Notificación e rectificación de operacións de pagamento non autorizadas ou executadas incorrectamente.
- Artigo 44. Proba da autenticación e execución das operacións de pagamento.
- Artigo 45. Responsabilidade do provedor de servizos de pagamento en caso de operacións de pagamento non autorizadas.
- Artigo 46. Responsabilidade do ordenante en caso de operacións de pagamento non autorizadas.
- Artigo 47. Operacións de pagamento nas cales o importe da operación non se coñece con anticipación.

Artigo 48. Devolucións por operacións de pagamento iniciadas por un beneficiario ou a través del.

Artigo 49. Solicitudes de devolución por operacións de pagamento iniciadas por un beneficiario ou a través del.

Capítulo III. Execución de operacións de pagamento.

Sección 1.<sup>a</sup> Ordes de pagamento e importes transferidos.

Artigo 50. Recepción de ordes de pagamento.

Artigo 51. Rexeitamento de ordes de pagamento.

Artigo 52. Irrevogabilidade dunha orde de pagamento.

Artigo 53. Importes transferidos e importes recibidos.

Sección 2.<sup>a</sup> Prazo de execución e data de valor.

Artigo 54. Ámbito de aplicación.

Artigo 55. Operacións de pagamento a unha conta de pagamento.

Artigo 56. Beneficiarios non titulares de contas de pagamento no fornecedor de servizos de pagamento.

Artigo 57. Efectivo ingresado nunha conta de pagamento.

Artigo 58. Data de valor e dispoñibilidade dos fondos.

Sección 3.<sup>a</sup> Responsabilidade.

Artigo 59. Identificadores únicos incorrectos.

Artigo 60. Responsabilidade do fornecedor de servizos de pagamento en caso de inexecución ou de execución defectuosa ou con atraso dunha orde de pagamento.

Artigo 61. Responsabilidade no caso dos servizos de iniciación de pagamentos por inexecución ou execución defectuosa de operacións de pagamento.

Artigo 62. Indemnización adicional.

Artigo 63. Dereito de resarcimento.

Artigo 64. Ausencia de responsabilidade cando concorran circunstancias excepcionais e imprevisibles.

Capítulo IV. Protección de datos.

Artigo 65. Protección de datos.

Capítulo V. Riscos operativos e de seguranza.

Artigo 66. Xestión de riscos operativos e de seguranza.

Artigo 67. Notificación de incidentes.

Artigo 68. Autenticación.

Capítulo VI. Procedementos de resolución alternativa de litixios.

Artigo 69. Resolución alternativa de conflitos.

Artigo 70. Resolución de reclamacións polos fornecedores de servizos de pagamento.

Título IV. Réxime sancionador.

Artigo 71. Disposicións xerais.

Artigo 72. Infraccións das administracións públicas e do Banco de España.

Disposición adicional primeira. Réxime aplicable aos débitos ou aboamentos correspondentes a operacións distintas das de pagamento.

Disposición adicional segunda. Retirada de efectivo en caixeiros automáticos.

Disposición adicional terceira. Obrigações de información.

Disposición transitoria primeira. Réxime transitorio para as entidades de pagamento que contan con autorización.

Disposición transitoria segunda. Réxime transitorio para as entidades de pagamento cuxa actividade consista no servizo recollido no artigo 1.2.g) da Lei 16/2009, do 13 de novembro.

Disposición transitoria terceira. Réxime transitorio para os servizos de iniciación de pagamentos ou de información sobre contas.

Disposición transitoria cuarta. Réxime transitorio para entidades de diñeiro electrónico que contan con autorización.

Disposición transitoria quinta. Contratos en vigor.

Disposición transitoria sexta. Establecemento dos procesos necesarios para asegurar o cumprimento dos límites establecidos no artigo 4.l.

Disposición transitoria sétima. Réxime transitorio para a resolución de queixas e reclamacións dos usuarios de servizos de pagamento.

Disposición transitoria oitava. Prohibición de abuso polos provedores de servizos de pagamento xestores de conta.

Disposición transitoria novena. Procedementos de autorización en curso.

Disposición derogatoria única. Derogación normativa.

Disposición derradeira primeira. Modificación da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.

Disposición derradeira segunda. Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.

Disposición derradeira terceira. Modificación da Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores.

Disposición derradeira cuarta. Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo.

Disposición derradeira quinta. Modificación da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico.

Disposición derradeira sexta. Modificación da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

Disposición derradeira sétima. Modificación da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial.

Disposición derradeira oitava. Modificación da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.

Disposición derradeira novena. Modificación do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto lexislativo 4/2015, do 23 de outubro.

Disposición derradeira décima. Títulos competenciais.

Disposición derradeira décimo primeira. Incorporación de dereito da Unión Europea.

Disposición derradeira décimo segunda. Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.

Disposición derradeira décimo terceira. Entrada en vigor.

## TÍTULO PRELIMINAR

### Disposicións xerais

#### Artigo 1. *Obxecto.*

1. O obxecto deste real decreto lei é a regulación dos servizos de pagamento, relacionados no número 2, que se presten con carácter profesional en territorio español, incluíndo a forma de prestación deses servizos, o réxime xurídico das entidades de pagamento, o réxime de transparencia e información aplicable aos servizos de pagamento, así como os dereitos e obrigacións respectivas tanto dos usuarios dos servizos de pagamento como dos provedores deles.

2. Os servizos de pagamento que regula este real decreto lei son:
- a) Os servizos que permiten o ingreso de efectivo nunha conta de pagamento e todas as operacións necesarias para a xestión dunha conta de pagamento.
  - b) Os servizos que permiten a retirada de efectivo dunha conta de pagamento e todas as operacións necesarias para a xestión dunha conta de pagamento.
  - c) A execución de operacións de pagamento, incluída a transferencia de fondos, a través dunha conta de pagamento no fornecedor de servizos de pagamento do usuario ou outro fornecedor de servizos de pagamento:
    - 1.º Execución de débitos domiciliados, incluídos os débitos domiciliados non recorrentes.
    - 2.º Execución de operacións de pagamento mediante tarxeta de pagamento ou dispositivo similar.
    - 3.º Execución de transferencias, incluídas as ordes permanentes.
  - d) A execución de operacións de pagamento cando os fondos estean cubertos por unha liña de crédito aberta para un usuario de servizos de pagamento:
    - 1.º Execución de débitos domiciliados, incluídos os débitos domiciliados non recorrentes,
    - 2.º Execución de operacións de pagamento mediante tarxeta de pagamento ou dispositivo similar,
    - 3.º Execución de transferencias, incluídas as ordes permanentes.
  - e) A emisión de instrumentos de pagamento ou adquisición de operacións de pagamento.
  - f) O envío de diñeiro.
  - g) Os servizos de iniciación de pagamentos.
  - h) Os servizos de información sobre contas.

#### Artigo 2. *Ámbito de aplicación aos servizos de pagamento.*

1. Este real decreto lei aplicarase aos servizos de pagamento prestados dentro de España.

Os títulos II e III aplicaranse ás operacións de pagamento efectuadas nunha moeda dun Estado membro da Unión Europea cando tanto o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante como o do beneficiario, ou o único fornecedor de servizos de pagamento que interveña na operación de pagamento, estean situados en España. Nas operacións de pagamento efectuadas nunha moeda dun Estado membro da Unión Europea nas cales un dos fornecedores estea situado en España e o outro ou outros o estean noutro Estado membro da Unión Europea, aplicaranse os títulos II e III ás partes de tales operacións de pagamento levadas a cabo en España.

Respecto daquelas partes das operacións de pagamento efectuadas nunha moeda que non sexa a dun Estado membro que se leven a cabo en España, cando ao menos un dos fornecedores de servizos de pagamento que interveñan na operación de pagamento estea situado en España e o outro estea situado na Unión Europea, aplicaráselles o título II, salvo a información que se deba facilitar ao usuario de servizos de pagamento conforme o que regulamentariamente se determine sobre o prazo máximo de execución do servizo de pagamento tanto en operacións de pagamento singulares como naquelas reguladas por un contrato marco, e o título III, salvo os artigos 53 a 57.

A aquelas partes da operación de pagamento, calquera que for a moeda en que se efectúe, que se leven a cabo en España, nas cales algún dos fornecedores de servizos de pagamento estea situado fóra da Unión Europea, aplicaráselles o título II, salvo a información que se deba facilitar ao usuario de servizos de pagamento conforme o que regulamentariamente se determine sobre o prazo máximo de execución do servizo de pagamento tanto en operacións de pagamento singulares como naquelas reguladas por

un contrato marco, os requisitos necesarios para a devolución dos fondos, e a información previa relativa ao prazo máximo de execución de cada operación de pagamento no seo dun contrato marco, e o título III, salvo o artigo 35.2, 35.3 e os artigos 48, 49 e 53, o artigo 55.1 e os artigos 60 e 63.

2. Os provedores de servizos de pagamento non discriminarán os usuarios de servizos de pagamento que residan legalmente na Unión por razón de nacionalidade, lugar de residencia, nacemento, orixe racial ou étnica, sexo, relixión, convicción ou opinión, idade, discapacidade, orientación ou identidade de xénero, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social ou razón recollida no artigo 21 da Carta dos dereitos fundamentais da Unión Europea, cando soliciten ou accedan a unha conta de pagamento. As condicións aplicables á posesión dunha conta de pagamento non serán en modo ningún discriminatorias.

3. Este real decreto lei aplicarase sen prexuízo do previsto na Lei 16/2011, do 24 de xuño, de contratos de crédito ao consumo, naqueles casos en que un instrumento ou servizo de pagamento inclúa a concesión dun crédito desa natureza.

### Artigo 3. *Definicións.*

Para efectos deste real decreto lei, entenderase por:

1. Débito domiciliado: servizo de pagamento destinado a efectuar un cargo na conta de pagamento do ordenante, no cal a operación de pagamento é iniciada polo beneficiario sobre a base do consentimento dado polo ordenante ao beneficiario, ao provedor de servizos de pagamento do beneficiario ou ao provedor de servizos de pagamento do propio ordenante.

2. Adquisición de operación de pagamento: un servizo de pagamento prestado por un provedor de servizos de pagamento que conveu mediante contrato cun beneficiario en aceptar e procesar as operacións de pagamento, de modo que se produza unha transferencia de fondos ao beneficiario.

3. Axente: unha persoa física ou xurídica que presta servizos de pagamento en nome dunha entidade de pagamento.

4. Autenticación: procedemento que permita ao provedor de servizos de pagamento comprobar a identidade de usuario dun servizo de pagamento ou a validez da utilización de determinado instrumento de pagamento, incluída a utilización de credenciais de seguranza personalizadas do usuario.

5. Autenticación reforzada de cliente: a autenticación baseada na utilización de dous ou máis elementos categorizados como coñecemento (algo que só coñece o usuario), posesión (algo que só posúe o usuario) e inherencia (algo que é o usuario), que son independentes –é dicir, que a vulneración de un non compromete a fiabilidade dos demais–, e concibida de maneira que se protexa a confidencialidade dos datos de identificación.

6. Beneficiario: a persoa física ou xurídica que sexa o destinatario previsto dos fondos que foron obxecto dunha operación de pagamento.

7. Contido dixital: ben ou servizo producido e fornecido en formato dixital, cuxa utilización ou consumo se limita ao emprego dun dispositivo técnico e non inclúe en modo ningún a utilización ou consumo de bens ou servizos físicos.

8. Consumidor: unha persoa física que, nos contratos de servizos de pagamento obxecto deste real decreto lei, actúa con fins alleos á súa actividade económica, comercial ou profesional.

9. Contrato marco: un contrato de servizo de pagamento que rexe a execución futura de operacións de pagamento individuais e sucesivas, e que pode estipular a obrigación de abrir unha conta de pagamento e as correspondentes condicións para isto.

10. Credenciais de seguranza personalizadas: elementos personalizados que o provedor de servizos de pagamento proporciona ao usuario de servizos de pagamento para efectos de autenticación.

11. Conta de pagamento: unha conta a nome dun ou varios usuarios de servizos de pagamento que sexa utilizada para a execución de operacións de pagamento.

12. Datos de pagamento sensibles: datos, incluídas as credenciais de seguranza personalizadas, que poden ser utilizados para cometer unha fraude. Polo que respecta ás actividades dos provedores de servizos de iniciación de pagamentos e dos provedores de servizos de información sobre contas, o nome do titular e o número da conta non constitúen datos de pagamento sensibles.

13. Día hábil: día de apertura comercial, para os efectos necesarios para a execución dunha operación de pagamento, dos provedores de servizos de pagamento do ordenante ou do beneficiario que interveñen na execución da operación de pagamento. No caso de contas de pagamento contratadas telematicamente, seguirase o calendario correspondente á praza en que estea situada a sede social do provedor de servizos de pagamento con que se tiveren contratado.

14. Emisión de instrumentos de pagamento: servizo de pagamento no cal un provedor de servizos de pagamento se compromete mediante contrato a proporcionar a un ordenante un instrumento de pagamento que permite iniciar e procesar as operacións de pagamento do ordenante.

15. Entidade de pagamento: unha persoa xurídica á cal se outorgou autorización para prestar e executar servizos de pagamento en toda a Unión Europea, nos termos previstos no artigo 11.

16. Estado membro de acollida: o Estado membro da Unión Europea distinto do Estado membro da Unión Europea de orixe no cal o provedor de servizos de pagamento ten un axente ou unha sucursal ou presta servizos de pagamento.

17. Estado membro de orixe: un dos seguintes:

a) O Estado membro da Unión Europea en que o provedor de servizo de pagamento teña fixado o seu domicilio social ou;

b) Se o provedor de servizo de pagamento non posúe domicilio social conforme a lexislación nacional, o Estado membro da Unión Europea en que teña fixada a súa administración central.

18. Data de valor: data utilizada por un provedor de servizos de pagamento como referencia para o cálculo do xuro sobre os fondos aboados ou cargados a unha conta de pagamento.

19. Fondos: os billetes e moedas, diñeiro bancario ou diñeiro electrónico, entendido como todo valor monetario almacenado por medios electrónicos ou magnéticos que represente un crédito sobre o emisor, que se emita ao recibo de fondos co propósito de efectuar operacións de pagamento e que sexa aceptado por unha persoa física ou xurídica distinta do emisor de diñeiro electrónico.

20. Fondos propios: fondos segundo a definición do artigo 4, número 1, punto 118, do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, onde ao menos o 75 por cento do capital de nivel 1 adopta a forma do capital ordinario de nivel 1 a que se refire o artigo 50 do dito regulamento, e o capital de nivel 2 non excede un terzo do capital de nivel 1.

21. Grupo: un grupo de empresas no sentido do artigo 42 do Código de comercio ou dos artigos 4, 5, 6 e 7 do Regulamento delegado (UE) n.º 241/2014 da Comisión, do 7 de xaneiro de 2014, polo que se completa o Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás normas técnicas de regulación aplicables aos requisitos de fondos propios das entidades, que estean vinculadas entre si por unha relación segundo o teor do artigo 10.1 ou do 113.6 ou 113.7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e das empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

22. Identificador único: unha combinación de letras, números ou signos especificados polo fornecedor de servizos de pagamento ao usuario deses servizos, que este último debe proporcionar a fin de identificar de forma inequívoca o outro usuario do servizo de pagamento ou a conta de pagamento dese outro usuario nunha operación de pagamento.

23. Instrumento de pagamento: calquera dispositivo personalizado ou conxunto de procedementos acordados entre o usuario de servizos de pagamento e o fornecedor de servizos de pagamento e utilizados para iniciar unha orde de pagamento.

24. Medio de comunicación a distancia: calquera medio que, sen a presenza física simultánea do fornecedor de servizos de pagamento e do usuario de servizos de pagamento, poida empregarse para a celebración dun contrato de servizos de pagamento.

25. Microempresa: unha empresa, considerando como tal tanto as persoas físicas que realizan unha actividade profesional ou empresarial como as persoas xurídicas que, na data de celebración do contrato de servizos de pagamento, ocupan menos de dez persoas e cuxo volume de negocios anual ou cuxo balance xeral anual non supera os dous millóns de euros, de conformidade co establecido nos artigos 1 e 2, números 1 e 3, do anexo da Recomendación da Comisión, do 6 de maio de 2003, sobre a definición de microempresas, pequenas e medianas empresas.

26. Operación de pagamento: unha acción, iniciada polo ordenante ou por conta deste, ou polo beneficiario, consistente en ingresar, transferir ou retirar fondos, con independencia de calquera obrigación subxacente entre o ordenante e o beneficiario.

27. Operación remota de pagamento: operación de pagamento iniciada a través da internet ou dun dispositivo que poida utilizarse para a comunicación a distancia.

28. Orde de pagamento: toda instrución cursada por un ordenante ou beneficiario ao seu fornecedor de servizos de pagamento pola cal se solicite a execución dunha operación de pagamento.

29. Ordenante: a persoa física ou xurídica titular dunha conta de pagamento que autoriza unha orde de pagamento a partir desa conta ou, no caso de que non exista unha conta de pagamento, a persoa física ou xurídica que dita unha orde de pagamento.

30. Entidades prestadoras do servizo de información sobre contas: persoa física ou xurídica que se rexistrou para exercer a título profesional unicamente as actividades a que se refire o artigo 1.2.h), nos termos previstos no artigo 15 e que ten a condición de fornecedor de servizos de pagamento.

31. Fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos: o fornecedor de servizos de pagamento que exerce a título profesional as actividades a que se refire o artigo 1.2.g).

32. Fornecedor de servizos de pagamento: as entidades e organismos mencionados nos números 1 e 2 do artigo 5, e as persoas físicas ou xurídicas que se acollan ás exencións previstas nos artigos 14 e 15.

33. Fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta: un fornecedor de servizos de pagamento que facilita a un ordenante unha ou varias contas de pagamento e se encarga do seu mantemento.

34. Rede de comunicacións electrónicas: unha rede segundo se define no número 31 do anexo II da Lei 9/2014, do 9 de maio, xeral de telecomunicacións.

35. Servizo de comunicacións electrónicas: un servizo segundo se define no número 35 do anexo II da Lei 9/2014, do 9 de maio.

36. Servizo de envío de diñeiro: un servizo de pagamento que permite recibir fondos dun ordenante sen que se cree ningunha conta de pagamento a nome do ordenante ou do beneficiario, co único fin de transferir unha cantidade equivalente a un beneficiario ou a outro fornecedor de servizos de pagamento que actúe por conta do beneficiario ou recibir fondos por conta do beneficiario e pólos ao dispor deste.

37. Servizo de pagamento: unha ou máis actividades empresariais enumeradas no artigo 1.2 deste real decreto lei.

38. Servizo de información sobre contas: servizo en liña cuxa finalidade consiste en facilitar información agregada sobre unha ou varias contas de pagamento das cales é titular o usuario do servizo de pagamento ben noutro fornecedor de servizos de pagamento, ben en varios fornecedores de servizos de pagamento.



39. Servizo de iniciación do pagamento: servizo que permite iniciar unha orde de pagamento, a petición do usuario do servizo de pagamento, respecto dunha conta de pagamento aberta con outro fornecedor de servizos de pagamento.

40. Sistema de pagamento: un sistema de transferencia de fondos regulado por disposicións formais e normalizadas, e dotado de normas comúns para o tratamento, liquidación ou compensación de operacións de pagamento.

41. Soporte duradeiro: un instrumento que permita ao usuario de servizos de pagamento almacenar a información que lle foi transmitida persoalmente, de maneira facilmente accesible para a súa futura consulta, durante un período de tempo adecuado para os fins desa información, e que permita a reprodución sen cambios da información almacenada.

42. Sucursal: un centro de actividade, distinto da administración central, que constitúe unha parte dunha entidade de pagamento, desprovisto de personalidade xurídica, e que efectúa directamente todas ou algunhas das operacións inherentes á actividade da entidade de pagamento. Todos os centros de actividade establecidos nun mesmo Estado membro por unha entidade de pagamento cuxa administración central estea noutro Estado membro consideraranse unha única sucursal.

43. Tipo de cambio de referencia: tipo de cambio empregado como base para calcular calquera cambio de divisas, xa sexa facilitado polo fornecedor do servizo de pagamento ou proceda dunha fonte accesible ao público.

44. Tipo de xuro de referencia: tipo de xuro empregado como base para calcular xuros que deban aplicarse e procedente dunha fonte accesible ao público que poida ser verificada polas dúas partes nun contrato de servizos de pagamento.

45. Transferencia: servizo de pagamento destinado a efectuar un aboamento nunha conta de pagamento dun beneficiario mediante unha operación de pagamento ou unha serie de operacións de pagamento con cargo a unha conta de pagamento dun ordenante polo fornecedor de servizos de pagamento que mantén a conta de pagamento do ordenante, e prestado sobre a base das instrucións dadas polo ordenante.

46. Usuario de servizos de pagamento: a persoa física ou xurídica que fai uso dun servizo de pagamento, xa sexa como ordenante, beneficiario ou ambos.

#### Artigo 4. *Exclusións á aplicación.*

Este real decreto lei non se aplicará ás seguintes actividades:

- a) as operacións de pagamento efectuadas exclusivamente en efectivo e directamente do ordenante ao beneficiario, sen intervención de ningún intermediario;
- b) as operacións de pagamento do ordenante ao beneficiario a través dun axente comercial autorizado mediante acordo para negociar ou concluír a compra ou venda de bens ou servizos por conta exclusiva do ordenante ou do beneficiario;
- c) o transporte físico, como actividade profesional, de billetes e moedas, incluídos a súa recolla, tratamento e entrega;
- d) as operacións de pagamento consistentes na recolla e entrega non profesionais de diñeiro en efectivo realizadas no marco de actividades non lucrativas ou benéficas;
- e) os servizos en que o beneficiario proporciona diñeiro en efectivo ao ordenante como parte dunha operación de pagamento, por instancia expresa do usuario do servizo de pagamento inmediatamente antes da execución dunha operación de pagamento, mediante o pagamento destinado á compra de bens ou servizos;
- f) as operacións de troco de divisas «efectivo por efectivo» (troco de billetes), en que os fondos non se manteñan nunha conta de pagamento;
- g) as operacións de pagamento realizadas por medio de calquera dos seguintes documentos xirados contra un fornecedor de servizos de pagamento a fin de pór fondos á disposición do beneficiario:

1.º Cheques en papel regulados polo Convenio de Xenebra do 19 de marzo de 1931 que establece unha lei uniforme sobre cheques,

2.º Cheques en papel similares aos mencionados no inciso anterior e regulados polo dereito de Estados membros que non sexan parte no Convenio de Xenebra do 19 de marzo de 1931 que establece unha lei uniforme sobre cheques,

3.º Efectos en papel conforme o Convenio de Xenebra do 7 de xuño de 1930 que establece unha lei uniforme sobre letras de cambio e obrigas de pagamento,

4.º Efectos en papel similares aos mencionados no inciso anterior e regulados polo dereito dos Estados membros que non sexan parte no Convenio de Xenebra do 7 de xuño de 1930 que establece unha lei uniforme sobre letras de cambio e obrigas de pagamento,

5.º Vales en papel,

6.º Cheques de viaxe en papel,

7.º Xiros postais en papel, segundo a definición da Unión Postal Universal;

h) as operacións de pagamento realizadas por medio dun sistema de compensación e liquidación de pagamentos ou valores ou entre axentes de compensación e liquidación, entidades de contrapartida central, cámaras de compensación ou bancos centrais e outros participantes no sistema, e provedores de servizos de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 8;

i) as operacións de pagamento relacionadas coa xestión de carteiras, incluíndo dividendos, réditos ou outras distribucións, ou con amortizacións ou vendas, realizadas por persoas mencionadas na alínea h) ou por empresas de servizos de investimento, entidades de crédito, institucións de investimento colectivo e as súas xestoras, plans e fondos de pensións e as súas xestoras e calquera outra entidade autorizada para custodiar instrumentos financeiros;

j) os servizos prestados por provedores de servizos técnicos como soporte á prestación de servizos de pagamento, sen que eses provedores cheguen a estar en ningún momento en posesión dos fondos que deban transferirse, incluídos o tratamento e almacenamento de datos, os servizos de confianza e de protección da intimidade, a autenticación de datos e entidades, o fornecemento de tecnoloxía da información e o fornecemento de redes de comunicación, fornecemento e mantemento de terminais e dispositivos empregados para os servizos de pagamento, con exclusión dos servizos de iniciación de pagamentos e servizos de información sobre contas;

k) os servizos baseados en instrumentos de pagamento específicos que só se poden utilizar de forma limitada e que cumpran algunha das condicións seguintes:

1.º Instrumentos que permiten ao titular adquirir bens ou servizos unicamente nos locais do emisor ou dentro dunha rede limitada de provedores de servizos en virtude dun acordo comercial directo cun emisor profesional, de acordo coas condicións que se establezan regulamentariamente;

2.º Instrumentos que unicamente poden utilizarse para adquirir unha gama moi limitada de bens ou servizos;

3.º Instrumentos cuxa validez está limitada ao territorio nacional, facilitados a petición dunha empresa ou entidade do sector público, que están regulados por unha autoridade pública con fins sociais ou fiscais específicos e que serven para adquirir bens e servizos concretos de provedores que subscribiron un acordo comercial co emisor.

l) as operacións de pagamento dun provedor de redes ou servizos de comunicación electrónica, incluíndo operacións entre persoas distintas do provedor e o subscritor, efectuadas con carácter adicional á prestación de servizos de comunicación electrónica en favor dun subscritor da rede ou servizo:

1.º para a compra de contido dixital e servizos de voz, con independencia do dispositivo utilizado para a dita compra ou consumo do contido dixital e cargadas na factura correspondente, ou

2.º realizadas desde ou a través dun dispositivo electrónico e cargadas na factura correspondente, no marco dunha actividade benéfica ou para a encarga, adquisición ou validación de billetes ou entradas de servizos de transporte, entretemento, aparcadoiro, espectáculos e calquera outro que se determine regulamentariamente, excluídos os bens

físicos, sempre que ningunha operación de pagamento a que se refiren os incisos 1.º e 2.º supere a contía de 50 euros e cumpra unha das condicións seguintes:

- i. Que o importe acumulado das operacións de pagamento dun subscritor non exceda 300 euros ao mes, ou
- ii. Que, en caso de que o subscritor teña un contrato de prepago co fornecedor da rede ou servizo de comunicación electrónica, o importe acumulado das operacións de pagamento non exceda 300 euros ao mes;
- m) as operacións de pagamento efectuadas entre provedores de servizos de pagamento, os seus axentes ou sucursais por conta propia;
- n) as operacións de pagamento e servizos conexos entre as empresas dun mesmo grupo sen intermediación ningunha dun provedor de servizos de pagamento distinto da dounha empresa que pertenza ao mesmo grupo;
- ñ) os servizos de retirada de efectivo en caixeiros automáticos prestados polos provedores que actúen en nome dun ou varios emisores de tarxetas e que non sexan parte do contrato marco co usuario de servizos de pagamento que retire diñeiro dunha conta de pagamento, sempre que os provedores non presten outros servizos de pagamento mencionados no artigo 1.2. Non obstante, deberase facilitar ao cliente a información relativa a toda comisión ou gasto aplicable á retirada de fondos con anterioridade á dita retirada, así como á recepción do efectivo unha vez levada a cabo a operación, todo isto no marco do previsto nos artigos 29 e 30 e nas súas normas de desenvolvemento respecto dos gastos aplicables ás operacións de pagamento singulares e aos servizos de troco de divisa, incluíndo a información relativa ao tipo de troco que se empregará para a conversión da operación de pagamento.

#### Artigo 5. *Reserva de actividade.*

1. Sen prexuízo das disposicións establecidas para a prestación de servizos transfronteirizos no artigo 22 deste real decreto lei por outros provedores de servizos de pagamento da Unión Europea, só poderán prestar, con carácter profesional, os servizos de pagamento relacionados no artigo 1 as seguintes categorías de provedores de servizos de pagamento:

- a) As entidades de crédito a que se refire o artigo 1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, incluídas as sucursais en España de entidades de crédito estranxeiras, tanto se as administracións centrais desas sucursais están situadas no interior da Unión Europea como se o están fóra dela.
- b) As entidades de diñeiro electrónico a que se refire o artigo 2.1 b) da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico, incluídas as sucursais en España de entidades de diñeiro electrónico estranxeiras, tanto se as administracións centrais desas sucursais están situadas no interior da Unión Europea como se o están fóra de ela, na medida en que os servizos de pagamento prestados polas sucursais estean vinculados á emisión de diñeiro electrónico.
- c) As entidades de pagamento reguladas no título I e as entidades acollidas ao establecido nos artigos 14 e 15.
- d) A Sociedade Estatal de Correos e Telégrafos, S.A., respecto dos servizos de pagamento para cuxa prestación se encontra facultada en virtude da súa normativa específica.

2. Para os efectos deste real decreto lei, tamén se considerarán provedores de servizos de pagamento, cando non actúen na súa condición de autoridades públicas:

- a) o Banco Central Europeo, o Banco de España e os demais bancos centrais nacionais;
- b) a Administración xeral do Estado, as comunidades autónomas e as entidades locais.

3. Prohíbese prestar calquera dos servizos de pagamento enumerados no artigo 1 a toda persoa física ou xurídica que non sexa fornecedor de servizos de pagamento nin estea explicitamente excluída do ámbito de aplicación deste real decreto lei.

#### Artigo 6. *Deber de notificación.*

1. Os fornecedores de servizos de pagamento que exerzan algunha das actividades mencionadas no artigo 4, alínea k), incisos 1.º ou 2.º, ou que exerzan as dúas actividades, e que executasen nos 12 meses precedentes operacións de pagamento por un valor total medio mensual superior a un millón de euros deberán enviar anualmente ao Banco de España, ao longo do primeiro trimestre, unha notificación que conteña unha descrición dos servizos ofrecidos e na cal se precise a cales das exclusións mencionadas no artigo 4, alínea k), incisos 1.º ou 2.º, se considera suxeito o exercicio de tal actividade.

Baseándose nesa notificación, o Banco de España adoptará unha decisión motivada, atendendo aos criterios establecidos no artigo 4, alínea k), en caso de que a actividade non cumpra os criterios para ser excluída do ámbito de aplicación do real decreto lei, e informará disto o interesado.

2. As persoas que exerzan algunha das actividades mencionadas no artigo 4, alínea l), deberán enviar anualmente ao Banco de España, ao longo do primeiro trimestre, unha notificación e un informe anual dun experto independente externo que certifique que tal actividade se axusta aos límites indicados no artigo 4, alínea l).

3. O Banco de España informará a Autoridade Bancaria Europea (ABE) das actividades notificadas en virtude dos números 1 e 2, indicando a que exclusión están acollidas esas actividades.

4. A descrición das actividades notificadas conforme os números 1 e 2 farase pública no rexistro sinalado no artigo 13.

#### Artigo 7. *Servizo de información sobre contas.*

Os usuarios de servizos de pagamento terán dereito a recorrer a servizos que permitan acceder á información sobre contas, salvo que non se poida acceder en liña á correspondente conta de pagamento.

A prestación de servizos de información sobre contas non se subordinará á existencia dunha relación contractual para tal fin entre os fornecedores de servizos de información sobre contas e os fornecedores de servizos de pagamento xestores de contas.

#### Artigo 8. *Acceso aos sistemas de pagamento.*

1. As normas de acceso aos sistemas de pagamento dos fornecedores de servizos de pagamento autorizados que sexan persoas xurídicas serán obxectivas, non discriminatorias e proporcionadas e non dificultarán o acceso máis do que sexa necesario para previr riscos específicos, tales como riscos de liquidación, riscos operativos e riscos de explotación, e garantir a estabilidade operativa e financeira do sistema de pagamento.

En particular, os sistemas de pagamento non poderán impor aos fornecedores de servizos de pagamento, aos usuarios de servizos de pagamento ou a outros sistemas de pagamento, ningún dos requisitos seguintes:

- a) normas que restrinxan a participación efectiva noutros sistemas de pagamento;
- b) normas que discriminen entre os fornecedores de servizos de pagamento rexistrados en relación cos dereitos, obrigacións e facultades dos participantes; nin
- c) calquera restrición baseada no estatuto institucional.

2. O número 1 non será aplicable:

- a) aos sistemas de pagamento recoñecidos conforme o disposto na Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores;

b) aos sistemas de pagamento integrados exclusivamente por provedores de servizos de pagamento que pertencen a un grupo.

Para efectos do previsto no número 1.a), cando un participante nun sistema de pagamento recoñecido permita cursar ordes de transferencia a través do sistema a un provedor de servizos de pagamento autorizado ou rexistrado que non participe en tal sistema, o dito participante deberá ofrecer esta mesma posibilidade de maneira obxectiva, proporcionada e non discriminatoria, logo de solicitude, a outros provedores de servizos de pagamento autorizados ou rexistrados conforme o número 1. En caso de denegación, o participante exporá ao provedor de servizos de pagamento solicitante os motivos detallados dela.

3. Os números 1.b) e c) non serán aplicables aos sistemas de pagamento en que un único provedor de servizos de pagamento, xa sexa como entidade única ou como grupo, actúe ou poida actuar como provedor do servizo de pagamento do ordenante e do beneficiario e sexa responsable exclusivo da xestión do sistema.

4. Os sistemas de pagamento a que sexa de aplicación o número 1, que teñan a súa administración central en España ou que estean xestionados por unha sociedade ou entidade española, estarán obrigados a comunicar ao Banco de España as súas normas de acceso. O Banco de España fará públicos os sistemas de pagamento que lle comunicasen aquelas normas.

5. O Banco de España, en exercicio das súas funcións de vixilancia do funcionamento dos sistemas de pagamento, encargarse de supervisar o cumprimento do establecido neste artigo, para o que resulta de aplicación o establecido no artigo 16 da Lei 13/1994, do 1 de xuño, de autonomía do Banco de España.

#### Artigo 9. *Acceso a contas abertas en entidades de crédito.*

As entidades de pagamento terán acceso aos servizos de contas de pagamento das entidades de crédito de forma obxectiva, non discriminatoria e proporcionada. Este acceso será o suficientemente amplo como para permitir que as entidades de pagamento presten servizos de pagamento sen obstáculos e con eficiencia.

En caso de denegación por unha entidade de crédito da solicitude de apertura dunha conta de pagamento por parte dunha entidade de pagamento ou da resolución unilateral por unha entidade de crédito do contrato marco dunha entidade de pagamento, a entidade de crédito remitirá de forma inmediata ao Banco de España e á entidade de pagamento a decisión debidamente motivada e baseada, en particular, nunha análise dos riscos específicos da entidade de pagamento concreta de que se trate ou na falta de adecuación aos criterios obxectivos, non discriminatorios e proporcionados que a entidade de crédito tivese feito públicos de forma previa e xeral.

## TÍTULO I

### Réxime xurídico das entidades de pagamento

#### Artigo 10. *Entidade de pagamento e actividades.*

1. A denominación «entidade de pagamento», así como a súa abreviatura «EP», quedará reservada ás entidades definidas no artigo 3.15, as cales poderán incluílas na súa denominación social, na forma en que regulamentariamente se determine.

2. As entidades de pagamento non poderán levar a cabo a captación de depósitos ou outros fondos reembolsables do público na forma prevista no artigo 3.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, nin emitir diñeiro electrónico. Os fondos recibidos polas ditas entidades dos usuarios de servizos de pagamento para a prestación de servizos de pagamento non constituirán depósitos, diñeiro electrónico ou outros fondos reembolsables.

#### Artigo 11. *Autorización.*

1. A autorización para operar como entidade de pagamento poderá abranguer todos ou algún dos servizos de pagamento citados no artigo 1.2, sen prexuízo do disposto no artigo 15 para o caso de que se preste unicamente o servizo previsto na alínea h) do artigo 1.2.

2. Corresponderá ao Banco de España, logo de informe do servizo executivo da Comisión de prevención do branqueo de capitais e infraccións monetarias nos aspectos da súa competencia, autorizar a creación das entidades de pagamento. A solicitude de autorización deberá ser resolta dentro dos tres meses seguintes á súa recepción ou no momento en que se complete a documentación necesaria para adoptar a decisión. A solicitude de autorización entenderase desestimada por silencio administrativo se, transcorrido ese prazo máximo, non se notificou resolución expresa, sen prexuízo do deber de ditar resolución expresa e notificala. A denegación da autorización deberá ser motivada.

O réxime de autorización das entidades de pagamento orientarase ao mantemento do maior nivel posible de competencia na prestación de servizos de pagamento e o procedemento de autorización estará presidido polos principios de celeridade, antiformalista e de economía procedemental.

O Banco de España comunicará á Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional a apertura do procedemento de autorización, indicando os elementos esenciais do expediente que se ha tramitar, e a súa finalización, así como calquera outra información que regulamentariamente se determine.

2. Os requisitos exixibles para a autorización serano tamén, nos termos que se indiquen regulamentariamente, para conserva-la.

3. A autorización de entidades de pagamento requirirá que a súa administración central, o seu domicilio social e unha parte das súas actividades de prestación de servizos de pagamento se encontren en España.

4. Facúltase o Goberno para establecer o réxime xurídico aplicable á autorización, rexistro, condicións e ámbito xeográfico do exercicio da actividade das entidades de pagamento, en particular, as exixencias de fondos propios e garantías, seguranza e control de riscos, así como os requisitos dos cales poidan quedar exceptuados en función da súa actividade, tamaño e volume de operacións.

5. En caso de que se produza calquera cambio que afecte a exactitude da información e a documentación achegada no procedemento de autorización, a entidade de pagamento informará disto sen demora o Banco de España.

#### Artigo 12. *Denegación da autorización.*

A autorización para operar como entidade de pagamento denegarase cando:

a) A entidade de pagamento careza de procedementos de goberno corporativo adecuados, incluída unha boa organización administrativa e contable ou de procedementos de control interno idóneos que garantan a xestión sa e prudente da entidade.

Para estes efectos, as entidades de pagamento disporán, en condicións proporcionadas ao carácter, escala e complexidade das súas actividades, dunha estrutura organizativa adecuada, con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes, así como de procedementos eficaces de identificación, xestión, control e comunicación dos riscos a que estean ou poidan estar expostos, xunto con mecanismos adecuados de control interno, incluídos procedementos administrativos e contables sólidos. Tales métodos, procedementos e mecanismos serán exhaustivos e proporcionados á natureza, escala e complexidade da actividade desenvolvida pola entidade.

b) Se, atendendo á necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade, non se considera adecuada a idoneidade dos accionistas que vaian ter unha participación significativa. Entre outros factores, a idoneidade apreciarase en función:

1.º Da honorabilidade comercial e profesional dos accionistas, conforme o artigo 24.3.a) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de

entidades de crédito e o seu desenvolvemento regulamentario. Esta honorabilidade presumirase cando os accionistas sexan administracións públicas.

2.º Dos medios patrimoniais con que contan os ditos accionistas para atender os compromisos asumidos.

3.º Da falta de transparencia na estrutura do grupo a que eventualmente poida pertencer a entidade, ou a existencia de graves dificultades para inspeccionar ou obter a información necesaria sobre o desenvolvemento das súas actividades.

c) Os seus administradores e directores xerais responsables da xestión e dos servizos de pagamento non teñan a honorabilidade comercial e profesional requirida, conforme o artigo 24.3.a) da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, ou carezan da experiencia ou os coñecementos mínimos necesarios.

d) Existan vínculos estreitos, segundo se definen no artigo 4, número 1, punto 38, do Regulamento (UE) 575/2013, entre a entidade de pagamento e outras persoas físicas ou xurídicas, que obstaculicen o exercicio efectivo das funcións de supervisión.

e) O bo exercicio da función de supervisión se vexa obstaculizado polas disposicións legais, regulamentarias ou administrativas do dereito dun terceiro país, aplicables a unha ou varias das persoas físicas ou xurídicas con que a entidade de pagamento manteña vínculos estreitos, ou por problemas relacionados coa aplicación das ditas disposicións legais, regulamentarias ou administrativas.

f) Incumpra os requisitos de capital social mínimo.

g) A información e as probas que acompañen a solicitude non obteñan unha valoración favorable respecto do cumprimento de todos os requisitos establecidos neste real decreto lei ou no seu desenvolvemento regulamentario para a autorización das entidades de pagamento.

#### Artigo 13. *Rexistro.*

1. Unha vez obtida a autorización e após a súa constitución e inscrición no Rexistro Mercantil, as entidades de pagamento deberán, antes de iniciaren as súas actividades, quedar inscritas no rexistro especial do Banco de España. Nese rexistro faranse constar os servizos de pagamento para os cales se habilitou cada entidade de pagamento, os seus axentes, os países en que pretenda actuar, así como, se for o caso, a revogación da súa autorización e aquela información que se estableza regulamentariamente.

2. Igualmente, figurarán inscritas no dito rexistro as persoas físicas ou xurídicas que desfruten das exclusións de autorización previstas nas alíneas k), incisos 1.º ou 2.º, e l) do artigo 4, así como, se for o caso, a revogación da exención. O Banco de España notificará á Autoridade Bancaria Europea a información que consigne neste rexistro e será responsable da súa exactitude. O rexistro será público e accesible a través da internet.

#### Artigo 14. *Réxime de exención das entidades de pagamento.*

1. As persoas físicas ou xurídicas que presten os servizos de pagamento enumerados nas alíneas a) a f) do artigo 1.2 quedarán exentas do réxime previsto neste título, ben que deberán inscribirse, logo de verificación polo Banco de España dos requisitos recollidos neste artigo, no rexistro especial a que se refire o artigo 13, e seralles de aplicación o previsto nos artigos 20, 23, 26, e 27, sempre que:

a) o valor total medio das operacións de pagamento executadas nos 12 meses precedentes pola persoa de que se trate, incluídos os posibles axentes con respecto aos cales asume plena responsabilidade, non exceda 3.000.000 euros mensuais. Este requisito avaliarase con respecto á contía total das operacións de pagamento prevista no seu plan de negocios, a menos que o Banco de España exixa a modificación do dito plan, e

b) ningunha das persoas físicas responsables da xestión ou do exercicio da actividade fose condenada por delitos de branqueo de capitais ou financiamento do terrorismo ou outros delitos de carácter financeiro.

2. Toda persoa acollida ao réxime de rexistro de conformidade co número anterior:
  - a) Estará obrigada a fixar a súa administración central ou lugar de residencia en España.
  - b) Será tratada como entidade de pagamento, ben que non poderá exercer os dereitos de establecemento e libre prestación de servizos no territorio da Unión Europea.
  - c) Comunicará ao Banco de España todo cambio da súa situación que atinxa ás condicións especificadas no número 1.
  - d) Deberá solicitar a autorización prevista no artigo 11 no prazo de 30 días naturais contados desde o momento en que o valor total medio das operacións de pagamento executadas nos 12 meses precedentes exceda 3.000.000 euros mensuais.
3. O Banco de España poderá revogar a inclusión das persoas sinaladas no número 1 no rexistro cando deixen de cumprirse as condicións establecidas neste artigo. Esta revogación será inscrita no rexistro e notificada, de forma motivada, á Autoridade Bancaria Europea.
4. O Banco de España informará anualmente o Ministerio de Economía e Empresa do número de persoas físicas e xurídicas a que aplique o réxime previsto neste artigo e comunicará o valor total das operacións de pagamento executadas a 31 de decembro de cada ano natural, de acordo co sinalado no número 1.a).
5. O réxime de rexistro previsto neste artigo entenderase sen prexuízo do cumprimento da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo e o seu desenvolvemento regulamentario.
6. Facúltase o Goberno para establecer o réxime xurídico aplicable ao rexistro e condicións do exercicio da actividade das persoas a que se refire o número 1.

**Artigo 15. Entidades prestadoras do servizo de información sobre contas.**

1. As entidades prestadoras do servizo de información sobre contas suxeitaranse, na forma que se determine regulamentariamente, ao procedemento de inscrición no rexistro especial do Banco de España a que se refire o artigo 13. Nese rexistro figurarán, ademais das entidades prestadoras do servizo de información sobre contas, os seus axentes e sucursais noutros Estados.

As entidades prestadoras do servizo de información sobre contas serán tratadas como entidades de pagamento, ben que non lles será de aplicación o previsto nos artigos 10.1, 11, 12, 14, 16.1, 17, 18, 19, 20 e 21 e os títulos II e III, salvo o establecido nos artigos 29, 39, 41 e 66 a 68 na forma que regulamentariamente se determine, nin estarán suxeitas ás obrigacións establecidas na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo e o seu desenvolvemento regulamentario.

2. As entidades prestadoras do servizo de información sobre contas terán a súa administración central, o seu domicilio social ou, se for o caso, o seu lugar de residencia e unha parte das súas actividades de prestación de servizos de pagamento en España.

Os requisitos exigibles para o rexistro serano tamén, nos termos que se indiquen regulamentariamente, para conservalo. En caso de que se produza calquera cambio que afecte a exactitude da información e a documentación achegada na solicitude de rexistro como entidade prestadora do servizo de información sobre contas, a entidade informará disto sen demora o Banco de España.

3. Facúltase o Goberno para establecer o réxime xurídico aplicable ao rexistro, condicións e ámbito xeográfico do exercicio da actividade das entidades prestadoras do servizo de información sobre contas. O réxime de rexistro de entidades prestadoras do servizo de información sobre contas orientarase ao mantemento do maior nivel posible de competencia na prestación de servizos de pagamento e o procedemento de rexistro estará presidido polos principios de celeridade, antiformalista e de economía procedemental.



## Artigo 16. *Seguro de responsabilidade civil profesional ou garantía equivalente.*

1. As entidades de pagamento que soliciten autorización para prestaren os servizos de pagamentos sinalados no artigo 1.2.g) estarán obrigadas, como condición para a súa autorización, a ter un seguro de responsabilidade civil profesional que cubra os territorios en que ofrezan servizos, ou algunha outra garantía equivalente, a xuízo do Banco de España, de que poden facer fronte ás responsabilidades a que se refiren os artigos 45, 61 e 63.

2. As entidades prestadoras do servizo de información sobre contas quedarán obrigadas, como condición para o seu rexistro, a teren un seguro de responsabilidade civil profesional, que cubra os territorios en que ofrezan servizos, ou algunha outra garantía equivalente, a xuízo do Banco de España, de que poden facer fronte ás responsabilidades que lles incumben respecto do fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta ou do usuario de servizos de pagamento, derivadas do acceso non autorizado ou fraudulento a información da conta de pagamento ou da utilización non autorizada ou fraudulenta desa información.

3. O Banco de España poderá determinar os criterios que deban utilizarse para estipular o importe mínimo do seguro de responsabilidade civil profesional ou outra garantía equivalente a que se refiren os números 1 e 2.

## Artigo 17. *Réxime de control de participacións significativas.*

1. Para os efectos deste real decreto lei entenderase por participación significativa nunha entidade de pagamento aquela que alcance, de forma directa ou indirecta, ao menos o 10 por cento do capital ou os dereitos de voto da entidade, e aquelas que, sen chegaren á porcentaxe sinalada, permitan exercer unha influencia notable na entidade. Poderase determinar regulamentariamente, considerando as características dos distintos tipos de entidades de pagamentos, cando se deberá presumir que unha persoa física ou xurídica pode exercer unha influencia notable.

2. As entidades de pagamento deberán comunicar ao Banco de España, na forma e prazos que este estableza, a información sobre a súa estrutura de capital.

Toda persoa física ou xurídica que, por si soa ou actuando de forma concertada con outras, decidise adquirir ou incrementar, directa ou indirectamente, unha participación significativa no senso do artigo 4, número 1, punto 36, do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, nunha entidade de pagamento, de tal maneira que a proporción de dereitos de voto ou de capital posuída pase a ser igual ou superior ao 20, 30 ou 50 por cento, ou que, en virtude da adquisición, poida chegar a controlar a entidade de pagamento, deberá notificar a súa intención previamente e por escrito ao Banco de España, indicando a contía da participación prevista e incluíndo toda a información que for pertinente a xuízo do Banco de España. Esta información deberá ser pertinente para a avaliación, e proporcional e adecuada á natureza do adquirente potencial e da adquisición proposta. O anterior aplicarase, así mesmo, a toda persoa física ou xurídica que decida desfacerse, directa ou indirectamente, dunha participación significativa ou reducila de tal maneira que a proporción de dereitos de voto ou de capital posuída pase a ser inferior ao 20, 30 ou 50 por cento, ou que poida deixar de ter o control efectivo da entidade de pagamento.

3. No caso de que o control dunha entidade de pagamento vaia ser exercido por unha persoa física ou xurídica, trátase ou non dunha entidade regulada, domiciliada ou autorizada nun país que non sexa membro da Unión Europea, caberá exixir dos que a controlen a prestación dunha garantía, nos termos que prevexa o Banco de España, que alcance a totalidade das actividades de pagamento da entidade que se pretende crear.

4. Para os efectos deste artigo, entenderase que existe control cando concorra algún dos supostos previstos no artigo 42 do Código de comercio.

5. Sen prexuízo do previsto neste artigo, ás entidades de pagamento resultarlles de aplicación o réxime en materia de participacións significativas previsto para as entidades de crédito no título I, capítulo III, da Lei 10/2014, do 26 de xuño, no título I, capítulo II,

do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, e nas súas normas de desenvolvemento, coas especialidades que regulamentariamente poidan establecerse.

6. As medidas de intervención e de substitución previstas no artigo 20 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia das entidades de crédito, poderán aplicarse ás entidades de pagamento.

*Artigo 18. Revogación da autorización das entidades de pagamento e do rexistro das entidades reguladas nos artigos 14 e 15.*

1. A autorización concedida a unha entidade de pagamento e o rexistro das entidades reguladas nos artigos 14 e 15 soamente poderá ser revogado, motivadamente, nos seguintes supostos:

- a) Se non fai uso da autorización ou rexistro nun prazo de doce meses.
- b) Se interrompe de feito as actividades autorizadas ou rexistradas durante un período superior a seis meses.
- c) Se se acredita que obtivo a autorización ou rexistro por medio de declaracións falsas ou por outro medio irregular.
- d) Se incumpre as condicións que motivaron a autorización ou rexistro ou non informa o Banco de España de todo cambio significativo a este respecto.
- e) Por incumprimento das previsións do artigo 16 sobre o seguro de responsabilidade civil ou outra garantía comparable.
- f) Por renuncia expresa á autorización ou rexistro.
- g) Cando poida constituír unha ameaza para a estabilidade do sistema de pagamentos ou pór en perigo a confianza nel en caso de seguir prestando servizos de pagamento.
- h) Como sanción.

A revogación poderá referirse a todos ou soamente a algúns dos servizos de pagamento previamente autorizados ou rexistrados. Neste último caso, a autorización ou rexistro permanecerá vixente aínda que limitada aos servizos de pagamento restantes. Esta circunstancia farase constar nos rexistros correspondentes.

2. O Banco de España será competente para acordar a revogación. A revogación da autorización ou rexistro estará suxeita ao mesmo procedemento previsto para a autorización ou rexistro, coas especialidades que regulamentariamente poidan establecerse.

3. Cando o Banco de España teña coñecemento de que a unha entidade de pagamento ou unha entidade prestadora do servizo de información sobre contas doutro Estado membro que opera en España lle foi revogada a súa autorización ou rexistro, acordará de inmediato as medidas pertinentes para que a entidade non inicie novas actividades de pagamento, así como para salvagardar os intereses dos usuarios de pagamento.

4. A revogación farase constar en todos os rexistros públicos correspondentes e, tan pronto como sexa notificada á entidade, carretará a imposibilidade de iniciar novas operacións de pagamento naqueles servizos de pagamento que sexan obxecto de revogación, sen prexuízo da execución das xa iniciadas. Igualmente, a entidade de pagamento cuxa autorización sexa revogada deberá suprimir inmediatamente da súa denominación social a expresión «entidade de pagamento» se se incluíu nela.

5. Cando se acordase a revogación da autorización dunha entidade de pagamento ou o rexistro dunha entidade prestadora do servizo de información sobre contas, o Banco de España informará disto as autoridades supervisoras competentes dos Estados membros onde aquela actúe en réxime de liberdade de establecemento e de libre prestación de servizos.

Artigo 19. *Capital e fondos propios.*

1. As entidades de pagamento deberán manter en todo momento un capital inicial que inclúa un ou máis dos elementos a que se refire o artigo 26, número 1, alíneas a) a e), do Regulamento (UE) n.º 575/2013, conforme o seguinte:

- a) en caso de que a entidade de pagamento só preste o servizo de pagamento a que se refire o artigo 1.2.f), o seu capital non será en ningún momento inferior a 20.000 EUR;
- b) en caso de que a entidade de pagamento preste o servizo de pagamento a que se refire o artigo 1.2.g), o seu capital non será en ningún momento inferior a 50.000 EUR;
- c) en caso de que a entidade de pagamento preste calquera dos servizos de pagamento a que se refiren as alíneas a) a e) do artigo 1.2, o seu capital non será en ningún momento inferior a 125.000 EUR.

Ademais do capital mínimo exixible, as entidades de pagamento que presten todos ou algún dos servizos recollidos nas alíneas a) a f) do artigo 1.2 deberán manter en todo momento un volume suficiente de fondos propios en relación cos indicadores de negocio, de conformidade co método que estas elixan de entre os que se establezan regulamentariamente.

2. En relación coas obrigacións mencionadas no número anterior, o Banco de España:

a) Poderá exceptuar as entidades de pagamento que estean incluídas na supervisión consolidada da entidade de crédito matriz en virtude da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, do cumprimento individual das exixencias de fondos propios establecidas cando se satisfagan as condicións recollidas no artigo 7 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013.

b) Poderá exixir, sobre a base da avaliación dos procesos de xestión do risco, da base de datos dos riscos de perdas e dos mecanismos de control internos da entidade de pagamento, que a entidade de pagamento posúa unha cifra de fondos propios até un 20 por cento superior, ou permitir que a entidade de pagamento posúa unha cifra de fondos propios até un 20 por cento inferior á que resulte das exixencias mínimas de capital requiridas á entidade conforme as normas do número 1 deste precepto.

c) Adoptará as medidas necesarias para impedir o uso múltiple dos elementos que poidan considerarse como fondos propios cando a entidade de pagamento pertenza ao mesmo grupo doutra entidade de pagamento, entidade de crédito, empresa de investimento, empresa de xestión de activos ou empresa de seguros. O presente punto aplicarase tamén cando unha entidade de pagamento teña carácter híbrido e realice actividades distintas da prestación de servizos de pagamento. En particular, o Banco de España poderá exixir o cumprimento a nivel consolidado ou subconsolidado dos requirimentos do número 1, que as participacións das ditas entidades se deduzan para o cálculo dos fondos propios ou se inclúan ponderadas de maneira adecuada para o cálculo dos requirimentos de capital ou que se adopte calquera outra medida adecuada.

d) Poderá adoptar as medidas necesarias para garantir a existencia de capital suficiente para os servizos de pagamento, en particular, cando as actividades da entidade de pagamento en relación con servizos distintos dos pagamentos prexudiquen ou poidan prexudicar a súa solidez financeira.

3. Cando unha entidade de pagamento non alcance os niveis mínimos de fondos propios establecidos de conformidade con este artigo, a entidade deberá destinar á formación de reservas as porcentaxes dos seus beneficios ou excedentes líquidos que regulamentariamente se determinen, sometendo para tal efecto a súa distribución á autorización previa do Banco de España.

#### Artigo 20. *Actividades.*

1. Ademais da prestación dos servizos de pagamento que se mencionan no artigo 1.2 deste real decreto lei, as entidades de pagamento estarán habilitadas para levar a cabo as seguintes actividades:

- a) a prestación de servizos operativos ou servizos auxiliares estreitamente relacionados, tales como a garantía da execución de operacións de pagamento, servizos de troco de divisas, actividades de custodia e almacenamento e tratamento de datos;
- b) a xestión de sistemas de pagamento, sen prexuízo do disposto no artigo 8;
- c) as actividades empresariais distintas da prestación de servizos de pagamento, conforme a lexislación nacional e da Unión Europea aplicable.

Non obstante, cando unha entidade de pagamento que realice os servizos sinalados nas alíneas a) a g) do artigo 1.2 realice simultaneamente outras actividades económicas distintas dos servizos de pagamento, e tales actividades prexudiquen ou poidan prexudicar a solidez financeira da entidade de pagamento ou poidan crear graves dificultades para o exercicio da súa supervisión, o Banco de España poderá exixirlle que constitúa unha entidade separada para a prestación dos servizos de pagamento.

2. As entidades de pagamento unicamente poderán manter contas de pagamento que se utilicen de forma exclusiva para operacións de pagamento. Estas contas quedarán suxeitas ás restantes limitacións operativas que regulamentariamente se determinen para asegurar a súa finalidade.

3. As entidades de pagamento poderán conceder créditos en relación cos servizos de pagamento mencionados nas alíneas d) e e) do artigo 1.2 unicamente se se cumpren as seguintes condicións:

- a) Que non constitúa a súa actividade principal e se trate dun crédito concedido exclusivamente en relación coa execución dunha operación de pagamento, sen prexuízo do disposto na normativa de crédito ao consumo respecto á concesión de créditos mediante tarxeta de crédito;
- b) Que o crédito concedido en relación co pagamento, executado conforme o artigo 22, sexa reembolsado dentro dun prazo curto que, en ningún caso, supere os doce meses;
- c) Que o crédito non se conceda con cargo aos fondos recibidos ou en posesión para efectos da execución dunha operación de pagamento; e,
- d) Que os fondos propios da entidade de pagamento sexan en todo momento adecuados, conforme os criterios que para tal efecto estableza o Banco de España, tendo en conta a contía total dos créditos concedidos.

#### Artigo 21. *Protección dos fondos dos usuarios de servizos de pagamento.*

1. As entidades de pagamento que presten os servizos de pagamento a que se refiren as alíneas a) a f) do artigo 1.2 protexerán os fondos recibidos dos usuarios de servizos de pagamento ou recibidos a través doutro fornecedor de servizos de pagamento para a execución das operacións de pagamento, suxeitándose a un dos dous procedementos seguintes:

a) Os fondos non se confundirán en ningún momento cos fondos de ningunha persoa física ou xurídica que non sexan usuarios de servizos de pagamento en cuxo nome se dispón dos fondos e, en caso de que aínda estean en posesión da entidade de pagamento e aínda non se entregasen ao beneficiario ou non se transferisen a outro fornecedor de servizos de pagamento ao final do día hábil seguinte ao día en que se recibiron os fondos, depositaranse nunha conta separada nunha entidade de crédito ou investiranse en activos seguros, líquidos e de baixo risco nos termos que se establezan regulamentariamente.

Unha vez depositados os fondos nunha conta separada, os fondos quedarán protexidos e os usuarios de servizos de pagamento, en caso de concurso da entidade de

pagamento, gozarán dun dereito absoluto de separación sobre as contas e activos mencionados no parágrafo precedente, con respecto a posibles reclamacións doutros acredores da entidade de pagamento.

b) Os fondos estarán cubertos por unha póliza de seguro ou outra garantía comparable dunha compañía de seguros ou dunha entidade de crédito que non pertenza ao mesmo grupo que a propia entidade de pagamento, por unha cantidade equivalente á que tería sido separada en caso de non existir a póliza de seguro ou outra garantía comparable, que se fará efectiva en caso de que a entidade de pagamento sexa incapaz de facer fronte ás súas obrigacións financeiras.

O procedemento adoptado pola entidade farase público na forma que se determine regulamentariamente e figurará no rexistro especial a que se refire o artigo 13.

2. En caso de que unha entidade destine unha fracción dos fondos aos cales se refire o número anterior a operacións de pagamento futuras, e o resto se utilice para servizos distintos dos servizos de pagamento, a fracción destinada a operacións de pagamento futuras tamén estará suxeita aos requisitos establecidos no número 1. En caso de que esa fracción sexa variable ou non se coñeza con anticipación, aplicarase o presente número sobre a base dunha hipótese acerca da fracción representativa que se destinará a servizos de pagamento, sempre que esa fracción representativa poida ser obxecto, á satisfacción do Banco de España, dunha estimación razoable a partir de datos históricos.

*Artigo 22. Solicitude de exercicio do dereito de establecemento e libre prestación de servizos.*

1. Cando unha entidade de pagamento ou unha entidade prestadora do servizo de información sobre contas española pretenda prestar servizos de pagamento por primeira vez noutro Estado membro, ben exercendo o dereito de liberdade de establecemento ou ben en réxime de libre prestación de servizos, deberá comunicalo previamente ao Banco de España, na forma e co contido que este determine. A comunicación irá acompañada, ao menos, da seguinte información:

- a) O nome, o enderezo e o número de rexistro no Banco de España da entidade.
- b) O Estado ou Estados membros en que se propoña operar.
- c) O servizo ou servizos de pagamento que vaian prestarse.
- d) En caso de que a entidade se propoña utilizar axentes, a información sobre eles que regulamentariamente se determine.
- e) En caso de que a entidade se propoña operar a través dunha sucursal, a seguinte información:

1.º) Un plan de negocios que inclúa un cálculo das previsións orzamentarias para os tres primeiros exercicios, que demostre que a entidade poderá empregar sistemas, recursos e procedementos adecuados e proporcionados para operar correctamente, en relación co exercicio de actividades de servizos de pagamento no Estado ou Estados membros en que se propoña operar.

2.º) Unha descrición dos métodos de goberno empresarial e dos mecanismos de control interno da entidade, incluídos procedementos administrativos, de xestión do risco e contables, que demostre que eses métodos de goberno empresarial, mecanismos de control e procedementos son proporcionados, apropiados, sólidos e adecuados, en relación co exercicio de actividades de servizos de pagamento no Estado ou Estados membros en que se propoña operar.

3.º) Unha descrición da estrutura organizativa da sucursal.

4.º) A identidade dos responsables da xestión da sucursal.

Así mesmo, se a entidade se propón externalizar funcións operativas relacionadas cos servizos de pagamento a outras entidades do Estado ou Estados membros en que se propoña operar, deberá informar disto o Banco de España.

Unha vez analizada e valorada de forma positiva a documentación requirida, o Banco de España comunicará toda a información anterior no prazo dun mes contado desde a data en que a recibisen as autoridades competentes do Estado ou Estados membros en que a entidade se propoña operar e informará a entidade de que transmitiu a información.

Se as autoridades competentes do Estado membro de acollida informaren o Banco de España dun motivo razoable de inquietude que lles suscite o proxecto de contratar un axente ou establecer unha sucursal, en particular en relación co branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo para efectos da Directiva (UE) 2015/849, e o Banco de España non estiver de acordo coa avaliación das autoridades competentes do Estado membro de acollida, deberá notificar a estas últimas as razóns da súa decisión.

O Banco de España denegará no prazo máximo de tres meses o rexistro do axente ou a sucursal, ou suprimirá a inscrición no rexistro se xa se tivese practicado, cando a valoración da súa situación, en particular á luz da información recibida das autoridades competentes do Estado membro de acollida, sexa desfavorable.

O axente ou sucursal poderá comezar as súas actividades no correspondente Estado ou Estados membros de acollida unha vez inscrito no rexistro a que se refire o artigo 13.

A entidade notificará ao Banco de España a data a partir da cal comeza a exercer as súas actividades a través do axente ou sucursal no correspondente Estado membro de acollida. O Banco de España informará disto as autoridades competentes do Estado membro de acollida.

As entidades comunicarán sen demora ao Banco de España toda modificación pertinente da información comunicada de conformidade con este punto.

As entidades autorizadas en España que se acollesen, total ou parcialmente, ás exencións permitidas polo artigo 32 da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello do 25 de novembro de 2015, sobre servizos de pagamento no mercado interior, non poderán prestar servizos de pagamento noutro Estado membro da Unión Europea exercendo o dereito de liberdade de establecemento ou en réxime de libre prestación de servizos.

2. As entidades autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea que non se acollesen, total ou parcialmente, ás exencións permitidas polo artigo 32 da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre servizos de pagamento no mercado interior, poderán prestar en España, ben mediante a apertura dunha sucursal, ben en réxime de libre prestación de servizos, directamente ou a través de axentes, os servizos de pagamento referidos no artigo 1.2.

Recibida unha comunicación da autoridade supervisora do Estado membro de orixe da entidade, que conteña, ao menos, a información prevista no número 1 anterior, e cumpridos os demais requisitos que regulamentariamente se determinen, o Banco de España comunicará no prazo dun mes ás autoridades do Estado membro de orixe a información oportuna sobre o proxecto da entidade de prestar servizos de pagamento ao abeiro do exercicio da liberdade de establecemento ou da libre prestación de servizos. En particular, o Banco de España informará as do Estado membro de orixe de todo motivo razoable de inquietude que suscite o proxecto de contratar un axente ou establecer unha sucursal, en particular en relación co branqueo de capitais ou o financiamento do terrorismo para efectos da Directiva (UE) 2015/849.

Se, após as comunicacións entre ambas as autoridades, a autoridade competente do Estado membro de orixe se mostra favorable á solicitude, procederase a inscribir o axente ou a sucursal no correspondente rexistro especial do Banco de España, momento a partir do cal poderá a entidade iniciar as súas actividades en España.

3. Regulamentariamente determinarase a forma de proceder no caso de que a entidade pretenda efectuar cambios que entrañen modificación das informacións comunicadas ao Banco de España.

4. As entidades a que se refire o número 2 deberán respectar no exercicio da súa actividade en España as disposicións ditadas por razóns de interese xeral, xa sexan estas de ámbito estatal, autonómico ou local.

5. Respecto á prestación de servizos de pagamento transfronteirizos polas entidades de crédito, aplicarase o disposto na Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

6. A prestación de servizos de pagamento en terceiros países, mesmo mediante a creación ou adquisición de filiais, quedará suxeita, nos termos que regulamentariamente se determinen, á autorización previa do Banco de España.

7. Os números anteriores entenderanse sen prexuízo das competencias atribuídas ás autoridades supervisoras pola Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo e as súas disposicións de desenvolvemento, e sen prexuízo do disposto no Regulamento (UE) 2015/847 do Parlamento Europeo e do Consello, do 20 de maio de 2015, relativo á información que acompaña as transferencias de fondos e polo que se derroga o Regulamento (CE) n.º 1781/2006.

*Artigo 23. Utilización de axentes e delegación da prestación de funcións das entidades de pagamento e entidades prestadoras do servizo de información sobre contas.*

1. Regulamentariamente fixarase o réxime de actuación e os requisitos que deban reunir os que actúen con carácter habitual como axentes das entidades de pagamento e das entidades prestadoras do servizo de información sobre contas autorizadas en España e as condicións a que estarán sometidos no exercicio da súa actividade, tanto respecto dos que actúen en España como dos das entidades autorizadas en España que actúen noutros países. En particular, a entidade autorizada en España que teña o propósito de prestar servizos de pagamento a través dun axente deberá comunicar ao Banco de España a seguinte información:

- a) nome e domicilio do axente;
- b) unha descrición dos mecanismos de control interno que vaia utilizar o axente a fin de cumprir as obrigacións de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, descrición que se actualizará sen demora en caso de que se introduzan modificacións de importancia nos datos comunicados na notificación inicial;
- c) a identidade dos administradores e persoas responsables da xestión do axente a que vaia recorrerse para a prestación de servizos de pagamento e, para os axentes que non sexan provedores de servizos de pagamento, unha proba da súa honorabilidade e profesionalidade se o axente é unha persoa física, ou da honorabilidade dos seus administradores e persoas responsables da xestión se é unha persoa xurídica;
- d) os servizos de pagamento da entidade que se encomendarán ao axente; e
- e) o número ou código de identificación único do axente, se houber lugar.

2. Nun prazo de dous meses a partir da recepción da información a que se refire o número 1, o Banco de España comunicará á entidade se o axente foi incluído ou non no rexistro a que se refire o artigo 13. Os axentes poderán comezar a prestar servizos de pagamento unha vez inscritos no rexistro.

Se o Banco de España considera que a información que se lle facilitou é incorrecta, tomará as disposicións adicionais oportunas para verificala antes de inscribir o axente no rexistro.

Se, após as disposicións de verificación adoptadas, o Banco de España segue dubidando de que a información que se lle proporcionou en virtude do disposto no número 1 sexa correcta, denegará a inclusión do axente de que se trate no rexistro mencionado no artigo 13 e informará disto a entidade sen demora indebida.

3. Se a entidade desexa prestar servizos de pagamento noutro Estado membro mediante a contratación dun axente, deberá seguir os procedementos establecidos no artigo 22.

4. Regulamentariamente estableceranse as condicións en que as entidades poderán delegar a prestación de funcións operativas relacionadas cos servizos de pagamento. En todo caso, cando unha entidade pretenda externalizar estas funcións, deberá informar disto o Banco de España.

A externalización de funcións operativas importantes, incluídos os sistemas informáticos, deberá realizarse de modo tal que non afecte significativamente nin a calidade do control interno da entidade nin a capacidade das autoridades competentes para controlar e facer un seguimento *a posteriori* do cumprimento pola entidade de todas as obrigacións que establece este real decreto lei.

Considerarase que unha función operativa é importante se unha anomalía ou deficiencia na súa execución pode afectar de maneira substancial a capacidade da entidade para cumprir permanentemente as condicións que derivan da súa autorización, ou as súas demais obrigacións no marco deste real decreto lei, ou afectar os resultados financeiros, a solidez ou a continuidade dos seus servizos de pagamento.

5. As entidades serán plenamente responsables dos actos dos seus empregados e de calquera axente, persoa física ou xurídica á cal se externalizasen as súas actividades.

6. A entidade autorizada en España comunicará sen demora ao Banco de España toda modificación relativa ao recurso a entidades ás cales se externalicen actividades e a axentes, incluídos novos axentes.

7. As entidades aseguraranse de que os axentes que actúen no seu nome informen disto os usuarios de servizos de pagamento.

8. As entidades que exerzan actividades en territorio nacional por medio de axentes en réxime de liberdade de establecemento e cuxa administración central estea situada noutro Estado membro deberán nomear e comunicar ao Banco de España, dentro dos supostos e condicións que determine a Comisión Europea mediante normas técnicas de regulación, un punto de contacto central situado en España, co fin de garantir unha comunicación fluída e unha notificación adecuada da información exixida por este real decreto lei e a súa normativa de desenvolvemento, sen prexuízo das disposicións contra o branqueo de diñeiro e contra o financiamento do terrorismo, e de facilitar a supervisión polas autoridades competentes dos Estados membros de orixe e de acollida, en particular mediante a transmisión ás ditas autoridades dos documentos e a información que estas soliciten.

#### Artigo 24. *Conservación da información.*

As entidades de pagamento conservarán todos os documentos necesarios para efectos do presente título durante, ao menos, seis anos, sen prexuízo do disposto na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, así como noutras disposicións nacionais ou da Unión Europea aplicables.

#### Artigo 25. *Contabilidade e auditoría.*

1. Facúltase o titular do Ministerio de Economía e Empresa para establecer e modificar as normas de contabilidade e os modelos dos estados financeiros públicos e reservados das entidades de pagamento, dispoñendo a frecuencia, forma e prazo con que os correspondentes datos deberán ser subministrados ao Banco de España e ser feitos públicos con carácter xeral polas propias entidades de pagamento. No exercicio desta facultade, para o cal poderá habilitarse o Banco de España, non existirán máis restricións que a exixencia de que os criterios de publicidade sexan homoxéneos para todas as entidades de pagamento.

2. As entidades de pagamento deberán someter as súas contas anuais á auditoría de contas prevista no artigo 1.2 da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, de conformidade co previsto na súa disposición adicional primeira.

3. Será de aplicación aos auditores das entidades de pagamento o disposto na disposición adicional sétima da Lei 22/2015. A obrigación de informar que alí se establece entenderase referida ao Banco de España.

4. As entidades de pagamento que leven a cabo outras actividades económicas distintas da prestación de servizos de pagamento deberán informar separadamente na memoria das contas anuais dos activos, pasivos, ingresos e gastos da actividade relativa, dun lado, aos servizos de pagamento e, doutro, ás actividades auxiliares ou vinculadas a eles, e a relativa ás restantes actividades non relacionadas con eles.



Artigo 26. *Supervisión.*

1. Corresponderá ao Banco de España o control e inspección dos provedores de servizos de pagamento das letras c) e d) do artigo 5.1 cando leven a cabo a prestación de servizos de pagamento e a súa inscrición no rexistro que se creará para o efecto. O citado control e inspección realizarase de forma proporcionada, suficiente e adecuada para os riscos a que se encontran expostas as entidades de pagamento, no marco do establecido polo título III da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, coas adaptacións que regulamentariamente se determinen. Esta competencia estenderase a calquera oficina, centro ou axente dentro ou fóra do territorio español e, na medida en que o cumprimento das funcións encomendadas ao Banco de España o exixa, ás sociedades que se integren no grupo da afectada e a calquera entidade en que se externalizasen actividades.

Para estes efectos, o Banco de España poderá obter das entidades e persoas suxeitas á súa supervisión tanta información sexa necesaria para comprobar o cumprimento da normativa de ordenación e disciplina a que aquelas estean suxeitas. Co fin de que o Banco de España poida obter esa información, ou confirmar a súa veracidade, as entidades e persoas mencionadas quedan obrigadas a pór á disposición do Banco cantos libros, rexistros e documentos considere precisos, incluídos os programas informáticos, ficheiros e bases de datos, sexa cal for o seu soporte, físico ou virtual. Igualmente, poderá efectuar inspeccións *in situ* nos provedores de servizos de pagamento a que se refire o número 1, en calquera axente ou sucursal que preste servizos de pagamento baixo a responsabilidade do provedor de servizos de pagamento ou en calquera entidade á cal se externalizasen actividades.

Tamén poderá emitir recomendacións ou guías adaptadas ás necesidades e ao réxime propio dos provedores de servizos de pagamento das alíneas c) e d) do artigo 5.1 cando leven a cabo a prestación de servizos de pagamento de acordo co previsto no artigo 54 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.

2. O Banco de España deberá informar as autoridades competentes do Estado membro de acollida sempre que desexe efectuar inspeccións *in situ* no territorio deste último.

O Banco de España poderá encomendar ás autoridades competentes do Estado membro de acollida a realización de inspeccións *in situ* na entidade de que se trate.

3. O Banco de España poderá, no exercicio das súas propias competencias de control, en particular no que se refire ao adecuado funcionamento do sistema de pagamentos, inspeccionar os axentes e sucursais de entidades autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea. Así mesmo, poderá asumir a realización das inspeccións que en relación con esas sucursais lle fosen encomendadas polas autoridades supervisoras do Estado membro onde a entidade fose autorizada.

Todo o anterior enténdese con independencia das competencias do propio Banco de España ou doutras autoridades españolas responsables de que a actividade da sucursal se realice de conformidade coas normas de interese xeral aplicables.

4. Para o adecuado exercicio das súas funcións, o Banco de España poderá obter dos axentes e sucursais das entidades autorizadas noutros Estados membros da Unión Europea que operen en España a información periódica que precise sobre as súas actividades en España.

Tamén poderá solicitar, para efectos estatísticos e informativos, aquela información que sexa necesaria para supervisar o cumprimento dos títulos II e III deste real decreto lei cando se trate de axentes e sucursais que exerzan actividades de prestación de servizos de pagamento en réxime de liberdade de establecemento.

Toda entidade que teña en territorio español axentes ou sucursais estará obrigada a facilitar ao Banco de España a información, puntual ou periódica, que este lle requira para o cumprimento da súa función de supervisión.

5. O Banco de España supervisarás as medidas adoptadas polas entidades para asegurar que os axentes ou terceiros a que recorra en España para a realización de

funcións operativas cumpran as obrigacións establecidas neste real decreto lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

6. A supervisión do Banco de España poderá alcanzar igualmente as persoas españolas que controlen entidades doutros Estados membros da Unión Europea, dentro do marco da colaboración coas autoridades responsables da supervisión desas entidades.

7. As resolucións que dite o Banco de España no exercicio das funcións a que se refiren os números anteriores serán susceptibles de recurso de alzada ante o titular do Ministerio de Economía e Empresa.

8. As medidas de intervención e de substitución previstas no capítulo V do título III e o artigo 20 de Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, poderán aplicarse aos provedores de servizos de pagamento das alíneas c) e d) do artigo 5.1 cando leven a cabo a prestación de servizos de pagamento, coas especificidades que regulamentariamente poidan establecerse.

9. Se o Banco de España determina que a actividade prestada en réxime de libre prestación de servizos, os axentes ou sucursais en territorio español dunha entidade autorizada por outro Estado membro incumpren as disposicións deste real decreto lei ou do seu desenvolvemento regulamentario, informará disto sen demora a autoridade competente do Estado membro de orixe, co obxecto de que esta, despois de avaliar a información recibida, poida adoptar todas as medidas oportunas para garantir que a entidade poña fin á irregularidade de que se trate.

10. En situacións de urxencia que requiran unha intervención inmediata a fin de facer fronte a unha ameaza grave para os intereses colectivos dos usuarios de servizos de pagamento, o Banco de España poderán adoptar medidas cautelares temporais, paralelamente á cooperación transfronteiriza entre autoridades competentes e en espera de que as autoridades competentes do Estado membro de orixe tomen, se for o caso, as medidas previstas no número anterior. Tales medidas deberán ser adecuadas e proporcionadas ao seu obxectivo e non deberán dar preferencia aos usuarios dos servizos de pagamento da entidade españois sobre os usuarios de tales servizos doutros Estados membros.

Cando proceda segundo o teor da situación de urxencia, o Banco de España informará as autoridades competentes do Estado membro de orixe e as autoridades competentes de calquera outro Estado membro afectado, así como a Comisión Europea e a ABE e, en todo caso, sen demora inustificada, das medidas cautelares adoptadas e dos motivos da adopción desas medidas.

#### Artigo 27. *Información e segredo profesional.*

1. No exercicio das súas funcións de supervisión e inspección das entidades de pagamento, o Banco de España colaborará coas autoridades que teñan encomendadas funcións semellantes noutros Estados e poderá comunicar informacións relativas á dirección, xestión e propiedade destas entidades, así como as que poidan facilitar o control da súa solvencia e a súa supervisión ou sirvan para evitar, perseguir ou sancionar condutas irregulares; igualmente, poderá subscribir, para tal efecto, acordos de colaboración coas ditas autoridades.

No caso de que as autoridades competentes non pertencan a outro Estado membro, o fornecemento destas informacións exixirá que exista reciprocidade e que as autoridades competentes se achen suxeitas ao deber de segredo profesional en condicións que, como mínimo, sexan equiparables ás establecidas polas leis españolas.

No caso de que as autoridades competentes pertencan a outro Estado membro, o Banco de España facilitará ás interesadas, por propia iniciativa, calquera información que sexa esencial para o exercicio das súas tarefas de supervisión e, cando se lle solicite, toda información pertinente para iguais fins.

2. Será, así mesmo, de aplicación, coas adaptacións que regulamentariamente se determinen, o disposto no capítulo III do título III da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, tanto para os efectos previstos no número anterior como para os restantes contidos no propio artigo.

3. Adicionalmente, o Banco de España poderá intercambiar información que sexa relevante para o exercicio das súas respectivas competencias:

a) Co Banco Central Europeo e os bancos centrais nacionais dos Estados membros da Unión Europea, na súa calidade de autoridades monetarias e de supervisión, e, se for o caso, con outras autoridades públicas responsables da vixilancia dos sistemas de pagamento e liquidación, e da autorización e supervisión das entidades de pagamento.

b) Coa Autoridade Bancaria Europea, na súa función de contribuír ao funcionamento consecuente e coherente dos mecanismos de supervisión a que se refire o artigo 1, número 5, alínea a), do Regulamento (UE) n.º 1093/2010.

c) Con outras autoridades pertinentes designadas en virtude deste real decreto lei, do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, e as súas disposicións de desenvolvemento e doutras disposicións de dereito da Unión Europea aplicables aos provedores de servizos de pagamento.

4. O artigo 82 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, será de aplicación, coas adaptacións que regulamentariamente poidan adoptarse, respecto dos datos, documentos e informacións que estiveren en poder do Banco de España en virtude do exercicio da función supervisora das entidades de pagamento.

## TÍTULO II

### **Transparencia das condicións e requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento, resolución e modificación do contrato marco**

Artigo 28. *Ámbito de aplicación.*

1. O presente título será de aplicación ás operacións de pagamento singulares, aos contratos marco e ás operacións de pagamento suxeitas aos ditos contratos.

2. Cando o usuario do servizo de pagamento non sexa un consumidor nin microempresa, as partes nas operacións e contratos mencionados no número anterior poderán acordar que non se aplique, en todo ou en parte, este título e as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 29. *Transparencia das condicións e dos requisitos de información aplicables aos servizos de pagamento.*

1. O provedor de servizos de pagamento facilitará ao usuario de servizos de pagamento, dun modo facilmente accesible para el, toda a información e condicións relativas á prestación dos servizos de pagamento que en desenvolvemento deste real decreto lei se fixen.

2. Cando unha conta de pagamento se ofrezca como parte dun paquete, xunto con outro produto ou servizo non asociado a unha conta de pagamento, o provedor de servizos de pagamento informará o usuario de servizos de pagamento se é ou non posible obter a conta de pagamento sen adquirir o paquete e, en caso afirmativo, facilitaralle por separado información sobre os custos e as comisións asociadas a cada un dos outros produtos e servizos ofrecidos nese paquete que poida adquirirse por separado.

3. O titular do Ministerio de Economía e Empresa determinará os requisitos de información e demais condicións aplicables ás operacións de pagamento singulares e ás operacións de pagamento reguladas por un contrato marco, as excepcións ao réxime xeral de información para os instrumentos de pagamento de escasa contía e ao diñeiro electrónico, así como o contido mínimo do contrato marco e do folleto informativo, xunto coas súas modalidades de difusión.

Artigo 30. *Gastos de información.*

1. O fornecedor de servizos de pagamento non poderá cobrar ao usuario do servizo de pagamento polo fornecemento da información indicada no presente título e nas súas disposicións de desenvolvemento.

2. O fornecedor de servizos de pagamento e o usuario de servizos de pagamento poderán acordar que se cobren gastos pola comunicación de información adicional á exigida por norma legal ou regulamentaria ou con maior frecuencia que a exigida por elas, ou pola transmisión desta por medios de comunicación distintos dos especificados no contrato marco, sempre que a información se facilite a petición do usuario do servizo de pagamento.

3. Cando o fornecedor de servizos de pagamento poida cobrar os gastos en concepto de información conforme o disposto no número 2, eses gastos serán razoables e acordes cos custos efectivamente soportados polo fornecedor de servizos de pagamento.

Artigo 31. *Carga da proba en relación cos requisitos de información.*

A carga da proba do cumprimento dos requisitos en materia de información establecidos no presente título e nas súas disposicións de desenvolvemento recaerá sobre o fornecedor de servizos de pagamento.

Artigo 32. *Resolución do contrato marco.*

1. O usuario do servizo de pagamento poderá resolver o contrato marco en calquera momento, sen necesidade de aviso previo ningún. O fornecedor de servizos de pagamento procederá ao cumprimento da orde de resolución do contrato marco antes de transcorridas 24 horas desde a recepción da solicitude do usuario.

2. En caso de que se trate do contrato marco dunha conta de pagamento, o fornecedor de servizos de pagamento porá á disposición do usuario do servizo de pagamento o saldo que, se for o caso, aquela presente ao seu favor, e o usuario deberá entregar ao fornecedor de servizos de pagamento, para a súa inutilización, todos os instrumentos de pagamento asociados á conta de pagamento.

Non obstante, non se aplicará o previsto no número 1 se o usuario tiver contratado co fornecedor de servizos de pagamentos outro produto ou servizo financeiro para cuxa xestión sexa necesario manter aberta unha conta de pagamento co fornecedor de servizos de pagamento, ou naqueles outros supostos que se determinen regulamentariamente.

Nestes casos, o fornecedor de servizos de pagamento non poderá modificar unilateralmente o custo da conta de pagamento ou introducir concepto ningún do cal derive un custo para o usuario superior ao vixente no momento da solicitude de resolución prevista no número 1, sempre que o usuario de servizos de pagamento non utilice a conta de pagamento para finalidades distintas das relacionadas co produto ou servizo financeiro para cuxa xestión se mantén aberta.

3. A resolución dun contrato marco será gratuíta para o usuario de servizos de pagamento a non ser que o contrato estivese en vigor durante menos de seis meses. Neste último caso, calquera comisión ou gasto aplicable pola resolución do contrato marco será adecuado e acorde cos custos.

4. Se se acordar así no contrato marco, o fornecedor de servizos de pagamento poderá resolver un contrato marco celebrado por un período indefinido se avisa cunha anticipación mínima de dous meses.

5. Das comisións e dos gastos que cobren periodicamente os servizos de pagamento, o usuario de servizos de pagamento só aboará a parte proporcional que estea a deberse até a resolución do contrato. Cando as ditas comisións e gastos se pagasen por anticipado, reembolsaranse de maneira proporcional á duración do prazo que cubra a comisión ou gasto de que se trate.

6. Os preceptos deste artigo entenderanse sen prexuízo do disposto no Código civil sobre os dereitos das partes a solicitaren a declaración de nulidade do contrato marco. Así

mesmo, aplicaranse supletoriamente as previsións do Código civil sobre a resolución das obrigacións contractuais.

### Artigo 33. *Modificación das condicións do contrato marco.*

1. O fornecedor de servizos de pagamento deberá propor calquera modificación das condicións contractuais e da información e as condicións ás cales se refire o artigo 29 de maneira clara, individualizada, sen acumulala a outra información ou a publicidade, e en papel ou outro soporte duradeiro, na forma que determine o titular do Ministerio de Economía e Empresa, e cunha anticipación non inferior a dous meses respecto da data en que entre en vigor a modificación proposta. O usuario de servizos de pagamento poderá aceptar ou rexeitar as modificacións do contrato marco antes da data proposta para a súa entrada en vigor polo mesmo medio polo cal lle sexan notificadas.

Non obstante, poderanse aplicar de maneira inmediata todas aquelas modificacións que, inequivocamente, resulten máis favorables para os usuarios de servizos de pagamento.

Todas as modificacións propostas deberán destacarse con claridade. Cando se tiver convidado así, o fornecedor de servizos de pagamento informará o usuario de servizos de pagamento de que cabe considerar que aceptou a modificación das condicións de que se trate en caso de non comunicar ao fornecedor de servizos de pagamento a súa negativa a aceptalo con anterioridade á data proposta de entrada en vigor. Esta advertencia destacarase, se for o caso, tanto no contrato marco como na comunicación que conforme este número se remita ao cliente. En tal suposto, o fornecedor de servizos de pagamento especificará que o usuario de servizos de pagamento terá o dereito de resolver o contrato marco sen custo ningún e con efecto a partir de calquera momento anterior á data en que se tería aplicado a modificación, sen prexuízo do disposto nos artigos 32.2 e 32.3.

2. As modificacións dos tipos de xuro ou de troco poderán aplicarse de inmediato e sen previo aviso, sempre que así se acordase no contrato marco e que as variacións se baseen nos tipos de xuro ou de troco de referencia acordados. O usuario de servizos de pagamento será informado de toda modificación do tipo de xuro o antes posible, a menos que as partes acordasen unha frecuencia específica ou un procedemento de comunicación ou posta á disposición da información. Non obstante, os cambios nos tipos de xuro ou de troco que sexan máis favorables para os usuarios de servizos de pagamento poderán aplicarse sen previo aviso.

3. As modificacións dos tipos de xuro ou de troco utilizados nas operacións de pagamento aplicaranse e calcularanse dunha forma neutra e que non resulte discriminatoria con respecto aos usuarios de servizos de pagamento.

## TÍTULO III

### Dereitos e obrigacións en relación coa prestación e utilización de servizos de pagamento

#### CAPÍTULO I

#### Disposicións comúns

### Artigo 34. *Ámbito de aplicación e excepcións.*

1. Cando o usuario de servizos de pagamento non sexa un consumidor nin unha microempresa, as partes poderán convir en que non se apliquen, total ou parcialmente, os artigos 35.1, 36.3, 44, 46, 48, 52, 60 e 61 do presente título. Tamén poderán convir as partes en que non se aplique total ou parcialmente o artigo 49 e un prazo distinto do que se establece no artigo 43 cando o usuario de servizos de pagamento non sexa un consumidor.

2. En caso de diñeiro electrónico e instrumentos de pagamento que, conforme o contrato marco, só afecten operacións de pagamento individuais non superiores a 30 euros, ou que teñan un límite de gasto de 150 euros ou ben permitan almacenar fondos que non exceden en ningún momento a cantidade de 150 euros os provedores de servizos de pagamento poderán convir cos seus usuarios de servizos de pagamento que:

a) non se apliquen o artigo 41.b), o artigo 42, número 1, alíneas c) e d), nin o artigo 46, número 3, se o instrumento de pagamento non permite o seu bloqueo nin impedir futuras utilizacións;

b) non se apliquen os artigos 44, 45 nin o artigo 46, números 1 e 3, se o instrumento de pagamento se utiliza de forma anónima ou o provedor de servizos de pagamento é incapaz, por outros motivos intrínsecos do propio instrumento de pagamento, de demostrar que a operación de pagamento foi autorizada;

c) non obstante o disposto no artigo 51, número 1, o provedor de servizos de pagamento non teña a obrigaón de notificar ao usuario do servizo de pagamento o seu rexeitamento da orde de pagamento se a non execución resulta evidente no contexto de que se trate;

d) non obstante o disposto no artigo 52, o ordenante non poida revogar a orde de pagamento unha vez que a transmitise ou dese o seu consentimento para efectuar a operación de pagamento ao beneficiario;

e) non obstante o disposto nos artigos 55 e 56, se apliquen outros períodos de execución.

3. Para as operacións de pagamento a nivel nacional, os límites do número anterior elevaranse ao dobre das cantidades alí indicadas. Para os instrumentos de pagamento en modalidade de prepagamento os límites serán de 500 euros.

4. Cando o provedor de servizos de pagamento do ordenante non teña capacidade para bloquear a conta ou o instrumento de pagamento, non se aplicará o disposto nos artigos 445 e 456 deste real decreto lei, nas condicións que regulamentariamente se establezan, ao diñeiro electrónico, tal e como se define no número segundo do artigo 1.2 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico.

#### Artigo 35. *Gastos aplicables.*

1. O provedor de servizos de pagamento non poderá cobrar ao usuario do servizo de pagamento polo cumprimento das súas obrigaóns de información ou polas medidas correctivas ou preventivas determinadas neste título, salvo que se pactase outra cousa de conformidade co previsto nos artigos 30.2, 51.1, 52.5 e o derradeiro parágrafo do artigo 59.2. Neses casos, os gastos serán recollidos no contrato entre o usuario e o provedor de servizos de pagamento e serán adecuados e acordes cos custos efectivamente soportados polo provedor de servizos de pagamento.

2. En toda prestación de servizos de pagamento en que tanto o provedor de servizos de pagamento do ordenante como o do beneficiario estean situados en España, ou un dos provedores estea situado en España e o outro ou outros o estean noutro Estado membro da Unión Europea, ou nas que só interveña un provedor de servizos de pagamento que estea situado en España, o beneficiario pagará os gastos cobrados polo seu provedor de servizos de pagamento e o ordenante aboará os gastos cobrados polo seu provedor de servizos de pagamento.

3. Os beneficiarios das operacións de pagamento non poderán exixir ao ordenante o pagamento de gastos ou cotas adicionais pola utilización de calquera instrumento de pagamento.

4. Os beneficiarios das operacións de pagamento poderán ofrecer ao ordenante unha redución no prezo ou outra vantaxe que o incite dalgún outro modo a utilizar un instrumento de pagamento concreto.

## CAPÍTULO II

**Autorización de operacións de pagamento**

Artigo 36. *Consentimento e retirada do consentimento.*

1. As operacións de pagamento consideraranse autorizadas cando o ordenante dese o consentimento para a súa execución. Na falta de tal consentimento, a operación de pagamento considerárase non autorizada. O consentimento para a execución dunha operación de pagamento poderá darse tamén por conduto do beneficiario ou do fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos.

O ordenante e o seu fornecedor de servizos de pagamento acordarán a forma en que se dará o consentimento, así como o procedemento de notificación.

2. O consentimento poderá outorgarse con anterioridade á execución da operación ou, se así se conviñese, con posterioridade a ela, conforme o procedemento e límites acordados entre o ordenante e o seu fornecedor de servizos de pagamento.

3. O ordenante poderá retirar o consentimento en calquera momento, pero non despois da irrevogabilidade a que se refire o artigo 52. Cando o consentimento se dese para unha serie de operacións de pagamento, a súa retirada implicará que toda futura operación de pagamento que estivese cuberta polo dito consentimento se considerará non autorizada.

Artigo 37. *Confirmación da dispoñibilidade de fondos.*

1. Os fornecedores de servizos de pagamento xestores de conta, logo de solicitude dun fornecedor de servizos de pagamento que emita instrumentos de pagamento baseados en tarxetas, confirmarán inmediatamente a dispoñibilidade de fondos na conta de pagamento do ordenante para a execución dunha operación de pagamento baseada nunha tarxeta, sempre que se cumpran todas as condicións seguintes:

a) que a conta de pagamento do ordenante sexa accesible en liña no momento da solicitude;

b) que o ordenante dese consentimento explícito ao fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta para que responda as solicitudes de fornecedores de servizos de pagamento específicos de facilitar confirmación de que o importe correspondente a unha operación de pagamento baseada nunha tarxeta determinada está dispoñible na conta de pagamento do ordenante;

c) que o consentimento a que fai referencia a alínea b) debe darse antes de que se realice a primeira solicitude de confirmación.

2. O fornecedor de servizos de pagamento poderá solicitar a confirmación a que fai referencia o número 1 cando se cumpran todas as condicións seguintes:

a) que o ordenante dese consentimento explícito ao fornecedor de servizos de pagamento que solicite a dita confirmación;

b) que o ordenante iniciase a operación de pagamento baseada nunha tarxeta polo importe en cuestión utilizando un instrumento de pagamento baseado en tarxeta emitido polo fornecedor de servizos de pagamento;

c) que o fornecedor de servizos de pagamento se identifique ante o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta antes de cada solicitude de confirmación, e se comunique de maneira segura co fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta, de conformidade co previsto no Regulamento delegado 2018/389 e os criterios que, dentro das disposicións da Autoridade Bancaria Europea que lle resulten aplicables, determine o Banco de España.

3. De conformidade coa normativa de protección de datos persoais, a confirmación a que fai referencia o número 1 consistirá unicamente nunha simple resposta de «si» ou

«non» e non nun extracto do saldo de conta. Esa resposta non se conservará nin utilizará para fins distintos da execución da operación de pagamento con tarxeta.

4. A confirmación a que fai referencia o número 1 non permitirá ao fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta bloquear fondos na conta de pagamento do ordenante.

5. O ordenante poderá solicitar ao fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta que lle comunique a identificación do fornecedor de servizos de pagamento e a resposta facilitada.

6. O presente artigo non se aplicará ás operacións de pagamento iniciadas mediante instrumentos de pagamento baseados en tarxetas nos cales se almacene diñeiro electrónico tal como se define na Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico.

*Artigo 38. Normas de acceso á conta de pagamento en caso de servizos de iniciación de pagamentos.*

1. Sempre que se poida acceder en liña á correspondente conta de pagamento, todo ordenante poderá recorrer a un fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos para obter os servizos de pagamento a que se refire o artigo 1.2.g).

2. Se o ordenante der o seu consentimento explícito para que se efectúe un pagamento de conformidade co artigo 36, o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta tomará as disposicións indicadas no número 4 para garantir que o ordenante poida exercer o seu dereito a utilizar o servizo de iniciación de pagamentos.

3. O fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos:

a) en ningún momento entrará en poder dos fondos do ordenante en relación coa prestación do servizo de iniciación de pagamentos;

b) garantirá que as credenciais de seguranza personalizadas do usuario de servizos de pagamento non sexan accesibles a terceiros, con excepción do usuario e do emisor das credenciais de seguranza personalizadas, e que as transmite a través de canles seguras e eficientes;

c) garantirá que calquera outra información sobre o usuario de servizos de pagamento obtida ao prestar servizos de iniciación de pagamentos se facilita exclusivamente ao beneficiario e unicamente co consentimento explícito do usuario de servizos de pagamento;

d) cada vez que se inicie un pagamento, identificarase ante o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta do titular da conta e comunicarse de maneira segura co fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta, o ordenante e o beneficiario, conforme o previsto no Regulamento delegado 2018/389 e os criterios que, dentro das disposicións da Autoridade Bancaria Europea que lle resulten aplicables, determine o Banco de España;

e) non almacenará datos de pagamento sensibles do usuario de servizos de pagamento;

f) non solicitará ao usuario de servizos de pagamento ningún dato distinto dos necesarios para prestar o servizo de iniciación do pagamento;

g) non utilizará, almacenará ou accederá a ningún dato para fins distintos da prestación do servizo de iniciación de pagamentos expresamente solicitado polo ordenante;

h) non modificará o importe, o destinatario nin ningún outro elemento da operación.

4. O fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta:

a) establecerá unha comunicación segura cos fornecedores de servizos de iniciación de pagamentos, de conformidade co previsto no artigo 68 e nas normas técnicas da ABE que resulten aplicables;

b) inmediatamente despois da recepción da orde de pagamento procedente dun fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, facilitará ao fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos ou porá ao seu dispor toda a información sobre o inicio da



operación de pagamento e toda a información a que teña acceso con relación á execución da operación de pagamento ao fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos;

c) tratará as ordes de pagamento transmitidas a través dos servizos dun fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos sen discriminación ningunha con respecto ás ordes de pagamento transmitidas directamente polo ordenante, salvo por causas obxectivas, en particular no que se refire aos prazos, a prioridade ou os gastos aplicables.

5. A prestación de servizos de iniciación de pagamentos non se supeditarán á existencia dunha relación contractual para tal fin entre os provedores de servizos de iniciación de pagamentos e os provedores de servizos de pagamento xestores de contas.

*Artigo 39. Normas de acceso á información sobre contas de pagamento e uso desa información en caso de servizos de información sobre contas.*

1. O fornecedor de servizos de pagamento que preste o servizo de información sobre contas:

a) prestará os seus servizos exclusivamente sobre a base do consentimento explícito do usuario do servizo de pagamento;

b) garantirá que as credenciais de seguraza personalizadas do usuario de servizos de pagamento non sexan accesibles a terceiros, con excepción do usuario e do emisor das credenciais de seguraza personalizadas, e que, cando as transmita o fornecedor de servizos de pagamento que preste o servizo de información sobre contas, a transmisión se realice a través de canles seguras e eficientes;

c) en cada comunicación identificarase ante o fornecedor ou provedores de servizos de pagamento xestores de conta do usuario de servizos de pagamento e comunicarse de maneira segura co fornecedor ou provedores de servizos de pagamento xestores de conta e o usuario do servizo de pagamento, de conformidade co previsto no Regulamento delegado 2018/389 e os criterios que, dentro das disposicións da Autoridade Bancaria Europea que lle resulten aplicables, determine o Banco de España;

d) accederá unicamente á información das contas de pagamento designadas polo usuario e as operacións de pagamento correspondentes;

e) non solicitará datos de pagamento sensibles vinculados ás contas de pagamento;

f) non utilizará, almacenará ou accederá a ningún dato, para fins distintos da prestación do servizo de información sobre contas expresamente solicitado polo usuario do servizo de pagamento, de conformidade coas normas sobre protección de datos.

3. No que se refire ás contas de pagamento, o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta:

a) establecerá unha comunicación segura cos provedores de servizos de información sobre contas, e

b) tratará as peticións de datos transmitidas a través dos servizos dun fornecedor de servizos de pagamento que preste o servizo de información sobre contas sen discriminación ningunha, salvo por causas obxectivas.

*Artigo 40. Limitacións á utilización do instrumento de pagamento e ao acceso ás contas de pagamento por provedores de servizos de pagamento.*

1. Cando se empregue un instrumento de pagamento específico a fin de notificar o consentimento, o ordenante e o fornecedor de servizos de pagamento poderán acordar un límite de gasto aplicable ás operacións de pagamento executadas mediante ese instrumento de pagamento.

2. Sempre que se acordase no contrato marco, o fornecedor de servizos de pagamento poderá reservar para si o dereito de bloquear o instrumento de pagamento por razóns obxectivamente xustificadas relacionadas coa seguraza do instrumento de pagamento, a sospeita dunha utilización non autorizada ou fraudulenta ou, en caso de que

este asociado a unha liña de crédito, un aumento significativo do risco de que o ordenante poida ser incapaz de facer fronte á súa obrigaón de pagamento.

3. Nos supostos previstos no número anterior, o fornecedor de servizos de pagamento informará o ordenante, na forma convida, do bloqueo do instrumento de pagamento e dos motivos para isto. Esta comunicación producirase con carácter previo ao bloqueo e, de non resultar posible, inmediatamente despois, a menos que a comunicación de tal información resultar comprometida por razóns de seguranza obxectivamente xustificadas ou for contraria a calquera outra disposición normativa.

4. O fornecedor de servizos de pagamento desbloqueará o instrumento de pagamento ou substituirao por outro novo unha vez que deixasen de existir os motivos para bloquear a súa utilización. O anterior entenderase sen prexuízo do dereito do usuario a solicitar o desbloqueo en tales circunstancias. O desbloqueo do instrumento de pagamento ou a súa substitución por un novo realizarase sen custo ningún para o usuario do servizo de pagamento.

5. Un fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta poderá denegar o acceso a unha conta de pagamento a un fornecedor de servizos de pagamento que preste o servizo de información sobre contas ou un fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos por razóns obxectivamente xustificadas e debidamente documentadas relacionadas co acceso non autorizado ou fraudulento á conta de pagamento por parte do fornecedor de servizos de pagamento que preste o servizo de información sobre contas ou o fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, en particular coa iniciación non autorizada ou fraudulenta dunha operación de pagamento. En tales casos, o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta informará o ordenante, da maneira convida, da denegación do acceso á conta de pagamento e dos motivos para isto. Esa información será facilitada ao ordenante, de ser posible, antes de denegar o acceso e, o máis tardar, inmediatamente despois da denegación, a menos que a comunicación de tal información poña en perigo medidas de seguranza obxectivamente xustificadas ou estea prohibida por outras disposicións legais.

O fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta permitirá o acceso á conta de pagamento unha vez que deixen de existir os motivos para denegar o acceso.

6. Nos casos previstos no número 5, o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta comunicará inmediatamente ao Banco de España o incidente relacionado co fornecedor de servizos de pagamento que preste o servizo de información sobre contas ou o fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos. A información incluírá os datos pertinentes do caso e os motivos para tomar medidas. O Banco de España avaliará o caso e, cando for preciso, adoptará as medidas adecuadas.

*Artigo 41. Obrigaóns do usuario de servizos de pagamento en relación cos instrumentos de pagamento e coas credenciais de seguranza personalizadas.*

O usuario de servizos de pagamento habilitado para utilizar un instrumento de pagamento:

a) utilizará o instrumento de pagamento de conformidade coas condicións que regulen a emisión e utilización do instrumento de pagamento, que deberán ser obxectivas, non discriminatorias e proporcionadas e, en particular, así que reciba un instrumento de pagamento, tomará todas as medidas razoables a fin de protexer as súas credenciais de seguranza personalizadas;

b) en caso de extravío, subtracción ou apropiación indebida do instrumento de pagamento ou da súa utilización non autorizada, notificarao ao fornecedor de servizos de pagamento ou á entidade que este designe, sen demora indebida así que teña coñecemento disto.

*Artigo 42. Obrigações do fornecedor de servizos de pagamento en relación cos instrumentos de pagamento.*

1. O fornecedor de servizos de pagamento emisor dun instrumento de pagamento:

a) Asegurarase de que as credenciais de seguranza personalizadas do instrumento de pagamento só sexan accesibles para o usuario de servizos de pagamento facultado para utilizar o dito instrumento, sen prexuízo das obrigacións que incumben ao usuario de servizos de pagamento conforme o artigo 41.

b) Absterase de enviar instrumentos de pagamento que non fosen solicitados, salvo en caso de que deba substituírse un instrumento de pagamento xa entregado ao usuario de servizos de pagamento.

Esta substitución poderá vir motivada pola incorporación ao instrumento de pagamento de novas funcionalidades, non expresamente solicitadas polo usuario, sempre que no contrato marco se tiver previsto tal posibilidade e a substitución se realice con carácter gratuíto para o cliente.

c) Garantirá que en todo momento estean dispoñibles medios adecuados e gratuítos que permitan ao usuario de servizos de pagamento efectuar unha notificación en virtude do artigo 41.b), ou solicitar un desbloqueo conforme o disposto no artigo 40.4. A este respecto, o fornecedor de servizos de pagamento facilitará, tamén gratuitamente, ao usuario dos servizos, cando este llo requira, medios tales que lle permitan demostrar que efectuou a comunicación, durante os 18 meses seguintes a ela.

d) Ofrecerá ao usuario de servizos de pagamento a posibilidade de efectuar unha notificación en virtude do artigo 41.b), gratuitamente, e cobrar, se acaso, unicamente os custos de substitución directamente imputables ao instrumento de pagamento.

e) Impedirá calquera utilización do instrumento de pagamento unha vez efectuada a notificación en virtude do artigo 41.b).

2. O fornecedor de servizos de pagamento soportará os riscos derivados do envío dun instrumento de pagamento ao usuario de servizos de pagamento ou do envío de calquera elemento de seguranza personalizado daquel.

*Artigo 43. Notificación e rectificación de operacións de pagamento non autorizadas ou executadas incorrectamente.*

1. O usuario de servizos de pagamento obterá a rectificación por parte do fornecedor de servizos de pagamento dunha operación de pagamento non autorizada ou executada incorrectamente unicamente se o usuario de servizos de pagamento llo comunica sen demora inxustificada, así que teña coñecemento de calquera das operacións que sexa obxecto de reclamación, mesmo as cubertas polo artigo 60, e, en todo caso, dentro dun prazo máximo de trece meses contados desde a data do débito.

Os prazos para a notificación establecidos no parágrafo primeiro non se aplicarán cando o fornecedor de servizos de pagamento non lle proporcionase nin puxese ao seu dispor a información sobre a operación de pagamento conforme o establecido no título II.

2. Cando interveña un fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, o usuario de servizos de pagamento deberá obter a rectificación do fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta en virtude do número 1, sen prexuízo do disposto no artigo 45.2, e o artigo 60.1.

*Artigo 44. Proba da autenticación e execución das operacións de pagamento.*

1. Cando un usuario de servizos de pagamento negue ter autorizado unha operación de pagamento xa executada ou alegue que esta se executou de maneira incorrecta, corresponderá ao fornecedor de servizos de pagamento demostrar que a operación de pagamento foi autenticada, rexistrada con exactitude e contabilizada, e que non se viu afectada por un fallo técnico ou outra deficiencia do servizo prestado polo fornecedor de servizos de pagamento.

Se o usuario de servizos de pagamento inicia a operación de pagamento a través dun fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, corresponderá a este demostrar que, dentro do seu ámbito de competencia, a operación de pagamento foi autenticada e rexistrada con exactitude e non se viu afectada por un fallo técnico ou outras deficiencias vinculadas ao servizo de pagamento de que é responsable.

2. Para os efectos do establecido no número anterior, o rexistro polo fornecedor de servizos de pagamento, incluído, se for o caso, o fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, da utilización do instrumento de pagamento non bastará, necesariamente, para demostrar que a operación de pagamento foi autorizada polo ordenante, nin que este actuou de maneira fraudulenta ou incumprindo deliberadamente ou por negligencia grave unha ou varias das súas obrigacións conforme o artigo 41.

3. Corresponderá ao fornecedor de servizos de pagamento, incluído, se for o caso, o fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, probar que o usuario do servizo de pagamento cometeu fraude ou negligencia grave.

4. O fornecedor de servizos de pagamento conservará a documentación e os rexistros que lle permitan acreditar o cumprimento das obrigacións establecidas neste título e nas súas disposicións de desenvolvemento e facilitaraas ao usuario no caso de que así lle sexa solicitado, durante, ao menos, seis anos. Non obstante, o fornecedor de servizos de pagamento conservará a documentación relativa ao nacemento, modificación e extinción da relación xurídica que o une con cada usuario de servizos de pagamento ao menos durante o período en que, segundo o teor das normas sobre prescrición poidan resultarles conveniente para promoveren o exercicio dos seus dereitos contractuais ou sexa posible que lles chegue a ser exixido o cumprimento das súas obrigacións contractuais.

O disposto neste número enténdese sen prexuízo do establecido na Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención do branqueo de capitais e do financiamento do terrorismo, así como noutras disposicións nacionais ou da Unión Europea aplicables.

#### Artigo 45. *Responsabilidade do fornecedor de servizos de pagamento en caso de operacións de pagamento non autorizadas.*

1. Sen prexuízo do artigo 43 deste real decreto lei, en caso de que se execute unha operación de pagamento non autorizada, o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante devolverá a este o importe da operación non autorizada de inmediato e, en calquera caso, o máis tardar ao final do día hábil seguinte a aquel en que observou ou se lle notificou a operación, salvo cando o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante teña motivos razoables para sospeitar a existencia de fraude e comunique eses motivos por escrito ao Banco de España, na forma e co contido e prazos que este determine. Se for o caso, o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante restituirá a conta de pagamento na cal se efectuou o débito ao estado en que se encontraría se non se tiver efectuado a operación non autorizada.

A data de valor do aboamento na conta de pagamento do ordenante non será posterior á data de débito do importe devolto.

2. Cando a operación de pagamento se inicie a través dun fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta devolverá inmediatamente e, en calquera caso, o máis tardar ao final do día hábil seguinte, o importe da operación de pagamento non autorizada e, se for o caso, restituirá a conta de pagamento na cal se efectuou o débito ao estado en que se encontraría se non se tiver efectuado a operación non autorizada.

Se o responsable da operación de pagamento non autorizada é o fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, deberá resarcir de inmediato o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta, a petición deste, polas perdas sufridas ou as sumas aboadas para efectuar a devolución ao ordenante, incluído o importe da operación de pagamento non autorizada. De conformidade co artigo 44.1, corresponderá ao fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos demostrar que, dentro do seu ámbito de competencia, a operación de pagamento foi autenticada e rexistrada con exactitude e

non se viu afectada por un fallo técnico ou outras deficiencias vinculadas ao servizo de pagamento de que é responsable.

3. Poderán determinarse outras indemnizacións económicas de conformidade coa normativa aplicable ao contrato celebrado entre o ordenante e o fornecedor de servizos de pagamento ou ao contrato celebrado entre o ordenante e o fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, se for o caso.

*Artigo 46. Responsabilidade do ordenante en caso de operacións de pagamento non autorizadas.*

1. Non obstante o disposto no artigo 45, o ordenante poderá quedar obrigado a soportar, até un máximo de 50 euros, as perdas derivadas de operacións de pagamento non autorizadas resultantes da utilización dun instrumento de pagamento extraviado, subtraído ou apropiado indebidamente por un terceiro, salvo que:

a) ao ordenante non lle resultase posible detectar a perda, a subtracción ou a apropiación indebida dun instrumento de pagamento antes dun pagamento, salvo cando o propio ordenante actuase fraudulentamente, ou

b) a perda se debese á acción ou inacción de empregados ou de calquera axente, sucursal ou entidade dun fornecedor de servizos de pagamento ao cal se externalizasen actividades.

O ordenante soportará todas as perdas derivadas de operacións de pagamento non autorizadas se o ordenante incorreu en tales perdas por ter actuado de maneira fraudulenta ou por ter incumplido, deliberadamente ou por negligencia grave, unha ou varias das obrigacións que establece o artigo 41. Neses casos, non será de aplicación o importe máximo contido no parágrafo primeiro.

En todo caso, o ordenante quedará exento de toda responsabilidade en caso de subtracción, extravío ou apropiación indebida dun instrumento de pagamento cando as operacións se efectuasen de forma non presencial utilizando unicamente os datos de pagamento impresos no propio instrumento, sempre que non se producise fraude ou negligencia grave pola súa parte no cumprimento das súas obrigacións de custodia do instrumento de pagamento e as credenciais de seguranza e notificase tal circunstancia sen demora.

2. Se o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante non exige autenticación reforzada de cliente, o ordenante só soportará as posibles consecuencias económicas en caso de ter actuado de forma fraudulenta. No suposto de que o beneficiario ou o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario non acepten a autenticación reforzada do cliente, deberán reembolsar o importe do prexuízo financeiro causado ao fornecedor de servizos de pagamento do ordenante.

3. Salvo en caso de actuación fraudulenta, o ordenante non soportará consecuencia económica ningunha pola utilización, con posterioridade á notificación a que se refire o artigo 41.b), dun instrumento de pagamento extraviado ou subtraído.

4. Se o fornecedor de servizos de pagamento non ten dispoñibles medios adecuados para que poida notificarse en todo momento o extravío ou a subtracción dun instrumento de pagamento, segundo o disposto no artigo 42.1.c), o ordenante non será responsable das consecuencias económicas que deriven da utilización dese instrumento de pagamento, salvo en caso de que actuase de maneira fraudulenta.

*Artigo 47. Operacións de pagamento nas cales o importe da operación non se coñece con anticipación.*

1. Se unha operación de pagamento é iniciada polo beneficiario ou a través do beneficiario no contexto dunha operación de pagamento baseada nunha tarxeta, calquera que sexa a canle utilizada, e o importe exacto se descoñece no momento en que o ordenante dá o seu consentimento para a execución da operación de pagamento, o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante só poderá bloquear fondos na conta

de pagamento do ordenante se este último consentiu na cantidade exacta de fondos que se debe bloquear.

2. O fornecedor de servizos de pagamento do ordenante liberará os fondos bloqueados na conta de pagamento do ordenante conforme o número 1 sen demora unha vez que recibise a información referente ao importe exacto da operación de pagamento e, como moi tarde, inmediatamente despois de ter recibido a orde de pagamento.

*Artigo 48. Devolucíons por operacións de pagamento iniciadas por un beneficiario ou a través del.*

1. O ordenante terá dereito a obter do seu fornecedor de servizos de pagamento, con data valor non posterior á do débito, a devolución da cantidade total correspondente ás operacións de pagamento autorizadas, iniciadas por un beneficiario ou a través del, que fosen executadas sempre que se satisfagan as seguintes condicións:

- a) que a autorización non especificase, no momento en que se deu, o importe exacto da operación de pagamento;
- b) que o importe supere o que o ordenante podía esperar razoablemente tendo en conta as anteriores pautas de gasto, as condicións do contrato marco e as circunstancias pertinentes ao caso.

A petición do fornecedor de servizos de pagamento, corresponderá ao ordenante demostrar que se cumpren tales condicións.

2. Sen prexuízo do disposto no número 4 do presente artigo, ademais do dereito recoñecido no número 1, en relación cos débitos domiciliados mencionados no artigo 1 do Regulamento (UE) n.º 260/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012, polo que se establecen requisitos técnicos e empresariais para as transferencias e os débitos domiciliados en euros, e se modifica o Regulamento (CE) n.º 924/2009, o ordenante terá un dereito incondicional de devolución dentro dos prazos establecidos no artigo 49.

3. Para efectos do número 1.b) anterior, o ordenante non poderá invocar motivos relacionados co cambio de divisa cando se aplicase o tipo de troco de referencia acordado co seu fornecedor de servizos de pagamento.

4. En todo caso, o ordenante e o fornecedor de servizos de pagamento poderán convir no contrato marco que aquel non teña dereito de reembolso cando:

- a) o ordenante dese o seu consentimento para que se execute a operación de pagamento directamente ao fornecedor de servizos de pagamento, e
- b) se for o caso, o fornecedor de servizos de pagamento ou o beneficiario proporcionasen ou puxesen ao dispor do ordenante, na forma acordada, información relativa á futura operación de pagamento ao menos con catro semanas de anticipación á data prevista.

*Artigo 49. Solicitudes de devolución por operacións de pagamento iniciadas por un beneficiario ou a través del.*

1. O ordenante poderá solicitar a devolución a que se refire o artigo 48 por unha operación de pagamento autorizada iniciada por un beneficiario ou a través del, durante un prazo de oito semanas contadas a partir da data de débito dos fondos na súa conta.

2. No prazo de dez días hábiles desde a recepción dunha solicitude de devolución, o fornecedor de servizos de pagamento deberá devolver o importe íntegro da operación de pagamento ou ben comunicar ao ordenante as razóns obxectivas que xustifican a súa denegación de devolución, e indicar neste caso os procedementos de reclamación, xudiciais e extraxudiciais ao dispor do usuario, para o caso de que o ordenante non estea conforme coas razóns ofrecidas.

No caso de débitos domiciliados aos cales se refire o artigo 48.2, o fornecedor de servizos de pagamento non poderá denegar a devolución, sen prexuízo do previsto no artigo 48.4.

## CAPÍTULO III

### Execución de operacións de pagamento

#### Sección 1.<sup>a</sup> Ordes de pagamento e importes transferidos

##### Artigo 50. *Recepción de ordes de pagamento.*

1. O momento de recepción dunha orde de pagamento será aquel en que é recibida polo fornecedor de servizos de pagamento do ordenante, con independencia de que fose transmitida directamente polo ordenante, por conta deste por un fornecedor de servizos de iniciación, ou indirectamente a través do beneficiario. Non se cargará á conta do ordenante antes da recepción da orde de pagamento.

Se o momento da recepción non é un día hábil para o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante, a orde de pagamento considerarase recibida o seguinte día hábil. O fornecedor de servizos de pagamento poderá establecer, pónoo en coñecemento do ordenante, unha hora límite próxima ao final do día hábil a partir da cal calquera orde de pagamento que se reciba se considerará recibida o seguinte día hábil.

2. Se o usuario de servizos de pagamento que inicia a orde de pagamento e o fornecedor de servizos de pagamento acordan que a execución da orde de pagamento comece nunha data específica ou ao final dun período determinado, ou ben o día en que o ordenante puxese fondos ao dispor do fornecedor de servizos de pagamento, considerarase que o momento de recepción para efectos do artigo 55 é o día acordado. Se este día non for un día hábil para o fornecedor de servizos de pagamento, a orde de pagamento considerarase recibida o seguinte día hábil.

##### Artigo 51. *Rexeitamento de ordes de pagamento.*

1. Se o fornecedor de servizos de pagamento rexeita executar unha orde de pagamento ou iniciar unha operación de pagamento, deberá notificar ao usuario de servizos de pagamento esa negativa, os motivos dela e o procedemento para rectificar os posibles erros de feito que a motivasen, salvo que outra norma prohiba tal notificación.

A notificación realizarase ou farase accesible do modo convindo o antes posible e, en calquera caso, dentro do prazo de execución a que se refire o artigo 55.

O contrato marco poderá conter unha cláusula que permita ao fornecedor de servizos de pagamento cobrar unha comisión razoable por esta notificación cando a negativa estiver obxectivamente xustificada.

2. En caso de que se cumpran todas as condicións fixadas no contrato marco entre o ordenante e o fornecedor de servizos de pagamento xestor da conta, este non poderá negarse a executar unha orde de pagamento autorizada, con independencia de que esta fose iniciada polo ordenante, por conta del por un fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, por un beneficiario ou a través del, salvo que o prohiba unha disposición normativa.

3. Para os efectos do establecido nos artigos 55 e 60, as ordes de pagamento cuxa execución fose rexeitada non se considerarán recibidas.

##### Artigo 52. *Irrevogabilidade dunha orde de pagamento.*

1. O usuario de servizos de pagamento non poderá revogar unha orde de pagamento despois de ser recibida polo fornecedor de servizos de pagamento do ordenante, salvo que se especifique outra cousa no presente artigo.

2. Cando a operación de pagamento sexa iniciada por un fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, ou polo beneficiario ou a través del, o ordenante non revogará a orde de pagamento unha vez que dese ao fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos o seu consentimento para iniciar a operación de pagamento ou unha vez que dese o seu consentimento para que se execute a operación de pagamento ao beneficiario.

3. Non obstante, nos casos de débito domiciliado e sen prexuízo dos dereitos de devolución fixados neste real decreto lei, o ordenante poderá revogar unha orde de pagamento o máis tardar ao final do día hábil anterior ao día convindo para o débito dos fondos na conta do ordenante.

4. No caso de que o momento de recepción se corresponda cunha data previamente acordada entre o usuario de servizos de pagamento que inicia a orde e o seu fornecedor de servizos de pagamento, aquel poderá revogar a orde de pagamento o máis tardar ao final do día hábil anterior ao día convindo.

5. Unha vez transcorridos os prazos establecidos nos números 1 a 4 anteriores, a orde de pagamento poderá revogarse unicamente se así se conveu entre o usuario de servizos de pagamento e os correspondentes provedores de tales servizos de pagamento. Nos casos indicados nos números 2 e 3 anteriores será necesario, ademais, o consentimento do beneficiario. Se se conveu así no contrato marco, o fornecedor de servizos de pagamento correspondente poderá cobrar gastos pola revogación.

#### Artigo 53. *Importes transferidos e importes recibidos.*

1. Con carácter xeral, os provedores de servizos de pagamento do ordenante e do beneficiario e todos os posibles intermediarios que interveñan na operación de pagamento deberán transferir a totalidade do importe da operación de pagamento absténdose de deducir gasto ningún do importe transferido.

2. Non obstante, o beneficiario e o fornecedor de servizos de pagamento poderán acordar que este deduza os seus propios gastos do importe transferido antes de aboalo ao beneficiario. Neste caso, o importe total da operación de pagamento, xunto cos gastos, aparecerá por separado na información facilitada ao beneficiario.

3. Se se deducen do importe transferido outros gastos distintos dos mencionados no número anterior, o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante garantirá que o beneficiario reciba o importe total das operacións de pagamento iniciadas polo ordenante.

No caso de operacións de pagamento iniciadas polo beneficiario ou realizadas a través del, o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante garantirá que o beneficiario reciba o importe total da operación de pagamento.

#### *Sección 2.ª Prazo de execución e data de valor*

#### Artigo 54. *Ámbito de aplicación.*

1. A presente sección aplicarase:

- a) ás operacións de pagamento realizadas en euros;
- b) ás operacións de pagamento nacionais na moeda dun Estado membro que non forme parte da zona do euro;
- c) ás operacións de pagamento que só impliquen unha conversión de moeda entre o euro e a moeda dun Estado membro que non forme parte da zona do euro, sempre que a correspondente conversión se leve a cabo no Estado membro que non forme parte da zona do euro e, no caso de operacións de pagamento transfronteirizas, a transferencia transfronteiriza se realice en euros.

2. As previsións que se establecen son, así mesmo, de aplicación para as restantes operacións de pagamento, salvo acordo en contrario entre o usuario de servizos de pagamento e o seu fornecedor de servizos de pagamento, salvo o disposto no artigo 58, que non é dispoñible polas partes. Non obstante, cando o usuario de servizos de



pagamento e o seu fornecedor de servizos de pagamento acorden un prazo de execución superior ao previsto no artigo 55, nas operacións de pagamento dentro da Unión Europea, o dito prazo non excederá catro días hábiles contados desde o momento da recepción da orde de pagamento.

*Artigo 55. Operacións de pagamento a unha conta de pagamento.*

1. O fornecedor de servizos de pagamento do ordenante, após o momento de recepción da orde de pagamento conforme o artigo 50, garantirá que o importe da operación de pagamento é aboado na conta do fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario, como máximo ao final do día hábil seguinte. Non obstante, o prazo sinalado poderá prolongarse nun día hábil para as operacións de pagamento iniciadas en papel.

2. O fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario establecerá a data de valor e de dispoñibilidade da cantidade da operación de pagamento na conta de pagamento do beneficiario despois de ter recibido os fondos de conformidade co artigo 58.

3. O fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario transmitirá unha orde de pagamento iniciada polo beneficiario ou a través del ao fornecedor de servizos de pagamento do ordenante dentro dos prazos convidados entre o beneficiario e o fornecedor de servizos de pagamento, de forma que, polo que se refire aos débitos domiciliados e ás operacións con tarxeta, permita a execución do pagamento na data convida.

*Artigo 56. Beneficiarios non titulares de contas de pagamento no fornecedor de servizos de pagamento.*

Cando o beneficiario non sexa titular dunha conta de pagamento no fornecedor de servizos de pagamento, o fornecedor de servizos de pagamento que reciba os fondos para o beneficiario deberá pólos ao dispor deste no prazo establecido no artigo 55.

*Artigo 57. Efectivo ingresado nunha conta de pagamento.*

Cando un consumidor ou microempresa ingrese efectivo nunha conta de pagamento nun fornecedor de servizos de pagamento na moeda desa conta de pagamento, poderá dispor do importe ingresado desde o mesmo momento en que teña lugar a recepción dos fondos. A data de valor do ingreso será a do día en que se realice este.

En caso de que o usuario de servizos de pagamento non sexa un consumidor ou unha microempresa, poderase establecer que se dispoña do importe ingresado como máximo ao día hábil seguinte ao da recepción dos fondos. Igual data valor deberá outorgarse, nese caso, aos fondos ingresados.

*Artigo 58. Data de valor e dispoñibilidade dos fondos.*

1. A data de valor do aboamento na conta de pagamento do beneficiario non será posterior ao día hábil en que o importe da operación de pagamento se aboou na conta do fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario.

O fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario asegurarse de que o importe da operación de pagamento estea ao dispor do beneficiario inmediatamente despois de que ese importe fose aboado na conta do fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario, se por parte do fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario:

- a) non hai conversión de moeda, ou
- b) hai conversión de moeda entre o euro e a divisa dun Estado membro ou entre as divisas de dous Estados membros.

A obrigaçión imposta no presente número será aplicable tamén aos pagamentos efectuados no ámbito interno dun fornecedor de servizos de pagamento.

2. A data de valor do cargo na conta de pagamento do ordenante non será anterior ao momento en que o importe da operación de pagamento se cargue na dita conta.

*Sección 3.<sup>a</sup> Responsabilidade**Artigo 59. Identificadores únicos incorrectos.*

1. Cando unha orde de pagamento se execute de acordo co identificador único, considerarase correctamente executada en relación co beneficiario especificado nese identificador.

2. Se o identificador único facilitado polo usuario de servizos de pagamento é incorrecto, o fornecedor non será responsable, conforme o artigo 60, da inexecución ou da execución defectuosa da operación de pagamento.

Non obstante, o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante esforzarase razoablemente por recuperar os fondos da operación de pagamento. O fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario cooperará nestes esforzos tamén comunicando ao fornecedor de servizos de pagamento do ordenante toda a información pertinente para o cobramento dos fondos.

En caso de que non sexa posible recobrar os fondos conforme o parágrafo primeiro, o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante facilitará ao ordenante, logo de solicitude por escrito, toda a información de que dispoña que sexa pertinente para que o ordenante interpoña unha reclamación legal a fin de recuperar os fondos.

Se se conveu así no contrato marco, o fornecedor poderá cobrar gastos ao usuario do servizo de pagamento pola recuperación dos fondos.

3. Cando o usuario de servizos de pagamento facilítase información adicional á requirida polo seu fornecedor para a correcta iniciación ou execución das ordes de pagamento, o fornecedor de servizos de pagamento unicamente será responsable, para os efectos da súa correcta realización, da execución de operacións de pagamento de acordo co identificador único facilitado polo usuario de servizos de pagamento.

*Artigo 60. Responsabilidade do fornecedor de servizos de pagamento en caso de inexecución ou de execución defectuosa ou con atraso dunha orde de pagamento.*

1. No caso das ordes de pagamento iniciadas directamente polo ordenante, e sen prexuízo do disposto nos artigos 43, 59 e 64, o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante será responsable fronte ao ordenante da correcta execución da operación de pagamento, a menos que o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante poida demostrar ao ordenante e, se for o caso, ao fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario, que este último fornecedor recibiu o importe da operación de pagamento de conformidade co artigo 55. En tal caso, o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario será responsable fronte ao beneficiario da correcta execución da operación de pagamento.

Cando sexa responsable o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante conforme o disposto no parágrafo primeiro, devolverá sen demora inxustificada ao ordenante a cantidade correspondente á operación de pagamento non executada ou executada de forma defectuosa e, se for o caso, restablecerá o saldo da conta de pagamento á situación en que estaría se non tivese lugar a operación de pagamento defectuosa.

A data de valor do aboamento na conta de pagamento do ordenante non será posterior á data en que se efectuase o débito do importe.

Cando sexa responsable o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario conforme o disposto no parágrafo primeiro, porá inmediatamente ao dispor do beneficiario o importe correspondente á operación de pagamento e, se for o caso, aboará o importe correspondente na conta de pagamento do beneficiario.

A data de valor do aboamento na conta de pagamento do beneficiario non será posterior á data en que se tería atribuído a data de valor ao importe en caso de execución correcta da operación, de conformidade co disposto no artigo 58.

Cando unha operación de pagamento se execute con atraso, o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario asegurará que, logo de solicitude do fornecedor de servizos

de pagamento do ordenante que actúe no seu nome, a data de valor do aboamento na conta de pagamento do beneficiario non sexa posterior á data que se tería atribuído ao importe en caso de execución correcta da operación.

No caso dunha operación de pagamento non executada ou executada de maneira defectuosa na cal o ordenante iniciase a orde de pagamento, o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante, logo de petición e con independencia da responsabilidade que se determine conforme o presente número, tratará inmediatamente de rastrexar a operación de pagamento e notificará ao ordenante os resultados. Non se cobrará por isto ningún gasto ao ordenante.

2. No caso de ordes de pagamento iniciadas polo beneficiario ou a través del, e sen prexuízo do disposto nos artigos 43, 59 e 64, o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario será responsable fronte ao beneficiario da correcta transmisión da orde de pagamento ao fornecedor de servizos de pagamento do ordenante, de conformidade co artigo 55.3. Cando o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario sexa responsable conforme o disposto no presente parágrafo, devolverá inmediatamente o importe da orde de pagamento ao fornecedor do servizo de pagamento do ordenante.

Cando a transmisión da orde de pagamento se efectúe con atraso, a data de valor correspondente ao aboamento do importe na conta de pagamento do beneficiario non será posterior á data de valor que tería en caso de execución correcta da operación.

Ademais, e sen prexuízo do disposto nos artigos 43, 59, e 64, o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario será responsable fronte ao beneficiario da tramitación da operación de pagamento de conformidade coas obrigacións que lle incumben conforme o artigo 58. Cando o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario sexa responsable conforme o disposto no presente parágrafo, velará por que o importe da operación de pagamento estea ao dispor do beneficiario inmediatamente despois de que ese importe sexa aboado na súa propia conta. A data de valor correspondente ao aboamento do importe na conta de pagamento do beneficiario non será posterior á data de valor que tería en caso de execución correcta da operación.

En caso dunha operación de pagamento non executada ou executada de forma defectuosa con respecto á cal o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario non sexa responsable, segundo o disposto nos parágrafos primeiro e terceiro, o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante será responsable fronte ao ordenante. Cando o fornecedor de servizos de pagamento do ordenante incorra así en responsabilidade, devolverá ao ordenante, segundo proceda e sen demora inxustificada, o importe da operación de pagamento non executada ou executada de forma defectuosa e restituirá a conta de pagamento na cal se efectuase o débito ao estado en que se encontraría se non se tivese efectuado a operación de pagamento defectuosa. A data de valor do aboamento na conta de pagamento do ordenante non será posterior á data en que se efectuase o débito do importe.

A obrigación en virtude do parágrafo cuarto non se aplicará ao fornecedor de servizos de pagamento do ordenante se ese fornecedor pode demostrar que o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario recibiu o importe da operación de pagamento, mesmo se o pagamento simplemente se executou con atraso. En tal caso, o fornecedor do servizo de pagamento do beneficiario atribuirá unha data de valor ao importe correspondente ao aboamento do importe na conta de pagamento do beneficiario que non será posterior á data de valor que tería en caso de execución correcta da operación.

No caso dunha operación de pagamento non executada ou executada de maneira defectuosa na cal a orde de pagamento fose iniciada polo beneficiario ou a través del, o fornecedor de servizos de pagamento do beneficiario, logo de petición e con independencia da responsabilidade que se determine conforme o presente número, tratará inmediatamente de rastrexar a operación de pagamento e notificará ao beneficiario os resultados. Non se cobrará por isto ningún gasto ao beneficiario.

Artigo 61. *Responsabilidade do fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos por inexecución ou execución defectuosa de operacións de pagamento.*

1. No que respecta ás operacións de pagamento iniciadas polo ordenante a través dun fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta, sen prexuízo do disposto nos artigos 43 e 59, devolverá ao ordenante o importe da operación de pagamento non executada ou executada de forma defectuosa e, se for o caso, restituirá a conta de pagamento na cal se efectuase o cargo ao estado en que se encontraría se non se tivese efectuado a operación defectuosa.

Corresponderá ao fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos demostrar que o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta do ordenante recibira a orde de pagamento de conformidade co artigo 50 e que, dentro do seu ámbito de competencia, a operación de pagamento foi autenticada e rexistrada con exactitude e non se viu afectada por un fallo técnico ou outras deficiencias vinculadas á inexecución, a execución defectuosa ou a execución con atraso da operación.

2. Se o responsable da inexecución, a execución defectuosa ou a execución con atraso da operación de pagamento é o fornecedor de servizos de iniciación de pagamentos, deberá resarcir de inmediato o fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta, a petición deste, polas perdas sufridas ou as sumas aboadas para efectuar a devolución ao ordenante.

Artigo 62. *Indemnización adicional.*

Sen prexuízo das indemnizacións adicionais que poidan determinarse de conformidade coa normativa aplicable ao contrato celebrado entre o usuario e o seu fornecedor, cada fornecedor de servizos de pagamento será responsable fronte ao seu respectivo usuario de todos os gastos que ocasionen e sexan da súa responsabilidade de conformidade co disposto no artigo 60 e 61, así como dos xuros que poderían terse aplicado ao usuario como consecuencia da inexecución ou da execución defectuosa ou con atraso de operacións de pagamento.

Artigo 63. *Dereito de resarcimento.*

En caso de que a responsabilidade dun fornecedor de servizos de pagamento conforme os artigos 45, 60 e 61 sexa atribuíble a outro fornecedor de servizos de pagamento ou a un intermediario, aquel poderá repetir contra o fornecedor ou intermediario responsable as posibles perdas ocasionadas, así como as cantidades aboadas. Isto sen prexuízo doutras compensacións suplementarias que puideren establecerse de conformidade cos acordos concluídos entre o fornecedor de servizos de pagamento e os seus intermediarios, e coa lexislación aplicable aos acordos concluídos entre ambas as partes.

Haberá, así mesmo, lugar a indemnización en caso de que algún dos fornecedores de servizos de pagamento non faga uso da autenticación reforzada de clientes.

Artigo 64. *Ausencia de responsabilidade cando concorran circunstancias excepcionais e imprevisibles.*

A responsabilidade establecida conforme os capítulos II e III deste título non se aplicará en caso de circunstancias excepcionais e imprevisibles fóra do control da parte que invoca acollerse a estas circunstancias, cuxas consecuencias terían sido inevitables a pesar de todos os esforzos en senso contrario, ou en caso de que a un fornecedor de servizos de pagamento se lle apliquen outras obrigacións legais.

#### CAPÍTULO IV

##### Protección de datos

Artigo 65. *Protección de datos.*

1. O tratamento e cesión dos datos relacionados coas actividades a que se refire este real decreto lei encóntranse sometidos ao disposto no Regulamento (UE) 2016/679

do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE, na normativa española de protección de datos e na normativa nacional que o desenvolve.

## CAPÍTULO V

### Riscos operativos e de seguranza

Artigo 66. *Xestión de riscos operativos e de seguranza.*

1. Os provedores de servizos de pagamento establecerán un marco, de conformidade co que dispoña o Banco de España, con medidas paliativas e mecanismos de control adecuados para xestionar os riscos operativos e de seguranza relacionados cos servizos de pagamento que prestan. Como parte dese marco, os provedores de servizos de pagamento establecerán e manterán procedementos eficaces de xestión de incidentes, en particular para a detección e a clasificación dos incidentes operativos e de seguranza de carácter grave.

2. Os provedores de servizos de pagamento proporcionarán ao Banco de España, coa periodicidade e forma que este determine, ao menos unha vez ao ano, unha avaliación actualizada e completa dos riscos operativos e de seguranza asociados aos servizos de pagamento que prestan e da adecuación das medidas paliativas e os mecanismos de control aplicados en resposta a tales riscos.

Artigo 67. *Notificación de incidentes.*

1. Os provedores de servizos de pagamento notificarán ao Banco de España, de forma inmediata e na forma que este determine, os incidentes operativos ou de seguranza graves.

Se o incidente de seguranza afectar ou puiden afectar os intereses financeiros dos usuarios dos seus servizos de pagamento, o provedor de servizos de pagamento informaraos sen dilación indebida do incidente e de todas as medidas paliativas dispoñibles que poden adoptar para mitigar as consecuencias adversas do incidente.

2. O Banco de España facilitará sen dilación indebida os detalles pertinentes do incidente á Autoridade Bancaria Europea (ABE) e ao Banco Central Europeo (BCE). O Banco de España, despois de avaliar a importancia do incidente para outras autoridades nacionais, informaraos segundo corresponda.

O Banco de España colaborará coa ABE e o BCE na valoración da importancia que poida ter o incidente para outras autoridades pertinentes da Unión Europea e nacionais e notificaralles o incidente segundo corresponda.

3. Cando o Banco de España sexa notificado por outra autoridade competente na forma sinalada no número anterior tomará, se for o caso, as medidas necesarias para protexer a seguranza inmediata do sistema financeiro.

4. Os provedores de servizos de pagamento facilitarán ao Banco de España, na forma e coa periodicidade que este determine, ao menos anualmente, datos estatísticos sobre fraude relacionada con diferentes medios de pagamento. Esta información será facilitada polo Banco de España en forma agregada á ABE e ao BCE.

5. O Banco de España colaborará co Instituto Nacional de Ciberseguranza coa finalidade de elevar a confianza dixital. En particular, trasladaralle os incidentes de seguranza máis frecuentes e significativos comunicados polos provedores de servizos de pagamento conforme o previsto nos números anteriores, cos criterios e a periodicidade que se acorde entre ambas as institucións.

**Artigo 68. Autenticación.**

1. Os provedores de servizos de pagamento aplicarán a autenticación reforzada de clientes, na forma, co contido e coas excepcións previstas na correspondente norma técnica aprobada pola Comisión Europea, cando o ordenante:

- a) acceda á súa conta de pagamento en liña;
- b) inicie unha operación de pagamento electrónico;
- c) realice por unha canle remota calquera acción que poida entrañar un risco de fraude no pagamento ou outros abusos.

2. No que se refire á iniciación das operacións de pagamento electrónico mencionada no número 1, alínea b), respecto das operacións remotas de pagamento electrónico, os provedores de servizos de pagamento aplicarán unha autenticación reforzada de clientes que inclúa elementos que asocien dinamicamente a operación a un importe e un beneficiario determinados.

3. Nos casos a que se refire o número 1, os provedores de servizos de pagamento contarán con medidas de seguranza adecuadas para protexer a confidencialidade e a integridade das credenciais de seguranza personalizadas dos usuarios dos servizos de pagamento.

4. Os números 2 e 3 aplicaranse, así mesmo, cando os pagamentos se inicien a través dun provedor de servizos de iniciación de pagamentos. Os números 1 e 3 aplicaranse, así mesmo, cando a información se solicite a través dun provedor de servizos de pagamento que preste servizos de información sobre contas.

5. O provedor de servizos de pagamento xestor de conta permitirá ao provedor de servizos de iniciación de pagamentos e ao provedor de servizos de pagamento que preste servizos de información sobre contas utilizar os procedementos de autenticación facilitados ao usuario de servizos de pagamento polo provedor de servizos de pagamento xestor de conta de conformidade cos números 1 e 3 e cando interveña o provedor de servizos de iniciación de pagamentos, de conformidade cos números 1, 2 e 3.

6. Non obstante, non será preciso aplicar a autenticación reforzada de clientes a que se refire o número 1 aos supostos indicados no artigo 98.1.b) da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015.

**CAPÍTULO VI****Procedementos de resolución alternativa de litixios****Artigo 69. Resolución de reclamacións polos provedores de servizos de pagamento.**

1. Os provedores de servizos de pagamento disporán dun servizo de atención ao cliente que resolverá as reclamacións que lles presenten os seus usuarios de servizos de pagamento en relación cos dereitos e obrigacións que derivan dos títulos II e III deste real decreto lei en papel ou, se así acordan o provedor e o usuario, noutro soporte duradeiro. Nesa resposta tratarán todas as cuestións suscitadas o máis tardar quince días hábiles despois da recepción da reclamación.

2. En situacións excepcionais, se non pode ofrecerse unha resposta no prazo de quince días hábiles por razóns alleas á vontade do provedor de servizos de pagamento, este deberá enviar unha resposta provisoria, na cal indique claramente os motivos do atraso da contestación á reclamación e especifique o prazo no cal o usuario dos servizos de pagamento recibirá a resposta definitiva. En calquera caso, o prazo para a recepción da resposta definitiva non excederá un mes.

3. Os órganos previstos na lexislación sobre protección dos clientes de servizos financeiros cooperarán, no caso de litixios transfronteirizos, cos organismos competentes da resolución destes conflitos no ámbito comunitario.

4. No non previsto neste artigo, e en tanto non se opoña a el, será de aplicación o artigo 29 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, e o seu desenvolvemento regulamentario.

5. Regulamentariamente poderán desenvolverse os aspectos organizativos e procedementais dos servizos de atención ao cliente a que se refire este artigo.

Artigo 70. *Resolución alternativa de conflitos.*

1. As queixas e reclamacións que presenten os usuarios de servizos de pagamento que estean relacionadas cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos, e que deriven de presuntos incumprimentos polos provedores de servizos de pagamento previstos no artigo 5.1 das disposicións deste real decreto lei, das súas normas de desenvolvemento, dos estándares ou das boas prácticas e usos financeiros que resulten aplicables serán resoltas, cando se cree, pola entidade de resolución alternativa no ámbito da actividade financeira a que fai referencia a disposición adicional primeira da Lei 7/2017, do 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo.

2. O resto das entidades acreditadas conforme o disposto na Lei 7/2017, do 2 de novembro, que dean cobertura a reclamacións de consumo de todos os sectores económicos poderán coñecer igualmente deste tipo de litixios, sempre que ambas as partes se sometesen voluntariamente á súa competencia.

#### TÍTULO IV

##### Réxime sancionador

Artigo 71. *Disposicións xerais.*

1. Aos provedores de servizos de pagamento sinalados no artigo 5.1, así como aos que teñan cargos de administración ou dirección neles, seralles de aplicación directa o réxime sancionador previsto no título IV da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, así como o Real decreto 2119/1993, do 3 de decembro, sobre o procedemento sancionador aplicable aos suxeitos que actúan nos mercados financeiros.

2. Désígnase o Banco de España como autoridade nacional competente para garantir e vixiar o cumprimento efectivo deste real decreto lei.

3. Terán consideración de normas de ordenación e disciplina como as que se refire o artigo 2 da Lei 10/2014, do 26 de xuño:

a) as disposicións contidas neste real decreto lei e as normas que a desenvolvan, con excepción do previsto nos artigos 35.3 e 62,

b) as disposicións do Regulamento (CE) 924/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro de 2009, relativo aos pagamentos transfronteirizos na Comunidade e polo que se derroga o Regulamento (CE) 2560/2001,

c) as disposicións contidas no Regulamento (UE) n.º 260/2012 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de marzo de 2012, polo que se establecen requisitos técnicos e empresariais para as transferencias e os débitos domiciliados en euros, e se modifica o Regulamento (CE) n.º 924/2009,

d) o Regulamento (UE) 2015/751 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2015, sobre as taxas de intercambio aplicadas ás operacións de pagamento con tarxeta,

e) o capítulo III do título I da Lei 18/2014, do 15 de outubro, de aprobación de medidas urxentes para o crecemento, a competitividade e a eficiencia,

f) os artigos 16, 28.2 e 29.1 do Regulamento (UE) 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, sobre os índices utilizados como referencia nos instrumentos financeiros e nos contratos financeiros ou para medir a rendibilidade dos

fondos de investimento, e polo que se modifican as directivas 2008/48/CE e 2014/17/UE e o Regulamento (UE) n.º 596/2014; e

g) calquera outra lei e disposición de carácter xeral que conteña preceptos especificamente referidos aos provedores de servizos de pagamento e de obrigada observancia para eles.

4. As actividades levadas a cabo polos axentes e sucursais dos provedores de servizos de pagamento autorizados noutro Estado membro que sexan contrarias ao establecido nos títulos II e III serán sancionadas de conformidade co previsto no número 1.

5. O Banco de España establecerá os procedementos necesarios para que os usuarios de servizos de pagamento e demais partes interesadas, incluídas as asociacións de consumidores lexitimadas pola normativa estatal ou autonómica segundo corresponda ao seu ámbito de incidencia e representatividade, poidan presentarlle denuncias en relación con presuntas infraccións, por parte dos provedores de servizos de pagamento, das disposicións previstas neste real decreto lei e no seu desenvolvemento regulamentario.

Sen prexuízo do dereito a presentar unha demanda ante o órgano xurisdiccional competente, o Banco de España deberá, na súa resposta motivada, informar o denunciante da existencia dos procedementos extraxudiciais de resolución alternativa de litixios establecidos en virtude do artigo 70.

6. En caso de infracción ou sospeita de infracción das disposicións contidas nos títulos II e III, as autoridades competentes para aplicar o réxime sancionador serán as do Estado membro de orixe do provedor de servizos de pagamento, excepto no caso dos axentes e sucursais que exerzan as súas actividades en España ao abeiro do dereito de establecemento, para os cales a autoridade competente será o Banco de España.

#### *Artigo 72. Infraccións das administracións públicas e do Banco de España.*

1. Cando as infraccións a que se refire o artigo 71 fosen cometidas por unha Administración pública, o Banco de España ditará unha resolución establecendo as medidas que procede adoptar para que cesen ou se corrixan os efectos da infracción. Esta resolución notificarase, ademais de á Administración pública infractora, ao órgano de que dependa xerarquicamente e aos afectados, se os houber.

2. O Banco de España designará o órgano específico dentro da súa estrutura que será competente para ditar a resolución a que se refire o número 1 cando as infraccións fosen cometidas polo propio Banco de España como consecuencia da prestación de servizos de pagamento. Este órgano actuará con plena independencia respecto daqueles departamentos e servizos cuxa función sexa a prestación de servizos de pagamento.

3. O órgano competente poderá propor tamén a iniciación de actuacións disciplinarias, se procederen. O procedemento e as sancións que se apliquen serán as establecidas na lexislación sobre réxime disciplinario aplicable ao persoal das administracións públicas ou o aplicable ao Banco de España, se for o caso.

4. Deberanse comunicar ao Banco de España as resolucións que se diten en relación coas medidas e actuacións a que se refiren os números anteriores.

5. O Banco de España comunicará ao Defensor do Pobo as actuacións que efectúe e as resolucións que dite ao abeiro dos números anteriores, co obxecto de que este adopte as medidas que entenda necesarias no marco das súas competencias.

6. Para os efectos deste artigo entenderase por Administración pública os entes a que fan referencia as alíneas a) a c) do artigo 2.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

#### *Disposición adicional primeira. Réxime aplicable aos débitos ou aboamentos correspondentes a operacións distintas das de pagamento.*

O disposto no artigo 58 aplicarase a aquelas operacións distintas das mencionadas no número 2 do artigo 1, cuxo aboamento ou débito se produza en contas de pagamento ou outras contas á vista mantidas en entidades de crédito.



No caso de cheques ou outras operacións suxeitas a cláusula suspensiva, o disposto no artigo 58 soamente será de aplicación cando se producise o aboamento en firme na conta do fornecedor de servizos de pagamento.

Disposición adicional segunda. *Retirada de efectivo en caixeiros automáticos.*

1. O disposto na presente disposición adicional resultará de aplicación:

a) Aos seguintes fornecedores de servizos de pagamento, cando sexan titulares de caixeiros automáticos, en territorio español, aptos para seren utilizados en operacións de retirada de efectivo:

- 1) as entidades de crédito.
- 2) as entidades de pagamento.
- 3) as entidades de diñeiro electrónico.
- 4) os establecementos financeiros de crédito autorizados para operar como entidades de pagamento híbridas ou entidades de diñeiro electrónico híbridas.

5) as sucursais en España das entidades indicadas nos incisos 1) a 4) anteriores que estean autorizadas nun Estado membro da Unión Europea ou en terceiros Estados.

b) Aos fornecedores de servizos de pagamento indicados na alínea a) residentes en España e autorizados para emitiren tarxetas ou outros instrumentos de pagamento en territorio español.

c) Aos fornecedores de servizos de retirada de efectivo en caixeiros automáticos comprendidos no artigo 4.º), cando sexan titulares de caixeiros automáticos en territorio español.

2. En caso de retirada de efectivo con tarxeta ou outros instrumentos de pagamento, o fornecedor de servizos de pagamento titular do caixeiro automático non poderá exixir cantidade ningunha aos clientes dos demais fornecedores de servizos de pagamento previstos no número 1, sen prexuízo da comisión que poida exixir ao fornecedor de servizos de pagamento emisor da tarxeta ou instrumento de pagamento.

3. Antes de que sexa retirado efectivo a débito polo titular da tarxeta ou instrumento de pagamento e co fin de pedir o seu consentimento explícito, o fornecedor de servizos de pagamento titular do caixeiro deberá informalo da comisión que por esa retirada vaia cobrarse ao fornecedor de servizos de pagamento emisor da tarxeta ou instrumento de pagamento, así como da posibilidade de que a comisión lle sexa repercutida por esta última total ou parcialmente.

No caso de retirada de efectivo a crédito, a información anterior deberá incluír, así mesmo, o importe máximo adicional que lle poderá aplicar o fornecedor de servizos de pagamento emisor de acordo co disposto no número 6.

4. O consentimento do titular da tarxeta ou instrumento de pagamento obrigará o fornecedor de servizos de pagamento emisor ao pagamento da comisión exixida polo fornecedor de servizos de pagamento titular do caixeiro, sempre que o primeiro dispoña de saldo suficiente para atender a retirada de efectivo e a cantidade que o fornecedor de servizos de pagamento emisor lle poida repercutir de acordo co número 6.

5. A comisión que satisfará o fornecedor de servizos de pagamento emisor da tarxeta ou instrumento de pagamento ao fornecedor de servizos de pagamento titular do caixeiro poderá ser obxecto de acordo entre ambas as partes.

Na falta de acordo, a comisión que determine o fornecedor de servizos de pagamento titular do caixeiro será a mesma en todo o territorio nacional e non será discriminatoria, sen que poidan derivarse diferenzas para prestacións equivalentes; así mesmo, a comisión non poderá distinguir en función do tipo dos clientes do fornecedor de servizos de pagamento e soamente poderá revisarse semestralmente.

Os acordos e decisións que se adopten ao abeiro deste número deberán en todo caso ser acordos coa normativa de defensa da competencia.

6. Pola retirada de efectivo a débito en caixeiros automáticos doutros provedores de servizos de pagamento, o provedor de servizos de pagamento emisor da tarxeta ou instrumento de pagamento non poderá repercutir ao seu cliente cantidade superior á comisión que lle cobrase o provedor de servizos de pagamento titular do caixeiro de conformidade co número anterior, nin aplicarlle cantidade adicional ningunha por calquera outro concepto. Dentro do límite anterior, a cantidade repercutible será a que libremente se fixe no contrato entre o provedor de servizos de pagamento emisor da tarxeta ou instrumento de pagamento e o seu cliente.

O disposto no parágrafo anterior non será de aplicación nas retiradas de efectivo a crédito, nas cales o provedor de servizos de pagamento emisor da tarxeta ou instrumento de pagamento poderá aplicar ao cliente un importe adicional por este concepto. En todo caso, este importe non poderá ser superior ao que aplique ao cliente pola retirada de efectivo a crédito nos seus propios caixeiros.

7. Os provedores de servizos de pagamento titulares dos caixeiros ou emisores das tarxetas ou instrumentos de pagamento deberán informar o Banco de España das comisións pola retirada de efectivo a que se refire o número 5. A información anterior subministrárase na forma e co contido e periodicidade que determine o Banco de España.

Disposición adicional terceira. *Obrigacións de información.*

Os provedores de servizos de pagamento comunicarán ao Banco de España, coa forma e periodicidade que este estableza, a información que aquel entenda necesaria para o exercicio das súas funcións como autoridade nacional competente encargada de vixiar o adecuado cumprimento das disposicións relativas aos servizos de pagamento.

Disposición transitoria primeira. *Réxime transitorio para as entidades de pagamento que contan con autorización.*

1. As entidades de pagamento que comezasen a exercer actividades conforme a Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, e a súa normativa de desenvolvemento antes da entrada en vigor deste real decreto lei, poderán proseguir as súas actividades de conformidade co previsto nesa lei, sen necesidade de obter a autorización prevista no artigo 11 deste real decreto lei e nas súas disposicións de desenvolvemento durante un máximo de catro meses.

2. As entidades de pagamento a que se refire o número anterior deberán presentar ante o Banco de España, dentro dos dous meses posteriores á entrada en vigor deste real decreto lei, a información pertinente, a fin de que poida determinarse se esas entidades se axustan aos requisitos establecidos nela e na súa normativa de desenvolvemento e, en caso de que non sexa así, as medidas que deben adoptarse para garantir o seu cumprimento ou se procede retirar a autorización.

As entidades de pagamento que reúnan os requisitos anteriores serán autorizadas e inscritas no rexistro especial de entidades de pagamento do Banco de España, segundo o establecido no artigo 11 deste real decreto lei. Se, transcorrido o prazo de catro meses sinalado no parágrafo primeiro deste número, non quedou acreditado que esas entidades de pagamento cumpren tales requisitos, aquelas terán prohibido prestar servizos de pagamento a partir da citada data.

3. As entidades de pagamento a que se refire o número 1 recibirán automaticamente autorización e inscribíranse no correspondente rexistro se o Banco de España ten xa constancia do cumprimento dos requisitos establecidos neste real decreto lei, informando disto as entidades de pagamento afectadas antes de concederlles a autorización.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio para as entidades de pagamento cuxa actividade consista no servizo recollido no artigo 1.2.g) da Lei 16/2009, do 13 de novembro.*

Non obstante o disposto na disposición transitoria primeira, as entidades de pagamento autorizadas para prestaren os servizos de pagamento indicados na redacción do artigo 1.2.g) da Lei 16/2009, do 13 de novembro, previa á entrada en vigor deste real decreto lei, conservarán esa autorización para prestaren os servizos de pagamento previstos no artigo 1.2.c) deste real decreto lei se, o máis tardar o 13 de xaneiro de 2020, o Banco de España ten constancia de que cumpren cos requisitos establecidos no artigo 19 deste real decreto lei e na súa normativa de desenvolvemento.

Disposición transitoria terceira. *Réxime transitorio para os servizos de iniciación de pagamentos ou de información sobre contas.*

As persoas xurídicas que prestasen servizos de iniciación de pagamentos ou de información sobre contas con anterioridade ao 12 de xaneiro de 2016 poderán continuar realizando tales actividades até transcorren 18 meses desde a entrada en vigor do Regulamento delegado (UE) 2018/389 da Comisión, do 27 de novembro de 2017, polo que se complementa a Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás normas técnicas de regulación para a autenticación reforzada de clientes e uns estándares de comunicación abertos, comúns e seguros.

Disposición transitoria cuarta. *Réxime transitorio para entidades de diñeiro electrónico que contan con autorización.*

1. As entidades de diñeiro electrónico que iniciasen a súa actividade conforme a Lei 21/2011, do 26 de xullo, e a súa normativa de desenvolvemento antes da entrada en vigor deste real decreto lei poderán seguir a exercela de conformidade co previsto na dita lei, sen necesidade de obter a autorización prevista no artigo 4 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, na redacción dada por este real decreto lei, e as súas disposicións de desenvolvemento, durante un máximo de catro meses.

2. As entidades de diñeiro electrónico a que se refire o número anterior deberán presentar ante o Banco de España dentro dos dous meses posteriores á entrada en vigor deste real decreto lei a información pertinente, a fin de que poida determinarse se esas entidades se axustan aos requisitos establecidos no artigo 4 da Lei 21/2011, do 26 de xullo, e na súa normativa de desenvolvemento e, en caso de que non sexa así, as medidas que deben adoptarse para garantir o seu cumprimento ou se procede retirar a autorización.

As entidades de diñeiro electrónico que reúnan os requisitos anteriores serán autorizadas e inscritas no Rexistro Especial de Entidades de Diñeiro Electrónico do Banco de España, segundo o establecido no artigo 4 da Lei 21/2011, do 26 de xullo. Prohibirase a prestación de servizos de pagamento a aquelas entidades de diñeiro electrónico que non acreditasen o cumprimento de tales requisitos unha vez transcorrido o prazo a que se refire o parágrafo primeiro.

3. As entidades de diñeiro electrónico a que se refire o número 1 recibirán automaticamente autorización e inscribíranse no correspondente rexistro se o Banco de España ten xa constancia do cumprimento dos requisitos para prestar servizos de pagamento de conformidade co establecido neste real decreto lei, informando disto as entidades de diñeiro electrónico afectadas antes de concederlles a autorización.

Disposición transitoria quinta. *Contratos en vigor.*

Os contratos que os provedores de servizos de pagamento que operen en España teñan subscritos coa súa clientela até a data de entrada en vigor deste real decreto lei, para a regulación das condicións en que ha ter lugar a prestación dos servizos de pagamento a que se refire este real decreto lei, seguirán sendo válidos unha vez que entre

en vigor esta, sen prexuízo da aplicación, a partir dese momento, das disposicións de carácter imperativo que resulten máis favorables para os consumidores e microempresas.

Disposición transitoria sexta. *Establecemento dos procesos necesarios para asegurar o cumprimento dos límites establecidos no artigo 4.1.*

Aquelas empresas que presten a actividade prevista no artigo 4.1) disporán dun prazo de seis meses desde a entrada en vigor deste real decreto lei para estableceren os procesos internos necesarios que aseguren que non se superan os límites monetarios establecidos nesa norma.

Disposición transitoria sétima. *Réxime transitorio para a resolución de queixas e reclamacións dos usuarios de servizos de pagamento.*

Até a entrada en vigor da lei prevista na disposición adicional primeira da Lei 7/2017, do 2 de novembro, pola que se incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 2013/11/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 21 de maio de 2013, relativa á resolución alternativa de litixios en materia de consumo, o servizo de reclamacións do Banco de España regulado no artigo 30 da Lei 44/2002, do 22 de novembro, de medidas de reforma do sistema financeiro, atenderá as queixas e reclamacións que presenten os usuarios de servizos de pagamento, que estean relacionadas cos seus intereses e dereitos legalmente recoñecidos, e que deriven de presuntos incumprimentos polas entidades reclamadas, da normativa de transparencia e protección da clientela ou das boas prácticas e usos financeiros.

O servizo de reclamacións do Banco de España axustará o seu proceder na resolución das queixas e reclamacións que presenten os usuarios de servizos de pagamento aos principios de profesionalidade, adecuación, imparcialidade, efectividade e independencia organizativa e funcional.

Disposición transitoria oitava. *Prohibición de abuso polos provedores de servizos de pagamento xestores de conta.*

Durante o período anterior á data de cumprimento do Regulamento delegado (UE) 2018/389 da Comisión do 27 de novembro de 2017, polo que se complementa a Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás normas técnicas de regulación para a autenticación reforzada de clientes e uns estándares de comunicación abertos, comúns e seguros, ningún provedor de servizos de pagamento xestor de conta poderá abusar da situación de incumprimento para impedir ou dificultar a utilización de servizos de iniciación de pagamentos e servizos de información sobre contas en relación coas contas de cuxa xestión se encargue.

Disposición transitoria novena. *Procedementos de autorización en curso.*

1. Aos procedementos de autorización de entidades de pagamento, de entidades de diñeiro electrónico ou de establecementos financeiros de crédito híbridos xa iniciados antes da entrada en vigor do desenvolvemento regulamentario do título I seranlles de aplicación as normas establecidas neste real decreto lei, no artigo 5 da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, e aquelas outras disposicións do Real decreto 712/2010, do 28 de maio, de réxime xurídico dos servizos de pagamento e das entidades de pagamento, que non se opoñan ao disposto naquelas.

2. Aos procedementos de rexistro de entidades prestadoras do servizo de información sobre contas xa iniciados antes da entrada en vigor do desenvolvemento regulamentario do título I seranlles de aplicación o previsto neste real decreto lei, no artigo 5, número 1, alíneas a), b), e) a h), j), l), n), p) e q) da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, e nas disposicións do Real decreto 712/2010,

do 28 de maio, de réxime xurídico dos servizos de pagamento e das entidades de pagamento, que non se opoñan ao disposto naquelas.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Queda derogada a Lei 16/2009, do 13 de novembro, de servizos de pagamento, así como cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan ao disposto neste real decreto lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de liquidación de valores.*

O artigo 8 da Lei 41/1999, do 12 de novembro, sobre sistemas de pagamentos e de compensación e liquidación de valores, queda redactado como segue;

«Artigo 8. *Sistemas españois recoñecidos por esta lei.*

Para efectos do disposto na presente lei, e sen prexuízo de que poidan recoñecerse novos sistemas no futuro de conformidade co artigo 4, considéranse e recoñécense como sistemas españois de pagamentos e de compensación e liquidación de valores e produtos financeiros derivados os seguintes:

1. O Sistema nacional de compensación electrónica, xestionado pola Sociedad Española de Sistemas de Pago, Sociedad Anónima, de conformidade co disposto no artigo 17 da presente lei.
2. O sistema de liquidación de valores ARCO, xestionado pola Sociedad de Gestión de los Sistemas de Registro, Compensación y Liquidación de Valores, S.A. Unipersonal.
3. A entidade de contrapartida central BME Clearing, S.A.U.
4. TARGET 2-Banco de España (abreviado TARGET 2-BE), sistemas de pagamentos xestionado polo Banco de España e compoñente español do sistema de grandes pagamentos denominados en euros «TARGET 2», xestionado polo Sistema europeo de bancos centrais, incluídas as súas conexións cos demais compoñentes nacionais de TARGET 2.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo.*

A Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, queda modificada como segue:

Primeiro. Modifícase o artigo 69.1, que pasa a ter a seguinte redacción:

«1. Quedan suxeitos ao réxime de supervisión, inspección e sanción desta lei, no que se refire ao cumprimento desta lei e da súa normativa de desenvolvemento, así como das normas de dereito da Unión Europea que conteñan preceptos especificamente referidos a elas, incluído o Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario:

- a) As IIC previstas no artigo 2.1 desta lei.
- b) As sociedades xestoras previstas no título IV desta lei e os seus axentes, competencia que se estende a calquera oficina ou centro dentro ou fóra do territorio español.
- c) Os depositarios de IIC.
- d) Os que realicen operacións propias de calquera dos suxeitos anteriores e, en xeral, as restantes persoas físicas e xurídicas en canto poidan verse afectadas polas normas desta lei e as súas disposicións regulamentarias, en particular para os

efectos de comprobar se infrinxen as reservas de actividade e denominación previstas no artigo 14.»

Segundo. Modifícanse as letras a, b, e, n, w, z ter e z septies do artigo 80, que quedan redactadas nos seguintes termos:

«a. A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores, no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións deban remitírselle en virtude do disposto na lei e nas súas normas de desenvolvemento, así como das normas de dereito da Unión Europea que conteñan preceptos especificamente referidos a elas, ou que a Comisión requira no exercicio das súas funcións, cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese e cando con isto se dificulte a apreciación da solvencia da entidade ou, se for o caso, da situación patrimonial das ECR ou EIC xestionadas.

Do mesmo modo constitúe infracción moi grave a remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores de información incompleta ou de datos inexactos, non veraces ou enganosos, cando nestes supostos a corrección sexa relevante. A relevancia da corrección determinarase tendo en conta, entre outros, os seguintes criterios: que se poidan coñecer publicamente as circunstancias que permiten influír na apreciación do valor do patrimonio e nas perspectivas da institución, en particular os riscos inherentes que comporta, e que se poida coñecer se a institución cumpre ou non coa normativa aplicable.»

«b. O investimento en calquera activo distinto dos autorizados legalmente e, se for o caso, nos artigos 9 a 16 do Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, ou dos permitidos polo folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor, os estatutos ou o Regulamento da IIC, sempre que isto desvirtúe o obxecto da IIC, prexudique gravemente os intereses dos accionistas ou partícipes, ou se trate de incumprimento reiterado.»

«e. O incumprimento dos límites ao investimento ou dos coeficientes de investimento mínimo, incluídos, se for o caso, aqueles contidos nos artigos 17 e 18 do Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, ou das condicións establecidas no folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor, os estatutos ou o Regulamento da IIC, sempre que isto desvirtúe o obxecto da IIC ou prexudique gravemente os intereses dos accionistas, partícipes e terceiros, ou se trate dun incumprimento reiterado.»

«n. O incumprimento por parte das sociedades xestoras das funcións e obrigacións establecidas no artigo 46, así como, se for o caso, das obrigacións contidas nos artigos 19, 20, 21, 23, 24, 25, 27, 28 e 34 do Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, sempre que carreten un prexuízo grave para os partícipes ou accionistas dunha IIC.»

«w. A obtención da autorización en virtude desta lei ou, se for o caso, do Regulamento (UE) n.º 2017/1131, do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, a través de declaracións falsas, omisións ou por outro medio irregular, ou o incumprimento das condicións presentadas para a obtención da autorización cando neste último caso se produza prexuízo grave para os intereses de partícipes ou accionistas ou se trate dunha conduta reiterada.»

«z ter. A valoración dos activos propiedade das IIC apartándose do establecido pola normativa, incluída, se for o caso, a contida nos artigos 29 a 33 do Regulamento

(UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, cando isto prexudique gravemente os intereses dos partícipes ou accionistas, se trate dunha conduta reiterada ou teña impacto substancial no valor liquidativo da IIC.»

«z septies. O incumprimento do previsto no artigo 17 así como, se for o caso, dos artigos 26 e 36 do Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, sempre que carrete un prexuízo grave para os investidores.»

Terceiro. Modifícanse as letras c, g, t, v, y, z quinquies do artigo 81, que quedan redactadas nos seguintes termos:

«c. O incumprimento dos límites ao investimento ou dos coeficientes de investimento mínimo, incluídos, se for o caso, aqueles contidos nos artigos 17 e 18 do Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.»

«g. O incumprimento por parte das sociedades xestoras das funcións e obrigacións establecidas no artigo 46, así como, se for o caso, das obrigacións contidas nos artigos 19, 20, 21, 23 24, 25, 27, 28 e 34 e 37 do Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, cando non deba ser cualificada como falta moi grave.»

«t. O investimento en calquera activo distinto dos autorizados pola normativa aplicable, incluída, se for o caso, a contida nos artigos 9 a 16 do Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, ou dos permitidos polo folleto, o documento cos datos fundamentais para o investidor, os estatutos, ou o Regulamento da IIC, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.»

«v. A valoración dos activos propiedade das IIC apartándose do establecido pola normativa, incluída, se for o caso, a contida nos artigos 29 a 33 do Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.»

«y. O uso indebido das denominacións a que se refiren os artigos 14 e 40.7 desta lei e normas de desenvolvemento, así como, se for o caso, o artigo 6 do Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario.»

«z quinquies. O incumprimento do previsto no artigo 17, así como, se for o caso, nos artigos 26 e 36 do Regulamento (UE) n.º 2017/1131 do Parlamento Europeo e do Consello, do 14 de xuño de 2017, sobre fondos do mercado monetario, cando non deba cualificarse como infracción moi grave.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación da Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores.*

O segundo parágrafo do artigo 8 da Lei 22/2007, do 11 de xullo, sobre comercialización a distancia de servizos financeiros destinados aos consumidores, queda redactado nos seguintes termos:

«Cando sexa de aplicación o Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, as

disposicións en materia de información contidas no artigo 7.1 desta lei, con excepción do establecido no número 2 alíneas c) a g), o disposto no número 3, alíneas a), b) e e) e o incluído no número 4, alínea b), substituiranse polo establecido no artigo 29 do citado real decreto lei e nas súas disposicións de desenvolvemento, nos termos que alí se establezan.»

Disposición derradeira cuarta. *Modificación do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo.*

Engádesse unha disposición adicional décimo primeira ao texto refundido da Lei de sociedades de capital, coa seguinte redacción:

«Disposición adicional décimo primeira. *Dereito de separación en institucións financeiras.*

Non resultará de aplicación o artigo 348 bis desta lei ás entidades de crédito; aos establecementos financeiros de crédito; ás empresas de servizos de investimento ás cales lles resulte de aplicación o Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012; ás entidades de pagamento e ás entidades de diñeiro electrónico.»

Disposición derradeira quinta. *Modificación da Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico.*

A Lei 21/2011, do 26 de xullo, de diñeiro electrónico, queda modificada como segue:

Un. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«Artigo 4. *Autorización e rexistro.*

1. Corresponde ao Banco de España, logo de informe do servizo executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nos aspectos da súa competencia, autorizar a creación das entidades de diñeiro electrónico, así como o establecemento en España de sucursais desas entidades autorizadas ou domiciliadas nun Estado non membro da Unión Europea. A solicitude de autorización deberá resolverse dentro dos tres meses seguintes á súa recepción ou ao momento en que se complete a documentación exixible. A autorización entenderase desestimada por silencio administrativo se, transcorrido ese prazo máximo, non se tiver notificado resolución expresa. A denegación da autorización deberá motivarse.

O réxime de autorización das entidades de diñeiro electrónico orientarase ao mantemento do maior nivel posible de competencia na prestación de servizos de pagamento e o procedemento de autorización estará presidido polos principios de celeridade, antiformalista e economía procedemental.

O Banco de España comunicará á Secretaría Xeral do Tesouro e Financiamento Internacional a apertura do procedemento de autorización, indicando os elementos esenciais do expediente que se ha tramitar, e a súa finalización, así como calquera outra información que regulamentariamente se determine.

2. A autorización para a creación dunha entidade de diñeiro electrónico denegarase:

a) Cando esta careza de procedementos de Goberno corporativo adecuados, incluída unha boa organización administrativa e contable ou de procedementos de control interno adecuados que garantan a xestión sa e prudente da entidade.

Para estes efectos, as entidades de diñeiro electrónico disporán, en condicións proporcionadas ao carácter, escala e complexidade das súas actividades, dunha



estrutura organizativa adecuada, con liñas de responsabilidade ben definidas, transparentes e coherentes, así como de procedementos eficaces de identificación, xestión, control e comunicación dos riscos a que estean ou poidan estar expostos, xunto con mecanismos adecuados de control interno, incluídos procedementos administrativos e contables sólidos. Tales métodos, procedementos e mecanismos serán exhaustivos e proporcionados á natureza, escala e complexidade da actividade desenvolvida pola entidade.

b) Se, atendendo á necesidade de garantir unha xestión sa e prudente da entidade, non se considera adecuada a idoneidade dos accionistas ou socios que vaian ter unha participación significativa.

Para os efectos desta lei, entenderase por participación significativa nunha entidade de diñeiro electrónico española aquela que alcance, de forma directa ou indirecta, ao menos o 10 por cento do capital ou dos dereitos de voto da entidade, e aquelas que, sen chegar á porcentaxe sinalada, permitan exercer unha influencia notable na entidade. Poderase determinar regulamentariamente cando se deberá presumir que unha persoa física ou xurídica pode exercer unha influencia notable.

A idoneidade apreciarase en función:

1.º Da honorabilidade comercial e profesional dos accionistas ou socios conforme o artigo 30 do Real decreto 84/2015, do 13 de febreiro, polo que se desenvolve a Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito. Esta honorabilidade presumirase cando os accionistas ou socios sexan administracións públicas;

2.º Dos medios patrimoniais con que contan eses accionistas ou socios para atender os compromisos asumidos;

3.º Da falta de transparencia na estrutura do grupo ao cal eventualmente poida pertencer a entidade, ou a existencia de graves dificultades para inspeccionar ou obter a información necesaria sobre o desenvolvemento das súas actividades.

c) Cando os seus administradores e directores xerais responsables da xestión e da prestación dos servizos da entidade non teñan a honorabilidade comercial e profesional requirida conforme o artigo 30 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, ou carezan da experiencia ou dos coñecementos mínimos necesarios.

d) Cando existan vínculos estreitos, segundo se definen no artigo 4, número 1, punto 38, do Regulamento (UE) 575/2013, entre a entidade de diñeiro electrónico e outras persoas físicas ou xurídicas, que obstaculicen o exercicio efectivo das funcións de supervisión

e) Cando o bo exercicio da supervisión da entidade por parte do Banco de España se vexa obstaculizado pola normativa vixente nun Estado non membro da Unión Europea que resulte aplicable a unha ou varias das persoas físicas ou xurídicas coas que a entidade de diñeiro electrónico manteña vínculos estreitos ou a consecuencia de tal regulamentación.

f) Cando incumpra os requisitos de capital mínimo ou os demais que regulamentariamente se establezan para a autorización das entidades de diñeiro electrónico.

g) Cando a información e as probas que acompañen a solicitude non obteñan unha valoración favorable respecto do cumprimento de todos os requisitos establecidos nesta lei ou no seu desenvolvemento regulamentario para a autorización das entidades de diñeiro electrónico.

3. Unha vez obtida a autorización e após a súa inscrición no Rexistro Mercantil, as entidades de diñeiro electrónico deberán, antes de iniciaren as súas actividades, quedar inscritas no Rexistro Especial de Entidades de Diñeiro Electrónico que se creará no Banco de España. Nese rexistro figurarán, ademais das entidades de diñeiro electrónico autorizadas, os seus axentes e sucursais. Nel faranse constar as

actividades para as cales se autorizase cada entidade de diñeiro electrónico. O rexistro será público, accesible a través da internet e actualizarase periodicamente.

4. A autorización de entidades de diñeiro electrónico con forma societaria requirirá que a súa Administración central, o seu domicilio social e unha parte das súas actividades de prestación de servizos de pagamento se encontren en España.

5. Regulamentariamente poderá establecerse o réxime xurídico aplicable á creación e condicións de exercicio da actividade das entidades de diñeiro electrónico e, en particular, as exixencias de fondos propios e garantías, de acordo coas previsións contidas nesta lei.

6. Os requisitos exixibles para a autorización serano tamén, nos termos que se indiquen regulamentariamente, para conservala.»

Dous. O número 5 do artigo 5 pasa a ter a seguinte redacción:

«5. O Banco de España será competente para acordar a revogación.»

Tres. Cinco. Dáse nova redacción ao artigo 10 no seguinte senso:

«Artigo 10. *Contabilidade e auditoría.*

1. Facúltase o titular do Ministerio de Economía e Empresa para establecer e modificar as normas de contabilidade e os modelos dos estados financeiros públicos e reservados das entidades de diñeiro electrónico, dispoñendo a frecuencia, forma e prazo con que os correspondentes datos deberán ser subministrados ao Banco de España e ser publicados con carácter xeral polas propias entidades. No exercicio desta facultade, para o cal poderá habilitarse o Banco de España, non existirán máis restricións que a exixencia de que os criterios de publicidade sexan homoxéneos para todas as entidades de diñeiro electrónico.

2. As entidades de diñeiro electrónico deberán someter as súas contas anuais á auditoría de contas prevista no artigo 1.2 da Lei 22/2015, do 20 de xullo, de auditoría de contas, de conformidade co previsto na súa disposición adicional primeira.

3. Será de aplicación aos auditores das entidades de pagamento o disposto na disposición adicional sétima da Lei 22/2015. A obrigaçión de informar que alí se establece entenderase referida ao Banco de España.

4. No que se refire á obrigaçión de informar separadamente na memoria das contas anuais, dos activos, pasivos, ingresos e gastos correspondentes ás distintas actividades desenvolvidas polas entidades de diñeiro electrónico, tal obrigaçión deberá observarse respecto das partidas correspondentes á emisión de diñeiro electrónico, á prestación de servizos de pagamento non vinculados a esa emisión e ás restantes actividades, de forma que os tres grupos de actividades aparezan claramente identificados.»

Catro. Engádesse un artigo 16 bis co seguinte teor literal:

«Artigo 16 bis. *Acceso a contas abertas en entidades de crédito.*

As entidades de diñeiro electrónico terán acceso aos servizos de contas de pagamento das entidades de crédito de forma obxectiva, non discriminatoria e proporcionada. Este acceso será o suficientemente amplo como para permitir que as entidades de diñeiro electrónico presten servizos de pagamento sen obstáculos e con eficiencia.

En caso de denegación por unha entidade de crédito da solicitude de apertura dunha conta de pagamento por parte dunha entidade de diñeiro electrónico ou da resolución unilateral por unha entidade de crédito do contrato marco dunha entidade de diñeiro electrónico, a entidade de crédito remitirá de forma inmediata ao Banco de España e á entidade de diñeiro electrónico a decisión debidamente motivada e baseada, en particular, nunha análise dos riscos específicos da entidade de diñeiro

electrónico concreta de que se trate ou na falta de adecuación aos criterios obxectivos, non discriminatorios e proporcionados que a entidade de crédito fixese públicos de forma previa e xeral.»

Cinco. Engádesse unha disposición adicional primeira co seguinte teor literal:

«Disposición adicional primeira. *Aplicación ás entidades de diñeiro electrónico de determinados preceptos do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira.*

1. Sen prexuízo do disposto nesta lei, os artigos 10 a 13 e 22 a 27 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, e a súa normativa de desenvolvemento aplicaranse ás entidades de diñeiro electrónico.

2. As entidades de diñeiro electrónico poderán distribuír e reembolsar diñeiro electrónico por intermediación de persoas físicas ou xurídicas que actúen no seu nome. Cando as entidades de diñeiro electrónico distribúan diñeiro noutros Estados membros da Unión Europea contratando esas persoas físicas ou xurídicas, aplicaráselles os artigos, 22 e 27 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, e a súa normativa de desenvolvemento.

3. Non obstante o disposto no número anterior, as entidades de diñeiro electrónico non emitirán diñeiro electrónico por intermediación de axentes. As entidades de diñeiro electrónico estarán autorizadas para prestaren os servizos de pagamento a que se refire o artigo 8, número 1, alínea a), desta lei, por intermediación de axentes unicamente se se cumpren as condicións recollidas no artigo 23 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira.»

Disposición derradeira sexta. *Modificación da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito.*

Introdúcense as seguintes modificacións na Lei 10/2014, do 26 de xuño:

Un. O número 1 do artigo 12 queda redactado do seguinte modo:

«1. As entidades de crédito autorizadas noutro Estado membro da Unión Europea poderán realizar en España, ben mediante a apertura dunha sucursal, ben en réxime de libre prestación de servizos, as actividades que gocen de recoñecemento mutuo dentro da Unión Europea recollidas no anexo a esta lei. Para tal efecto, a autorización, os estatutos e o réxime xurídico a que estea sometida a entidade deberán habilitala para exercer as actividades que pretenda realizar. Todos os centros de actividade establecidos en territorio español por unha mesma entidade de crédito cuxa administración central se encontre noutro Estado membro se considerarán unha única sucursal.»

Dous. Engádesse un terceiro número ao artigo 61 co seguinte teor literal:

«3. En exercicio do seu labor supervisor sobre entidades de crédito autorizadas en España e controladas por unha entidade de crédito supervisada en base consolidada por outra autoridade competente dun Estado membro da Unión Europea, o Banco de España solicitará ao supervisor en base consolidada correspondente a información relativa á aplicación de métodos e metodoloxías establecidos na presente lei e no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, que poida estar previamente ao dispor do supervisor en base consolidada.»

Tres. Introdúcense tres novas alíneas ao final do artigo 92, co seguinte teor literal:

«z) A realización de actos ou operacións con incumprimento das obrigacións previstas nas normas indicadas no artigo 71.3 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, sempre que polo número de afectados a reiteración da conduta ou os efectos sobre a confianza da clientela e a estabilidade do sistema financeiro tales incumprimentos poidan considerarse como especialmente relevantes;

aa) A prestación reiterada e con carácter profesional dalgún dos servizos de pagamento sinalados no artigo 1.2 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, sen ter a condición de fornecedor de servizo de pagamento, así como o emprego dalgunha das denominacións reservadas a estes sen ter sido autorizada ou rexistrada.

ab) O incumprimento do deber de confidencialidade e custodia sobre os datos obtidos por un fornecedor de servizos de pagamento dos sinalados no artigo 5.1 na prestación de calquera dos servizos de pagamento a que se refire o artigo 1.2 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, salvo que, polo número de afectados ou pola importancia da información, tales incumprimentos poidan considerarse pouco relevantes.»

Catro. Introdúcense tres novas letras ao final do artigo 93, co seguinte teor literal:

«v) a realización de actos ou operacións con incumprimento das obrigacións sinaladas nas normas indicadas no artigo 71.3 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, se non se dan as circunstancias descritas no artigo 92.z), salvo que tales feitos teñan carácter ocasional ou illado;

w) a falta de remisión ao Banco de España dos datos ou documentos que deban serlle remitidos ou que este requira no exercicio das súas funcións de supervisión en aplicación do previsto nas normas indicadas no artigo 71.3 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, ou a súa remisión incompleta ou inexacta. Para os efectos desta letra entenderase, así mesmo, como falta de remisión, a remisión extemporánea fóra do prazo previsto na norma correspondente ou do prazo concedido polo órgano competente ao efectuar, se for o caso, o oportuno requirimento;

x) O incumprimento do deber de confidencialidade e custodia sobre os datos obtidos por un fornecedor de servizos de pagamento dos sinalados no artigo 5.1 na prestación de calquera dos servizos de pagamento a que se refire o artigo 1.2 do Real decreto lei 19/2018, do 23 de novembro, de servizos de pagamento e outras medidas urxentes en materia financeira, sempre que isto non supoña unha infracción moi grave de conformidade co disposto no número anterior.»

Cinco. Suprímese no primeiro parágrafo do artigo 97.1 a referencia «de crédito», e modifícase o ordinal 2.º do artigo 97.1.a), que queda coa seguinte redacción:

«2.º De até o 10% do volume de negocios neto anual total, incluídos os ingresos brutos procedentes de xuros por percibir e ingresos asimilados, os rendementos de accións e outros valores de renda fixa ou variable e as comisións ou corretaxes por cobrar de conformidade co artigo 316 do Regulamento (UE) n.º 575/2013, que realizase a entidade no exercicio anterior; ou de até 10.000.000 de euros, se aquela porcentaxe for inferior a esta última cifra, cando se trate de entidades de crédito, ou daquelas que realicen sen autorización actividades reservadas a calquera entidade supervisada polo Banco de España.

De até o 10% dos recursos propios da entidade no exercicio anterior; ou multa de até 1.000.000 de euros, se aquela porcentaxe for inferior a esta cifra, cando se trate de entidades supervisadas polo Banco de España distintas das entidades de crédito, ou daquelas outras que, sen estaren autorizadas, utilicen denominacións reservadas ás entidades de crédito.

Cando a entidade infractora sexa unha filial doutra empresa, teranse en consideración, para efectos de determinar o importe da multa, os recursos propios da empresa matriz no exercicio anterior.»

Seis. Suprímese no primeiro parágrafo do artigo 98.1 a referencia «de crédito», e modifícase a letra b) do artigo 98.1, que queda coa seguinte redacción:

«b) De até o 5% do volume de negocios neto anual total, incluídos os ingresos brutos procedentes de xuros por percibir e ingresos asimilados, os rendementos de accións e outros valores de renda fixa ou variable e as comisións ou corretaxes por cobrar de conformidade co artigo 316 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 que realízase a entidade no exercicio anterior; ou de até 5.000.000 de euros, se aquela porcentaxe for inferior a esta última cifra, cando se trate de entidades de crédito, ou daquelas que realicen sen autorización actividades reservadas a calquera entidade supervisada polo Banco de España.

De até o 5% dos recursos propios da entidade no exercicio anterior; ou multa de até 500.000 de euros, se aquela porcentaxe for inferior a esta cifra, cando se trate de entidades supervisadas polo Banco de España distintas das entidades de crédito, ou daquelas outras que, sen estaren autorizadas, utilicen denominacións reservadas ás entidades de crédito.

Cando a entidade infractora sexa unha filial dunha empresa matriz, teranse en consideración, para efectos de determinar o importe da multa, os recursos propios da empresa matriz no exercicio anterior.»

Sete. Modifícase o artigo 99.1, que queda redactado así:

«1. Pola comisión de infraccións leves imporase á entidade infractora unha multa que poderá ser, a xuízo do órgano competente para resolver:

a) Do tanto ao dobre do importe dos beneficios derivados da infracción, cando estes beneficios poidan cuantificarse; ou

b) De até o 1% do volume de negocios neto anual total, incluídos os ingresos brutos procedentes de xuros por percibir e ingresos asimilados, os rendementos de accións e outros valores de renda fixa ou variable e as comisións ou corretaxes por cobrar de conformidade co artigo 316 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 que realízase a entidade no exercicio anterior; ou multa de até 1.000.000 de euros, se aquela porcentaxe for inferior a esta última cifra, cando se trate de entidades de crédito, ou daquelas que realicen sen autorización actividades reservadas a calquera entidade supervisada polo Banco de España.

De até o 1% dos recursos propios da entidade no exercicio anterior; ou multa de até 100.000 euros, se aquela porcentaxe for inferior a esta cifra, cando se trate de entidades supervisadas polo Banco de España distintas das entidades de crédito, ou daquelas outras que, sen estaren autorizadas, utilicen denominacións reservadas ás entidades de crédito.

Cando a entidade infractora sexa unha filial dunha empresa matriz, teranse en consideración, para efectos de determinar o importe da multa, os recursos propios da empresa matriz no exercicio anterior»

Oito. Modifícase o artigo 102.1, que queda redactado así:

«Artigo 102. Sancións aos que exerzan cargos de administración ou de dirección pola comisión de infraccións leves.

1. Con independencia da sanción que, se for o caso, corresponda impor á entidade de crédito infractora pola comisión de infraccións leves, poderán imporse multa por importe de até 500.000 euros a cada unha das persoas que, exercendo cargos de administración ou dirección, de feito ou de dereito, nela, sexan responsables da infracción.

Ademais da sanción prevista no parágrafo anterior, poderá imporse como medida accesoria a amoestación privada.»

Nove. Dáse nova redacción aos números 5, 6 e 7 do artigo 115, co seguinte teor literal:

«5. As sancións e amoestacións por infraccións moi graves e graves serán publicadas no «Boletín Oficial del Estado» unha vez que sexan firmes na vía administrativa. A publicación deberá incluír, polo menos, información sobre o tipo e a natureza da infracción e a identidade das persoas responsables.

6. En relación co previsto no número anterior, excepcionalmente, o Banco de España poderá ou ben atrasar a publicación até o momento en que deixen de existir os motivos que xustifiquen tal atraso ou ben publicar a sanción imposta de forma anónima, cando ao seu criterio se produza algunha das circunstancias seguintes:

a) Cando a sanción se impoña a unha persoa física e, após unha avaliación previa, a publicación dos datos persoais resulte ser desproporcionada.

b) Cando a publicación puiden pór en perigo a estabilidade dos mercados financeiros ou unha investigación penal en curso.

c) Cando a publicación puiden causar un dano desproporcionado ás entidades ou persoas físicas implicadas, na medida en que se poida determinar o dano.

7. As sancións e amoestacións por infraccións moi graves e graves deberán, así mesmo, ser publicadas na páxina web do Banco de España, nun prazo máximo de 15 días hábiles desde que a sanción ou amoestación sexa firme en vía administrativa, co contido da información a que se fai referencia no número 5, e poderán adoptarse as medidas establecidas no número 6 nos supostos nel previstos.

Cando se interpoña recurso en vía xudicial contra a decisión de impor unha sanción ou medida, o Banco de España tamén publicará de inmediato no seu sitio web oficial esa información, así como toda información posterior relativa ao resultado dese recurso. Ademais, tamén se publicará toda decisión que anule ou condene unha decisión previa de impor unha sanción ou medida.

O Banco de España manterá publicada toda a información a que se refiren os números anteriores no seu sitio web oficial durante cinco anos, como mínimo, despois da súa publicación.»

Dez. Engádese un capítulo V ao título IV da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, coa seguinte redacción:

#### «CAPÍTULO V

#### Comunicación de infraccións

Artigo 119. *Tipos e canle para as comunicacións.*

1. Toda persoa que dispoña de coñecemento ou sospeita fundada de incumprimento das obrigacións en materia de supervisión prudencial de entidades

de crédito previstas nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento, sempre que estean previstas na Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño, ou no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, poderá comunicalo ao Banco de España na forma e coas garantías establecidas neste artigo.

2. As comunicacións deberán presentarse por calquera vía que permita a constancia fidedigna da identidade do comunicante e da súa presentación ante o Banco de España.

3. Mediante a publicación na súa páxina web, o Banco de España facilitará a información básica sobre o procedemento de comunicación de infraccións, en particular sobre as medidas de protección da identidade do comunicante.

#### Artigo 120. *Contido mínimo das comunicacións.*

1. As comunicacións a que se refire o artigo anterior deberán incluír a identificación da persoa que as formula e presentar elementos fácticos dos cales razoablemente derive, ao menos, unha sospeita fundada de infracción.

2. Unha vez recibida a comunicación, o Banco de España realizará as correspondentes comprobacións para determinar se existe ou non sospeita fundada de infracción e a súa relevancia disciplinaria.

3. Cando a incoación do procedemento sancionador se tiver solicitado expresamente na comunicación, o Banco de España informará a persoa que envía a comunicación do inicio, se for o caso, dun procedemento sancionador. Se despois da comunicación se iniciar procedemento sancionador a partir dos feitos comunicados, o Banco de España informará do seu inicio ao comunicante. A comunicación non outorgará por si mesma a condición de interesado no procedemento sancionador á persoa comunicante.

4. O Banco de España tamén informará, se for o caso, da remisión dos feitos a outras autoridades, dentro ou fóra de España.

#### Artigo 121. *Garantías de confidencialidade.*

1. O Banco de España disporá de mecanismos que garantan a confidencialidade da identidade do comunicante e da información comunicada. As comunicacións recibidas non terán valor probatorio e non poderán ser incorporadas directamente a dilixencias administrativas ou xudiciais.

2. Calquera transmisión da comunicación, dentro ou fóra do Banco de España, realizárase sen revelar, directa ou indirectamente, os datos persoais do comunicante nin das persoas incluídas na comunicación, excepto nos seguintes casos:

a) Cando os datos persoais da persoa presuntamente infractora ou de terceiros distintos do comunicante resulten necesarios para a realización de actuacións previas, a iniciación, instrución e resolución dun procedemento administrativo sancionador ou ben dun proceso xudicial.

b) Cando os datos persoais do comunicante sexan expresamente requiridos por un órgano xudicial da orde penal no curso de dilixencias de investigación ou proceso penal. Estes datos terán un nivel de protección mínimo equivalente ao das persoas obxecto de investigación ou de sanción por parte do órgano competente.

c) Cando os datos persoais incluídos na comunicación resulten necesarios a autoridades equivalentes a autoridades nacionais competentes no ámbito da Unión Europea, logo do cumprimento dos requisitos establecidos nas normas europeas ou nacionais que resulten de aplicación, ou de terceiros Estados, sempre que o nivel de protección da confidencialidade dos datos persoais resulte equivalente ao vixente en España.

d) Cando así o permita a normativa de protección de datos.

Artigo 122. *Protección no ámbito laboral e contractual.*

1. A comunicación dalgunha das infraccións a que se refire o artigo 119:

a) Non constituirá violación ou incumprimento das restricións sobre divulgación de información impostas por vía contractual ou por calquera disposición legal, regulamentaria ou administrativa que puiden afectar a persoa comunicante, as persoas estreitamente vinculadas con esta, as sociedades que administre ou aquelas de que sexa titular real.

b) Non constituirá infracción de ningún tipo no ámbito da normativa laboral por parte da persoa comunicante, nin dela poderá derivar trato inxusto ou discriminatorio por parte do empregador.

c) Non xerará ningún dereito de compensación ou indemnización a favor da empresa a que presta servizos a persoa comunicante ou dun terceiro, aínda cando se pactase a obrigación de comunicación previa a esa empresa ou a un terceiro.

2. O Banco de España informará de forma práctica e precisa o comunicante sobre as vías de recurso e procedementos dispoñibles en dereito para a protección fronte a posibles prexuízos que puideren derivar dalgunha das situacións previstas no número anterior. Así mesmo, prestará asistencia efectiva informando o comunicante dos seus dereitos e emitindo, se for o caso, a correspondente certificación da súa condición de denunciante para facela efectiva ante os tribunais de xustiza. Igualmente, disporá os medios necesarios para asistir a persoa comunicante que o requira fronte a riscos reais derivados da comunicación, que incluirán, en particular, a acreditación da existencia, o contido e o valor material que da comunicación puiden derivar.»

Disposición derradeira sétima. *Modificación da Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial.*

A Lei 5/2015, do 27 de abril, de fomento do financiamento empresarial, queda modificada como segue:

Un. Engádesse un segundo parágrafo ao número 1 do artigo 9, co seguinte teor literal:

«Non obstante, a autorización dos establecementos financeiros de crédito híbridos a que se refire o artigo 11 será concedida polo Banco de España, logo de informe do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nos aspectos da súa competencia, de conformidade co procedemento que se prevexa regulamentariamente.»

Dous. Modifícase o número 1 do artigo 11, que pasa a ter o seguinte teor literal:

«1. As empresas que pretendan constituírse como establecementos financeiros de crédito e, pola súa vez, prestar servizos de pagamento, requirirán unha única autorización específica que as faculte para o exercicio das súas actividades e que corresponderá ao Banco de España, logo de informe do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias, nos aspectos da súa competencia. Unha vez outorgada a autorización, terán a consideración de entidades de pagamento híbridas.

Así mesmo, as empresas que pretendan constituírse como establecementos financeiros de crédito e, pola súa vez, emitir diñeiro electrónico, requirirán unha única autorización específica que as faculte para o exercicio das súas actividades e que corresponderá ao Banco de España, logo de informe do Servizo Executivo da Comisión de Prevención do Branqueo de Capitais e Infraccións Monetarias nos aspectos da súa competencia. Unha vez outorgada a autorización, terán a consideración de entidades de diñeiro electrónico.»



Disposición derradeira oitava. *Modificación da Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento.*

A Lei 11/2015, do 18 de xuño, de recuperación e resolución de entidades de crédito e empresas de servizos de investimento, queda modificada como segue:

Un. A alínea e) do artigo 1.2 queda modificada da seguinte maneira:

«e) As sucursais en España de entidades que estean establecidas fóra da Unión Europea, de conformidade coas condicións específicas establecidas nesta lei.»

Dous. O parágrafo segundo do artigo 53.1.a) queda modificado da seguinte maneira:

«Co fin de alcanzar este nivel, o FROB recadará, ao menos anualmente, contribucións ordinarias das entidades e das sucursais en España de entidades establecidas fóra da Unión Europea de conformidade cos seguintes criterios:»

Tres. O número 2 do artigo 64 queda redactado da seguinte maneira:

«2. Para que o FROB poida alcanzar os obxectivos e os principios da resolución, establecidos nos artigos 3 e 4, no exercicio das facultades administrativas xerais recollidas no número anterior e das restantes previstas nesta lei, non resultarán de aplicación as limitacións e demais requisitos exixidos no texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, nin na Lei 3/2009, do 3 de abril, sobre modificacións estruturais das sociedades mercantís, nin na lexislación aplicable ás cooperativas de crédito, en relación coas operacións de aumento e redución de capital, de conversión de instrumentos de capital ou de recapitalización interna, modificacións estruturais ou calquera outra operación necesaria para a aplicación dos instrumentos e medidas previstos nesta lei. Tampouco será necesaria a elaboración dos informes preceptivos que as referidas normas poidan prever.»

Disposición derradeira novena. *Modificación do texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro.*

O texto refundido da Lei do mercado de valores, aprobado polo Real decreto legislativo 4/2015, do 23 de outubro, queda modificado como segue:

Un. Modifícase o número 7 do artigo 85 que pasa a ter a seguinte redacción:

«7. A CNMV notificará á Autoridade Europea de Valores e Mercados (AEVM) e demais autoridades competentes de conformidade cos artigos 244 e 245 bis os datos pormenorizados das limitacións de posicións exactas que ten intención de fixar de conformidade co método de cálculo establecido pola AEVM en virtude dos números 1 e 2 e dos sistemas de control das posicións referidas no número 4.»

Dous. Modifícase o número 5 do artigo 86 e introdúcese un novo número 6 no mesmo artigo nos seguintes termos:

«5. Para efectos do cumprimento das obrigacións de comunicación previstas neste artigo, as empresas de servizos e actividades de investimento ou os organismos reitores do mercado que xestionen un centro de negociación clasificarán as persoas que manteñan posicións nun derivado sobre materias primas, un dereito de emisión ou un derivado, nas categorías e de conformidade cos criterios que se determinen regulamentariamente.

6. Regulamentariamente poderanse desenvolver as obrigacións previstas neste artigo.»

Tres. Modifícase o número 1 do artigo 142 nos seguintes termos:

«1. As empresas de servizos e actividades de investimentos a que se refire o artigo 143.1.b) que executen ordes de investidores relativas a instrumentos financeiros poderán mantelos por conta propia sempre que se cumpran as seguintes condicións:

- a) Que tales posicións deriven unicamente da imposibilidade da empresa de investimento de cumprir as ordes precisas recibidas de clientes,
- b) que o valor total de mercado de tales posicións non supere o 15 por cento do capital inicial da empresa,
- c) que a empresa satisfaga os requisitos establecidos nos artigos 92 a 95 e na parte cuarta do Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013, sobre os requisitos prudenciais das entidades de crédito e as empresas de investimento, e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012; e
- d) que tales posicións revistan un carácter fortuíto e provisorio e estean estritamente limitadas ao tempo necesario para realizar a transacción de que se trate.»

Catro. Modifícase o número 3 do artigo 143 nos seguintes termos:

«3. As axencias de valores son aquelas empresas de servizos de investimento que profesionalmente soamente poden operar por conta allea, con representación ou sen ela. Poderán realizar os servizos de investimento e os servizos auxiliares previstos nos artigos 140 e 141, respectivamente, con excepción dos previstos no artigo 140.1.c) e f) e no artigo 141.b).»

Cinco. Modifícanse os números 1, 2 e 3 do artigo 145 nos seguintes termos:

1. Modifícanse as alíneas a), c) e d) do número 1 nos seguintes termos:

«a) Os artigos 182.1 e 2, 183.1 e 2, 193, 194, 195, 195 bis, 196, 196 bis desta lei e os artigos 27, 30, 31, 32, 33, 34, 38, 40 e 43 do Real decreto lei 21/2017, do 29 de decembro,»

«c) os artigos 69, 164, 168, 170, 171 e 173 desta lei e os artigos 25 e 37 do Real decreto lei 21/2017, do 29 de decembro,

d) os artigos 197 e 276 bis a 276 sexies desta lei; e».

2. Modifícase a alínea a) do número 2 nos seguintes termos:

«a) Os artigos 139.2, 193.2.a), b), c), d), e) f) e h), 193.3.b), d) e e), 194, 203, 204, 205, 206, 207, 208, 208 bis, 208 ter, 209, 210, 211, 212, 213, 214, 215 216, 217, 218, 219, 220 bis, 220 ter, 220 quater, 220 quinquies, e 220 sexies desta lei; e»,

3. Modifícanse as alíneas a), b), c) e d) do número 3 nos seguintes termos:

«a) Os artigos 182.1 e 2, 183.1 e 2, o artigo 193.2.a), b), c), d) e e) e o artigo 194,

b) os artigos 208 a 220 sexies,

c) os artigos 146, 147 e 221.1.b),

d) os artigos 197, 276 bis a 276 sexies e o título VIII desta lei.»

Seis. Modifícase o primeiro parágrafo do número 2 do artigo 171 nos seguintes termos:

«2. Cando unha empresa dun terceiro país se propoña prestar en España servizos ou actividades de investimento, con ou sen servizos auxiliares, a clientes retailistas ou aos clientes profesionais a que se refire o artigo 206 desta lei, deberá

establecer unha sucursal en España e solicitar á CNMV, en caso de que se trate dunha empresa de servizos e actividades de investimento, ou ao Banco de España, en caso de que se trate dunha entidade de crédito, a correspondente autorización, nos termos e condicións previstos, para as empresas de servizos e actividades de investimentos, no artigo 173 desta lei e nas súas disposicións de desenvolvemento e, para as entidades de crédito, no artigo 13 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, e as súas disposicións de desenvolvemento.»

Sete. Modifícase a alínea b) do número 1 do artigo 187 nos seguintes termos:

«b) O disposto nos artigos 184, 184 bis, 185 e 185 bis tamén será de aplicación aos membros do órgano de administración e de alta dirección de entidades dominantes das empresas de servizos e actividades de investimento mencionadas no número 1, cando esa entidade dominante sexa unha sociedade financeira de carteira ou unha sociedade financeira mixta de carteira.»

Oito. Modifícase o número 1 do artigo 188 nos seguintes termos:

«1. As empresas de servizos e actividades de investimentos recollidas no artigo 187.1 anterior que sexan significativas e as súas entidades dominantes deberán constituír un comité de nomeamentos e un comité de remuneracións, integrados por membros do órgano de administración que non desempeñen funcións executivas na entidade. O comité de nomeamentos establecerá un obxectivo de representación equilibrada para o sexo menos representado no órgano de administración e elaborará orientacións sobre como alcanzar ese obxectivo.»

Novo. Modifícase o número 3 do artigo 207 nos seguintes termos:

«3. As empresas que presten servizos e actividades de investimento autorizadas para executar ordes por conta de terceiros, negociar por conta propia ou recibir e transmitir ordes, poderán realizar estas operacións e os servizos auxiliares directamente relacionados con elas, coas entidades sinaladas nos números anteriores sen necesidade de cumprir as obrigacións establecidas nos artigos 208, 208 ter, 209.2, 213, 214, 215, 216, 217, 218, 219, 220 bis a 220 sexies, 221 e 222 a 224, sempre que aquelas entidades sexan informadas previamente disto e non soliciten expresamente que se lles apliquen.»

Dez. Modifícase o número 1 do artigo 213 nos seguintes termos:

«1. Cando preste servizos de asesoramento en materia de investimentos ou de xestión de carteiras, a empresa de servizos de investimento obterá a información necesaria sobre os coñecementos e experiencia do cliente ou posible cliente no ámbito de investimento correspondente ao tipo concreto de produto ou servizo, a súa situación financeira, incluída a súa capacidade para soportar perdas, e os seus obxectivos de investimento, incluída a súa tolerancia ao risco, co fin de que a empresa poida recomendarlle os servizos de investimento e instrumentos financeiros que sexan idóneos para el e que, en particular, mellor se axusten ao seu nivel de tolerancia ao risco e á súa capacidade para soportar perdas.»

Once. Modifícase a alínea c) do número 3 do artigo 217 nos seguintes termos:

«c) Os instrumentos financeiros de débeda recollidos no anexo.a).2.º) que, pola súa vez, sexan pasivos admisibles para a recapitalización interna de acordo co establecido na sección 4.ª do capítulo VI da Lei 11/2015, do 18 de xuño.»

Doce. Modifícase o número 1 do artigo 220 quáter nos seguintes termos:

«1. Cando preste o servizo de xestión de carteiras, a empresa de servizos e actividades de investimento non aceptará e reterá honorarios, comisións ou outros

beneficios monetarios ou non monetarios aboados ou proporcionados por un terceiro ou por unha persoa que actúe por conta dun terceiro en relación coa prestación do servizo aos clientes.»

Trece. Modifícanse os artigos 225 a 231, que pasarán a ter o seguinte contido:

«Artigo 225. *Autoridade competente.*

1. A CNMV será a autoridade competente para a aplicación do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

2. A persoa titular do Ministerio de Economía e Empresa e, coa súa habilitación expresa, a CNMV, poderán adoptar as normas de desenvolvemento e execución que resulten precisas para o cumprimento do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, e o resto das disposicións vixentes en materia de abuso de mercado.

3. Non obstante, facúltase expresamente a CNMV para desenvolver todas aquelas cuestións para as cales o Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre abuso de mercado, habilita expresamente a autoridade competente. En concreto, a CNMV poderá determinar cales son as prácticas de mercado aceptadas, de conformidade co disposto co artigo 13 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre abuso de mercado, mediante a súa aprobación pola correspondente circular.

Artigo 226. *Difusión pública por emisores de información privilexiada.*

Os emisores de valores ou instrumentos financeiros que sexan obxecto de negociación nun mercado regulado español, ou respecto dos cales fose solicitada a admisión a negociación, deberán comunicar tan pronto como sexa posible á CNMV, que procederá a facela pública na súa páxina web, a información privilexiada que os concirna directamente a que se refire o artigo 17 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

Artigo 227. *Difusión pública por emisores doutra información relevante.*

Os emisores de valores ou instrumentos financeiros que sexan obxecto de negociación nun mercado regulado comunicarán tamén á CNMV, que igualmente procederá a facelas públicas na súa páxina web, as restantes informacións de carácter financeiro ou corporativo relativas ao propio emisor ou aos seus valores ou instrumentos financeiros que calquera disposición legal ou regulamentaria lles obrigue a facer públicas en España ou que consideren necesario, polo seu especial interese, difundir entre os investidores.

Artigo 228. *Modo e termos para a publicación de información privilexiada e outra información relevante.*

1. A CNMV poderá determinar o modo e termos en que se publicarán a través da súa páxina web as informacións a que se refiren os artigos anteriores. En todo caso, cando se faga pública información privilexiada, farase constar expresamente tal condición e na páxina web da CNMV presentarase esa información de modo separado de calquera outra información comunicada por emisores.

2. Os SMN e os SOC deberán contar con medios técnicos que garantan a difusión pública da información privilexiada que lles sexa comunicada por emisores de valores ou instrumentos financeiros que sexan obxecto de negociación neles ou respecto dos cales fose solicitada a admisión a negociación. Estes medios técnicos tamén poderán ser utilizados en relación coa restante información de carácter financeiro ou corporativo que os citados emisores deban difundir entre os investidores.

Artigo 229. *Atraso da difusión de información privilexiada.*

O emisor ou o participante do mercado de dereitos de emisión que, no marco do previsto no artigo 17.4 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, decida atrasar a difusión de información privilexiada non estará obrigado a remitir a xustificación da concorrencia das condicións que permiten tal atraso cando realice a preceptiva comunicación del á CNMV, salvo que esta o solicite expresamente.

Artigo 230. *Operacións realizadas por persoas con responsabilidades de dirección e persoas estreitamente vinculadas.*

1. A obrigaçión de notificación das operacións a que se refire o artigo 19.1 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, nacerá cando, dentro dun ano natural, a suma sen compensacións de todas as operacións alcance a cifra de 20.000 euros. A partir desa primeira comunicación, os suxeitos obrigados deberán comunicar todas e cada unha das operacións subseguintes efectuadas referidas nese artigo.

2. En relación co disposto no artigo 19.3, derradeiro parágrafo, do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, as operacións a que se refire o artigo 19.1 do citado regulamento que fosen notificadas polas persoas con responsabilidades de dirección en emisores que solicitasen a admisión dos seus instrumentos financeiros nun mercado regulado ou admitisen a negociación nun mercado regulado, así como as operacións notificadas polas persoas estreitamente vinculadas con elas, serán feitas públicas pola CNMV.

A obrigaçión de difusión pública das operacións notificadas polas persoas con responsabilidades de dirección nos emisores referidos no parágrafo anterior ou polas persoas estreitamente vinculadas con elas, establecida no artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, darase por cumprida para esas sociedades emisoras en caso de que estas difundan a información correspondente a través dos medios técnicos previstos pola CNMV.

Facúltase a CNMV para desenvolver os procedementos e formas de realizar a difusión pública a que se fai referencia no número anterior.

Artigo 231. *Obrigaçións para os SMN e os SOC en relación coas operacións realizadas por persoas con responsabilidades de dirección e persoas estreitamente vinculadas.*

Os SMN e os SOC deberán contar con medios técnicos que garantan a difusión pública das operacións a que se refire o artigo 19.1 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, que fosen notificadas polas persoas con responsabilidades de dirección en emisores de instrumentos financeiros negociados exclusivamente nun SMN ou nun SOC, os admitidos a negociación nun SMN ou para os cales se solicitase a admisión a negociación nun SMN, así como as notificadas polas persoas estreitamente vinculadas con elas. Os ditos medios técnicos deberán cumprir cos termos establecidos no artigo 19.3 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre abuso de mercado, e no Regulamento de execución (UE) n.º 2016/1055 da Comisión, do 29 de xuño de 2016.

A obrigaçión de difusión pública das operacións notificadas polas persoas con responsabilidades de dirección nos emisores referidos no parágrafo anterior ou polas persoas estreitamente vinculadas con elas, establecida no artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 596/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, darase por cumprida para esas sociedades emisoras en caso de que estas difundan a información pertinente a través dos medios técnicos previstos polos SMN ou polos SOC, segundo corresponda.»

Catorce. Suprímese o artigo 232, que queda sen contido.

Quince. Modifícase o artigo 233 nos seguintes termos:

1. Introdúcense unhas novas alíneas m), n), ñ) e o) no número 1 coa seguinte redacción:

«m) As persoas físicas e xurídicas que realicen actuacións suxeitas ao Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014, sobre os documentos de datos fundamentais relativos aos produtos de investimento retailistas vinculados e aos produtos de investimento baseados en seguros, en canto se refire aos produtos de investimento retailista empacquetados incluídos no ámbito desta lei.

n) Os administradores de índices de referencia e as entidades supervisadas de conformidade co previsto no artigo 40 do Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, sobre os índices utilizados como referencia nos instrumentos financeiros e nos contratos financeiros ou para medir a rendibilidade dos fondos de investimento, así como as restantes persoas físicas ou xurídicas, en canto poidan verse afectadas polas normas dese regulamento e as súas disposicións de desenvolvemento.

ñ) As persoas físicas e xurídicas suxeitas ao Regulamento (UE) n.º 2015/2365 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre transparencia das operacións de financiamento de valores e de reutilización e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012.

o) As persoas físicas e xurídicas suxeitas ao Regulamento (UE) n.º 596/2014, do 16 de abril de 2014.»

2. Modifícase o número 4 nos seguintes termos:

«4. Respecto ao establecido no Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril, a CNMV será competente para a súa aplicación en relación cos instrumentos, contratos, condutas, operacións, ofertas, ordes e, en xeral, accións e omisións a que se refire o artigo 2 dese regulamento e, en concreto, das actuacións levadas a cabo:

a) en territorio español respecto de calquera valor negociable e demais instrumentos financeiros,

b) fóra do territorio español en relación con valores negociables e demais instrumentos financeiros admitidos a negociación ou para os cales se cursase unha solicitude de admisión a negociación nun mercado regulado, nun SMN, nun SOC, ou poxados nunha plataforma de poxa que operen en territorio español; e

c) fóra do territorio español en relación cos instrumentos financeiros non comprendidos nas alíneas a) ou b) cuxo prezo ou valor dependa dos instrumentos financeiros mencionados nesas letras ou teña un efecto sobre o prezo ou valor deles.»

3. Introdúcese un novo número 6 coa seguinte redacción:

«6. De conformidade co número primeiro do artigo 40 do Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, sobre os índices utilizados como referencia nos instrumentos financeiros e nos contratos financeiros ou para medir a rendibilidade dos fondos de investimentos, e polo que se modifican as directivas 2008/1481/CE e 2014/1171/UE e o Regulamento (UE) n.º 596/2014, désígnase a Comisión Nacional do Mercado de Valores como autoridade competente.

Sen prexuízo do anterior, o Banco de España exercerá as funcións de supervisión, inspección e sanción en relación coas obrigacións previstas no artigo 16 dese regulamento no que se refire ao cumprimento de tales obrigacións por parte

das entidades supervisadas contribuidoras de datos para índices elaborados polo Banco de España, así como nos artigos 28.2 e 29.1 dese regulamento no que se refire ao cumprimento de tales obrigacións en relación co uso de índices de referencia nos contratos financeiros a que se refire o número 18) do artigo 3.1 do citado regulamento por parte de entidades suxeitas á supervisión do Banco de España en materia de transparencia e protección do cliente.

Así mesmo, de acordo co artigo 40.2 dese regulamento, a Comisión Nacional do Mercado de Valores será a autoridade de coordinación e intercambio de información.»

Dezaseis. Modifícase o artigo 234 nos seguintes termos:

1. Modifícase a letra d), que queda redactada como segue:

«d) Requirit os rexistros telefónicos e de tráfico de datos de que dispoñan as persoas ou entidades a que se refire o artigo 233.1 TRLMV. Conforme o disposto na disposición adicional décimo quinta da Lei orgánica de protección de datos, cando non puidese obter por outros medios a información necesaria para realizar os seus labores de supervisión ou inspección, a CNMV poderá, nos termos previstos nesa disposición, recadar dos operadores que presten servizos de comunicacións electrónicas dispoñibles ao público e dos prestadores de servizos da sociedade da información os datos que estean no seu poder relativos á comunicación electrónica ou servizo da sociedade da información proporcionados polos ditos prestadores que sexan distintos ao seu contido e resulten imprescindibles para o exercicio deses labores.

Para tal efecto, o órgano competente da CNMV deberá solicitar a correspondente autorización xudicial, cando esta implique restrición de dereitos fundamentais, ao Xulgado Central do Contencioso-Administrativo, que resolverá no prazo máximo de corenta e oito horas.»

2. Modifícase o número 2.v) do artigo 234, que queda redactado da seguinte forma:

«v) Requirit, por escrito ou verbalmente, ás persoas e entidades enumeradas no artigo 230 que fagan pública de maneira inmediata a información que aquela coide pertinente sobre as súas actividades relacionadas co mercado de valores ou que poidan influír neste. De os obrigados non o faceren directamente, farao a propia CNMV.»

3. Introdúcese unha nova alínea z) no número 2 do artigo 234 co seguinte contido:

«z) En relación coa comercialización de produtos de investimento retailista empaketados, a CNMV poderá adoptar as seguintes medidas:

1.º Prohibir a comercialización dun produto de investimento retailista empaketado.

2.º Suspende a comercialización dun produto de investimento retailista empaketado.

3.º Prohibir que se facilite un documento de datos fundamentais que incumpra os requisitos dos artigos 6, 7, 8 ou 10 do Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014, e exixir a publicación dunha nova versión do documento.

4.º Calquera outra atribuída á autoridade competente designada polo correspondente Estado membro no Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014.»

4. O número 5 queda redactado como segue:

«5. As medidas a que se refire o número 2. e), f), i), j), k), l), m), ñ), o), q), r), s), u), w), y) e z) poderán adoptarse como medida provisoria no transcurso dun expediente sancionador, de acordo co disposto no artigo 56 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, para asegurar a eficacia da resolución que puiden recaer, o bo fin do procedemento, evitar o mantemento dos efectos da infracción e as exixencias dos intereses xerais, ou como medida de supervisión prudencial ou de condutas, para garantir o correcto exercicio da súa función supervisora, a eficaz protección dos investidores ou o correcto funcionamento dos mercados de valores, e manteranse en canto permaneza a causa que as motivou.

5. Engádesse un novo número 14 coa seguinte redacción:

«14. Sen prexuízo do previsto nos números anteriores, a CNMV, como autoridade competente, poderá exercer todas e cada unha das facultades que o Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, recoñece ás autoridades competentes, entre outras, as especificamente sinaladas no artigo 41.1, por calquera dos modos sinalados no artigo 41.2 dese regulamento.»

Dezasete. Engádesse unha nova alínea p) no artigo 238:

«p) Un rexistro de información privilexiada relativa a emisores de instrumentos financeiros que fosen admitidos a negociación en mercados regulados ou para os cales se solicitase a admisión a un mercado regulado.»

Dezaioito. Engádense dous novos números 7 e 8 ao artigo 244, coa seguinte redacción:

«7. En exercicio da súa función supervisora, a Comisión Nacional do Mercado de Valores solicitará ás autoridades competentes doutros Estados membros aquela información relativa á aplicación de métodos e metodoloxías establecidos nesta lei e na súa normativa de desenvolvemento que resulten da transposición da Directiva 2013/36/UE, do 26 de xuño, ou no Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño, que poida estar previamente ao dispor do supervisor noutro Estado membro.

8. No caso de que, no exercicio da súa función supervisora sobre calquera persoa a que se refire o artigo 233, a Comisión Nacional do Mercado de Valores teña coñecemento de información que, aínda non correspondendo co seu ámbito de supervisión, poida ser de interese para o exercicio da función supervisora dunha autoridade supervisora dun Estado membro da Unión Europea, comunicará inmediatamente esa información á autoridade do Estado membro correspondente, sen que isto poida en ningún caso entenderse como exercicio da función supervisora da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

Dezanove. O número 4 do artigo 271 queda redactado como segue:

«4. Considéranse normas de ordenación e disciplina do mercado de valores as leis e disposicións de carácter xeral que conteñan preceptos especificamente referidos ás entidades comprendidas no artigo 233.1.a) e b) ou á actividade relacionada co mercado de valores das persoas ou entidades a que se refire o artigo 233.1.b) e c) e que sexan de obrigada observancia para estas. Entre as citadas disposicións entenderanse comprendidas as aprobadas por órganos do Estado, das comunidades autónomas que teñan atribuídas competencias na materia, os regulamentos da Unión Europea e demais normas aprobadas polas institucións da Unión Europea que resulten de aplicación directa, así como as circulares aprobadas pola Comisión Nacional do Mercado de Valores previstas no artigo 21.



En particular, consideraranse normas de ordenación e disciplina do mercado de valores:

- a) O Regulamento (UE) n.º 1031/2010 da Comisión, do 12 de novembro de 2010
- b) O Regulamento (UE) n.º 236/2012, do 14 de marzo de 2012.
- c) O Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo de 2012.
- d) O Regulamento (UE) n.º 575/2013, do 26 de xuño de 2013.
- e) O Regulamento (UE) n.º 909/2014, do 23 de xullo de 2014.
- f) Regulamento (UE) n.º 600/2014, do 15 de maio de 2014.
- g) Regulamento (UE) n.º 2016/1011, do 8 de xuño de 2016.
- h) Regulamento (UE) n.º 596/2014, do 16 de abril de 2014.
- i) Regulamento (UE) n.º 1286/2014, do 26 de novembro de 2014.
- j) Regulamento (UE) n.º 2015/2365, do 25 de novembro de 2015.
- k) Os regulamentos delegados ou de execución que adopte a Comisión Europea en desenvolvemento ou execución das normas europeas de ordenación e disciplina do mercado de valores.»

Vinte. Suprímese o artigo 254 («Cooperación en materia de abuso de mercado»), que queda sen contido.

Vinte e un. Modifícase o número 1 do artigo 276 bis, que queda redactado da seguinte forma:

«1. Toda persoa que teña coñecemento ou sospeita fundada da comisión de posibles infraccións ou infraccións reais previstas na presente lei, no Regulamento (UE) n.º 600/2014, no Regulamento (UE) n.º 596/2014, do 16 de abril, sobre abuso de mercado, no Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014, no Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño, no que respecta ás empresas de servizos de investimento ou na Lei 35/2003, do 4 de novembro, de institucións de investimento colectivo, poderá comunicala á Comisión Nacional do Mercado de Valores na forma e coas garantías establecidas neste artigo.»

Vinte e dous. Modifícase o artigo 282 nos seguintes termos:

1. Modifícase o número 3 nos seguintes termos:

«3. A inobservancia do deber de información previsto nos artigos 123, 125, 126 ou no artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave, atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese.»

2. Suprímense os números 5 a 8.

3. Modifícanse os números 9 e 10 nos seguintes termos:

«9. O incumprimento, non meramente ocasional ou illado, por parte das empresas de servizos e actividades de investimento, dos organismos reitores que xestionen un centro de negociación ou de calquera outra entidade ou persoa dos límites de posición ao volume dunha posición neta en derivados sobre materias primas establecidos conforme o artigo 85.

10. O incumprimento, non meramente ocasional ou illado, por parte das empresas de servizos e actividades de investimento e dos organismos reitores que xestionen un centro de negociación do establecemento e a aplicación dos controis da xestión das posicións a que se refire o artigo 85 ou das obrigacións de comunicación e clasificación establecidas nos artigos 86 a 88.»

4. Engádense os novos números 13 a 22 ao artigo 282, coa seguinte redacción:

«13. A inobservancia do deber de información ou notificación previsto nos artigos 109, 111, 112 ou no artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, cando exista un interese de ocultación ou negligencia grave, atendendo á relevancia da comunicación non realizada e á demora en que se incorrese.

14. Non publicar a información exixida incumprindo con isto o artigo 431.1 a 3 ou o artigo 451.1 do Regulamento (UE) n.º 575/2013 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño, así como a publicación desa información de forma incompleta ou inexacta.

15. O incumprimento do disposto no artigo 15 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) que a conduta produza unha alteración significativa da cotización,
- b) que o importe dos fondos utilizados ou o volume ou o valor dos instrumentos financeiros utilizados na comisión da infracción sexan relevantes, ou
- c) que o beneficio real ou potencial ou as perdas evitadas como consecuencia da comisión da infracción sexa relevante.

16. O incumprimento dalgunha das prohibicións establecidas no artigo 14 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, cando concorra algunha das seguintes circunstancias:

- a) o importe dos fondos utilizados ou o volume ou o valor dos instrumentos financeiros utilizados na comisión da infracción é relevante,
- b) o beneficio real ou potencial ou a perda evitada como consecuencia da comisión da infracción é relevante, ou
- c) o infractor tivo coñecemento da información pola súa condición de membro dos órganos de administración, dirección ou control do emisor, polo exercicio da súa profesión, traballo ou funcións ou figura ou debería ter figurado nos rexistros a que se refiren os artigos 18 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

17. O incumprimento, por parte dun emisor ou participante do mercado de dereitos de emisión, dalgunha das obrigacións establecidas nos números 1, 2, 4, 5 ou 8 do artigo 17 do Regulamento (UE) n.º 596/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, cando se puxese en grave risco a transparencia e integridade do mercado.

18. O incumprimento da obrigación de establecer e manter os mecanismos, sistemas e procedementos para previr, detectar e notificar as ordes ou operacións sospeitosas de constituíren abuso de mercado, segundo o disposto nos números 1 ou 2 do artigo 16 do Regulamento 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

19. O incumprimento da obrigación de levar as listas de iniciados establecida no artigo 18 do Regulamento (UE) n.º 596/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, ou levala con vicios ou defectos esenciais que impidan coñecer a identidade das persoas con acceso a información privilexiada ou a data e hora exacta deste acceso.

20. O incumprimento das obrigacións de notificación establecidas no número 1 do artigo 4 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

21. O incumprimento das obrigacións establecidas nos seguintes artigos do Regulamento (UE) n.º 2015/2365 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre transparencia das operacións de financiamento de valores e de reutilización e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012,

do 4 de xullo, cando se puxese en grave risco a transparencia e integridade do mercado:

a) artigo 4, sobre a obrigaón das contrapartes das operacións de financiamento de valores de notificación e conservación da información relativa a esas operacións,

b) artigo 15, sobre as condicións que deben cumprirse para a reutilización de instrumentos financeiros recibidos como garantía.»

Vinte e tres. Modifícase o número 13 e introdúcese un novo número 14 no artigo 283 nos seguintes termos:

«13. A inobservancia reiterada e grave polos que presten servizos de fornecemento de datos das obrigaóns de funcionamento e organización interna previstas nos artigos 197 undecies a 197 quaterdecies.

14. A inobservancia reiterada e grave polos que presten servizos de fornecemento de datos das obrigaóns de difusión, comunicación e tratamento da información previstas nos artigos 197 octies a 197 decies.»

Vinte e catro. Modifícase o número 1 do artigo 285 nos seguintes termos:

«1. A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores polas entidades enumeradas no artigo 233, no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións deban remitírselle en virtude do disposto na lei, nas súas normas de desenvolvemento ou do dereito da Unión Europea, ou que a Comisión Nacional do Mercado de Valores requira no exercicio das súas funcións, cando pola relevancia da información ou da demora en que se incorrese se dificultase gravemente a apreciación sobre a súa situación ou actividade, así como a remisión de información incompleta ou con datos inexactos ou non veraces, cando nestes supostos a incorrección sexa relevante.»

Vinte e cinco. Introdúcese un novo artigo 289 bis coa seguinte redacción:

«Artigo 289 bis. *Infraccións por incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014, sobre os documentos de datos fundamentais relativos aos produtos de investimento retailista vinculados e aos produtos de investimento baseados en seguros.*

Sen prexuízo das infraccións previstas neste capítulo, son infraccións moi graves os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 1286/2014, do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014:

1. O incumprimento da obrigaón de elaboración do documento de datos fundamentais polo produtor e de publicación na súa páxina web, a que se refire o artigo 5.1 do regulamento.

2. O incumprimento do disposto nos artigos 6, 7 e 8.1 a 3 do regulamento, sobre forma e contido do documento de datos fundamentais cando a información do documento afectada polo incumprimento sexa relevante ou o número de investidores afectado por el sexa significativo.

3. A realización non meramente ocasional ou illada de comunicacións comerciais sobre o produto de investimento retailista empacquetado que incumpran o disposto no artigo 9 do regulamento.

4. O incumprimento non meramente ocasional ou illado do disposto no artigo 10.1 do regulamento, relativo ao exame e revisión do documento de datos fundamentais.

5. O incumprimento non meramente ocasional ou illado das obrigacións de fornecemento do documento de datos fundamentais impostas polo artigo 13.1, 3. e 4, e 14 do regulamento.

6. O incumprimento da obrigación de establecer os procedementos e mecanismos de reclamación a que se refire o artigo 19 do regulamento ou a súa inaplicación cando o número de investidores afectados sexa significativo.»

Vinte e seis. Introdúcese un novo artigo 289 ter co seguinte contido:

«Artigo 289 ter. *Infraccións por incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, sobre os índices utilizados como referencia nos instrumentos financeiros e nos contratos financeiros ou para medir a rendibilidade dos fondos de investimento, e polo que se modifican as directivas 200/49/CE e 2014/17/UE e o Regulamento (UE) n.º 596/2014.*

Sen prexuízo das infraccións previstas neste capítulo, son infraccións moi graves os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016:

1. O incumprimento non meramente ocasional ou illado por parte dos administradores dos requisitos de gobernanza e control establecidos nos artigos 4 ao 10 do regulamento.

2. O incumprimento non meramente ocasional ou illado do disposto nos artigos 11.1.a), b), c) e e) e do artigo 11.2 e 3 do regulamento, relativo aos datos de cálculo para a elaboración dun índice de referencia.

3. O incumprimento non meramente ocasional ou illado por parte dos administradores do disposto no artigo 12 do regulamento, relativo á metodoloxía para determinar o índice de referencia.

4. O incumprimento non meramente ocasional ou illado por parte dos administradores das obrigacións en materia de transparencia e requisitos dos procedementos de consulta establecidos no artigo 13 do regulamento.

5. O incumprimento por parte dos administradores das obrigacións establecidas no artigo 14 do regulamento, sempre que se trate dunha conduta non meramente ocasional ou illada ou se prexudiquen gravemente os intereses de persoas físicas ou xurídicas.

6. O incumprimento non meramente ocasional ou illado por parte dos administradores das obrigacións establecidas no artigo 15 do regulamento.

7. O incumprimento por parte dos dos contribuídores supervisados dos requisitos de gobernanza e control establecidos no artigo 16 do regulamento, cando se trate dunha conduta non meramente ocasional ou illada ou se prexudiquen gravemente os intereses de persoas físicas ou xurídicas.

8. O incumprimento por parte dos administradores das obrigacións establecidas no artigo 21 do regulamento.

9. O incumprimento polos administradores ou polos contribuídores supervisados das obrigacións establecidas conforme o disposto no artigo 23 do regulamento, cando exista negligencia grave atendendo á relevancia da omisión ou demora que se producise.

10. O incumprimento polos administradores do disposto nos artigos 24, 25 e 26 do regulamento cando exista interese de ocultación ou negligencia grave atendendo á relevancia da omisión ou demora que se producise.

11. O incumprimento non meramente ocasional ou illado polos administradores das obrigacións establecidas nos artigos 27 e 28.1 do regulamento.

12. O incumprimento non meramente ocasional ou illado polas entidades supervisadas das obrigacións establecidas no artigo 28.2 do regulamento.

13. O uso non meramente ocasional ou illado de índices de referencia por parte das entidades supervisadas con incumprimento da obrigaón establecida no artigo 29.1 do regulamento.

14. A omisión ou falsidade na información que debe conter o folleto segundo o establecido no artigo 29.2 do regulamento.

15. O incumprimento do deber de obter autorización ou inscrición rexistral de acordo co disposto no artigo 34 do regulamento, de maneira que supoña o exercicio non meramente ocasional ou illado de actividades propias dun administrador sen a correspondente autorización ou inscrición.

16. A obtención da autorización ou inscrición a que se refire o artigo 34 do regulamento por medio de declaracións falsas ou por outro medio irregular.

17. O incumprimento non meramente ocasional ou illado polos administradores das demais obrigaóns establecidas no artigo 34 do regulamento.

18. O incumprimento non meramente ocasional ou illado polos administradores ou polos contribuidores das obrigaóns establecidas no anexo I do regulamento en relación cos índices de referencia de tipos de xuro.

19. O incumprimento non meramente ocasional ou illado polos administradores das obrigaóns establecidas no anexo II do regulamento en relación cos índices de referencia de materias primas.

20. As accións ou omisións que supoñan un incumprimento das medidas adoptadas pola CNMV no exercicio da súa potestade supervisora, inspectora e de control, así como a negativa ou resistencia a esa actuación segundo o previsto no artigo 41 do regulamento.»

Vinte e sete. Modifícase o artigo 295 nos seguintes termos:

1. Modifícase o número 3, que pasa a ter o seguinte contido:

«3. A inexistencia da páxina web prevista no artigo 539.2 do texto refundido da Lei de sociedades de capital, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2010, do 2 de xullo, ou a falta de publicación nela da información sinalada no dito artigo e no artigo 17 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, ou nas súas normas de desenvolvemento, cando non constituía infracción moi grave.»

2. Suprímense os números 4 a 7.

3. O número 9 do artigo 295 queda redactado como segue:

«9. O incumprimento, por parte das empresas de servizos e actividades de investimento e dos organismos reitores que xestionen un centro de negociación, das obrigaóns de comunicación e clasificación establecidas nos artigos 86 a 88, cando non constituía infracción moi grave.»

4. Engádense os novos números 11 a 22, coa seguinte redacción:

«11. A falta de remisión á Comisión Nacional do Mercado de Valores polas entidades enumeradas no artigo 233, no prazo establecido nas normas ou outorgado por esta, de cantos documentos, datos ou informacións deban remitírselle en virtude do disposto na lei, nas súas normas de desenvolvemento ou do dereito da Unión Europea, ou que a Comisión Nacional do Mercado de Valores requira no exercicio das súas funcións, así como a remisión de información incompleta ou con datos inexactos ou non veraces, cando non constituían infracción moi grave.

12. O incumprimento das disposicións establecidas no artigo 11 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre abuso de mercado na realización dunha prospección de mercado que non constituía infracción moi grave por constituír comunicación ilícita de información privilexiada.

13. O incumprimento do disposto no artigo 15 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, sobre abuso de mercado, do 16 de abril de 2014, cando non constituía infracción moi grave.

14. O incumprimento da obrigaón de comunicación á CNMV de ordes ou operacións sospeitosas de constituíren abuso de mercado, establecida no artigo 16.1 e 2 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

15. O incumprimento dalgunha das prohibicións ou obrigaóns establecidas no artigo 14, ou no artigo 17.1, 2, 4, 5 ou 8 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, cando non constituía infracción moi grave.

16. O incumprimento dalgunha das obrigaóns establecidas no artigo 18 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, cando non constituía infracción moi grave.

17. A inobservancia do deber de información ou notificación previsto nos artigos 115, 117, 118 ou no artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, sobre abuso de mercado, cando non constituía infracción moi grave.

18. O incumprimento da prohibición establecida no número 11 do artigo 19 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

19. A elaboración ou difusión de recomendacións de investimento ou información doutro tipo en que se recomende ou suxira unha estratexia de investimento sen cumprir co disposto no número 1 do artigo 20 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

20. O incumprimento das obrigaóns establecidas no artigo 22.2 do Regulamento (UE) n.º 600/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 15 de maio de 2014, sobre o almacenamento dos datos relativos á información para efectos de transparencia e doutros cálculos por parte dos APA e PIC, cando non constituía infracción moi grave.

21. O incumprimento das obrigaóns establecidas nos seguintes artigos do Regulamento (UE) n.º 2015/2356 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre transparencia das operacións de financiamento de valores e de reutilización e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, do 4 de xullo, cando non constituían infracción moi grave:

a) artigo 4, sobre a obrigaón das contrapartes das operacións de financiamento de valores de notificación e conservación da información relativa a esas operacións

b) artigo 15, sobre as condicións que deben cumprirse para a reutilización de instrumentos financeiros recibidos como garantía.

22. O incumprimento da obrigaón de dispor dos procedementos a que se refire o artigo 24.3 do Regulamento (UE) n.º 2015/2365 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015.»

Vinte e oito. Modifícase o número 15 e introdúcese un novo número 16 no artigo 296 coa seguinte redacción:

«15. A inobservancia polos que presten servizos de fornecemento de datos das obrigaóns de funcionamento e organización interna previstas nos artigos 197 undecies a 197 quaterdecies, cando non constituían infracción moi grave.

16. A inobservancia polos que presten servizos de fornecemento de datos das obrigaóns de difusión, comunicación e tratamento da información previstas nos artigos 197 octies a 197 decies, cando non constituían infracción moi grave.»

Vinte e nove. Introdúcense uns novos números 5 e 6 no artigo 298 co seguinte contido:

«5. Os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014:

- a) O incumprimento do disposto nos artigos 6, 7 e 8. 1 a 3, do regulamento, cando non constituía infracción moi grave.
- b) A realización meramente ocasional ou illada de comunicacións comerciais sobre o produto de investimento retallista empaquetado que incumpran o disposto no artigo 9 do regulamento.
- c) O incumprimento meramente ocasional ou illado do disposto no artigo 10.1 do regulamento, relativo ao exame e revisión do documento de datos fundamentais.
- d) O incumprimento meramente ocasional ou illado das obrigacións impostas polos artigos 13. 1, 3 e 4, e 14 do regulamento.
- e) A inaplicación dos procedementos e mecanismos de reclamación a que se refire o artigo 19 do regulamento, cando non constituía infracción moi grave.

6. Os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 2016/1011, do 8 de xuño de 2016:

- a) O incumprimento das obrigacións a que se refire o artigo 289 ter cando non constituían infracción moi grave.
- b) O incumprimento do disposto no artigo 11.1.d) e 11.4 do regulamento.
- c) A falta de cooperación ou o desacato en relación cunha investigación, inspección ou solicitude realizada pola CNMV de conformidade co artigo 41 do regulamento, cando tal conduta non deba cualificarse como moi grave.»

Trinta. Introdúcese un novo número 4 no artigo 300 coa seguinte redacción:

«4. Os seguintes incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 2016/1011, do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016:

- a) O incumprimento das obrigacións a que se refire o artigo 289 ter cando non constituían infracción moi grave ou grave.
- b) O incumprimento do disposto no artigo 11.1.d) e no 11.4 do regulamento, cando non constituía infracción grave pola súa escasa relevancia.
- c) A falta de cooperación ou o desacato en relación cunha investigación, inspección ou solicitude realizada pola CNMV de conformidade co artigo 41 do regulamento, cando tal conduta non deba cualificarse como moi grave ou grave.»

Trinta e un. Modifícase o artigo 302 nos seguintes termos:

1. Modifícanse os números 10, 13, 14 e 16 nos seguintes termos:

«10. Suspensión non superior a dez anos da autorización a unha empresa de servizos e actividades de investimento ou doutras entidades inscritas nos rexistros da Comisión Nacional do Mercado de Valores.»

«13. Amoestación pública no «Boletín Oficial del Estado» que indicará a persoa responsable e o carácter da infracción, de conformidade co disposto no artigo 313 ter.

14. Así mesmo, cando se trate do incumprimento da reserva de actividade prevista no artigo 278, imponse ao infractor a sanción recollida no número 1, entendendo neste caso por beneficio bruto os ingresos obtidos polo infractor no desenvolvemento da actividade reservada, sen que a multa poida ser inferior a 600.000 euros.»

«16. Cando se trate de infraccións cometidas polas persoas a que se refire o artigo 233.1.b), as sancións que se impoñan non prexudicarán a capacidade doutras autoridades competentes da Unión Europea para impoñer sancións de acordo co disposto no Regulamento (CE) n.º 1060/2009 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de setembro.

No caso de que unha empresa de servizos de investimento adquira unha participación a pesar da oposición da Comisión Nacional do Mercado de Valores, con independencia de calquera outra sanción que poida imporse, disporase ben a suspensión do exercicio dos correspondentes dereitos de votos, ben a nulidade dos votos emitidos ou a posibilidade de anulalos.»

2. Introdúcense uns novos números 17 a 22 co seguinte contido:

«17. No caso de incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, que constitúan infracción moi grave, a multa que se imporá será:

a) Se o infractor é unha persoa xurídica, o seu importe será de até a maior das seguintes cantidades:

1.º 30.000.000 euros ou o trinta por cento do volume de negocios anual total da persoa xurídica segundo as últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de administración, polas infraccións dos artigos 14 ou 15 do regulamento,

2.º 5.000.000 euros ou o catro por cento do seu volume de negocios anual total segundo as últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de administración, polas infraccións dos artigos 16 ou 17 do regulamento,

3.º 2.000.000 euros, polas infraccións dos artigos 18, 19 ou 20 do regulamento.

b) Se o infractor é unha persoa física, o seu importe será de até:

1.º 10.000.000 euros, polas infraccións dos artigos 14 ou 15,

2.º 2.000.000 euros, polas infraccións dos artigos 16 ou 17,

3.º 1.000.000 euros, polas infraccións dos artigos 18, 19 ou 20, todos eles do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

Tamén poderán aplicarse aos incumprimentos do Regulamento 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, previstos neste número as sancións previstas nos números 9 a 13 deste artigo.

18. No caso de incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014, que constitúan infracción moi grave, a multa que se imporá será:

a) Se o infractor é unha persoa xurídica, o seu importe será de até a maior das seguintes cantidades:

1.º 10.000.000 euros.

2.º O cinco por cento do volume de negocios anual total da persoa xurídica segundo as últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de administración.

3.º O quíntuplo do importe dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas mediante a infracción, no caso de que poidan determinarse.

b) Se o infractor é unha persoa física, o seu importe será de até a maior das seguintes cantidades:

1.º 2.000.000 euros.

2.º O quíntuplo do importe dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas mediante a infracción, no caso de que poidan determinarse.



19. No caso de que se impoñan unha ou varias sancións ou algunha das medidas administrativas previstas no artigo 272.2 e) desta lei, a CNMV poderá emitir unha comunicación directa, ou requirir a súa emisión ao produtor do produto de investimento retailista empaquetado ou á persoa que asesore sobre el ou que o venda, destinada aos investidores retailistas afectados e na cal sexan informados sobre a sanción ou medida administrativa e indique onde presentar queixas ou reclamacións para obter unha compensación.

20. No caso de incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, que constitúan infracción moi grave, a multa que se imporá será:

a) se o infractor é unha persoa física, o seu importe será de até a maior das contías seguintes:

1.º en caso de infracción dos artigos 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10, do artigo 11.1.a), b), c) e e), do artigo 11. 2 e 3, e dos artigos 12, 13, 14, 15, 16, 21, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 e 34, 500.000 euros,

2.º en caso de infracción do artigo 11, número 1, letra d), ou do artigo 11, número 4, 100.000 euros, ou o triplo do importe das ganancias obtidas ou as perdas evitadas grazas á infracción, cando estas poidan determinarse.

b) se o infractor é unha persoa xurídica, o seu importe será de até a maior das contías seguintes:

1.º en caso de infracción dos artigos 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, do artigo 11, número 1, alíneas a), b), c) e e), do artigo 11, números 2 e 3, ou dos artigos 12, 13, 14, 15, 16, 21, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 e 34:

1.000.000 euros, ou

o 10 por cento do seu volume de negocios total anual, de acordo coas últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de dirección,

2.º en caso de infracción do artigo 11.1.d), ou do artigo 11.4:

250.000 euros, ou

o 2 por cento do seu volume de negocios total anual de acordo coas últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de dirección, ou

o triplo do importe das ganancias obtidas ou as perdas evitadas grazas á infracción, cando estas poidan determinarse.

Para os efectos da alínea b) deste número 20, cando a persoa xurídica sexa unha empresa matriz ou unha filial dunha empresa matriz que deba elaborar contas financeiras consolidadas, conforme a Directiva 2013/34/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, o volume de negocios total anual pertinente será o volume de negocios total anual ou o tipo de ingresos correspondentes conforme a Directiva 86/635/CEE do Consello, do 8 de decembro de 1986, no caso dos bancos, e a Directiva 91/674/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1991, no caso das empresas de seguros, de acordo coas últimas contas consolidadas dispoñibles aprobadas polo órgano de dirección da empresa matriz última, ou, se a persoa for unha asociación, o 10 por cento dos volumes de negocios agregados dos seus membros.

21. Sen prexuízo das sancións descritas nos números anteriores, a CNMV tamén poderá impor algunha das sancións seguintes por incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016:

a) emitir un requirimento polo que se comine o administrador ou a entidade supervisada responsable da infracción a que lle poña fin e se absteña de repetila.

b) exixir a restitución das ganancias obtidas ou as perdas evitadas grazas á infracción, cando estas poidan determinarse.

c) efectuar unha amoestación pública en que se indique o administrador ou a entidade supervisada responsable e a natureza da infracción.

d) revogar ou suspender por un prazo non superior a 10 anos a autorización ou a inscrición rexistral dun administrador.

e) prohibir por un prazo non superior a 10 anos que calquera persoa física que se considere responsable da infracción exerza funcións de dirección en administradores ou contribuídores supervisados.

22. No caso de incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 2015/2365 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre transparencia das operacións de financiamento de valores e de reutilización e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, que constitúan infracción moi grave, a multa que se imporá será até a maior das seguintes cantidades:

– o quíntuplo do importe das ganancias obtidas ou as perdas evitadas coa infracción, en caso de que poidan determinarse e aínda que sexan superiores ás cantidades determinadas a seguir,

– no caso dunha persoa xurídica, polas infraccións do artigo 4 do Regulamento (UE) n.º 2015/2365, a multa será de 7.000.000 euros ou o 12 por cento do seu volume de negocios total durante o exercicio precedente, de acordo cos últimos estados financeiros dispoñibles aprobados polo órgano de dirección,

– no caso dunha persoa xurídica, polas infraccións do artigo 15 do Regulamento (UE) n.º 2015/2365, a multa será de 20.000.000 euros ou o 12 por cento do seu volume de negocios total durante o exercicio precedente, de acordo cos últimos estados financeiros dispoñibles aprobados polo órgano de dirección.

En ambos os casos, cando a persoa xurídica sexa unha empresa matriz ou unha filial dunha empresa matriz que deba elaborar contas consolidadas de conformidade coa Directiva 2013/34/UE, o volume de negocios total anual pertinente será o volume de negocios total anual, ou o tipo de ingresos correspondentes, conforme a lexislación pertinente da Unión Europea en materia de contabilidade, de acordo coas contas consolidadas dispoñibles máis recentes aprobadas polo órgano de dirección da empresa matriz última.

– no caso dunha persoa física, a sanción será de até 7.000.000 de euros.»

Trinta e dous. Modifícase o artigo 303 nos seguintes termos:

1. Modifícase o número 11, que pasa a ter a seguinte redacción:

«11. No caso de que unha empresa de servizos e actividades de investimento adquira unha participación significativa a pesar da oposición da CNMV, con independencia de calquera outra sanción que poida imporse, dispórase ben a suspensión do exercicio dos correspondentes dereitos de voto, ben a nulidade dos votos emitidos ou a posibilidade de anulalos.»

2. Engádense uns novos números 12 ao 16, coa seguinte redacción:

«12. No caso de incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, que constitúan infracción grave, a multa que se imporá será:

a) Se o infractor é unha persoa xurídica, o seu importe será de até a maior das seguintes cantidades:

1.º 15.000.000 euros ou o quince por cento do volume de negocios anual total da persoa xurídica segundo as últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de administración, polas infraccións dos artigos 14 ou 15,

2.º 2.500.000 euros ou o dous por cento do seu volume de negocios anual total segundo as últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de administración, polas infraccións dos artigos 16 ou 17,

3.º 1.000.000 euros, polas infraccións dos artigos 18, 19 ou 20 do regulamento.

b) Se o infractor é unha persoa física, o seu importe será de até:

1.º 5.000.000 euros, polas infraccións dos artigos 14 ou 15 do regulamento,

2.º 1.000.000 euros, polas infraccións dos artigos 16 ou 17 do regulamento,

3.º 500.000 euros, polas infraccións dos artigos 18, 19 ou 20, todos eles do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.

Tamén poderán aplicarse aos incumprimentos do Regulamento 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014, previstos neste número as sancións previstas nos números 6 a 9 deste artigo.

13. No caso de incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 1286/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de novembro de 2014, que constitúan infracción grave, a multa que se imporá será:

a) Se o infractor é unha persoa xurídica, o seu importe será de até a maior das seguintes cantidades:

1.º 5.000.000 euros.

2.º O tres por cento do volume de negocios anual total da persoa xurídica segundo as últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de administración.

3.º O dobre do importe dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas mediante a infracción, no caso de que poidan determinarse.

b) Se o infractor é unha persoa física, o seu importe será de até a maior das seguintes cantidades:

1.º 1.000.000 euros.

2.º O dobre do importe dos beneficios obtidos ou das perdas evitadas mediante a infracción, no caso de que poidan determinarse.

No caso de que se impoñan unha ou varias sancións ou medidas administrativas previstas no artigo 234.2.z), a CNMV poderá emitir unha comunicación directa, ou requirir a súa emisión ao produtor do produto de investimento retalista empaquetado ou á persoa que asesore sobre el ou que o venda, destinada aos investidores retailistas afectados e na cal sexan informados sobre a sanción ou medida administrativa e indique onde presentar queixas ou reclamacións para obter unha compensación.

14. No caso de incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, que constitúan infracción grave, a multa que se imporá será:

a) se o infractor é unha persoa física, o seu importe será de até a maior das contías seguintes:

1.º en caso de infracción dos artigos 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10, do artigo 11.1. a), b), c) e e), do artigo 11. 2 e 3, e dos artigos 12, 13, 14, 15, 16, 21, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 e 34, 250.000 euros,

2.º en caso de infracción do artigo 11.1. d), ou do artigo 11.4, 50.000 euros,

3.º o dobre do importe das ganancias obtidas ou as perdas evitadas grazas á infracción, cando poidan determinarse.

b) se o infractor é unha persoa xurídica, o seu importe será de até a maior das contías seguintes:

1.º en caso de infracción dos artigos 4, 5, 6, 7, 8, 9, 10, do artigo 11.1.a), b), c) e e), do artigo 11. 2 e 3, ou dos artigos 12, 13, 14, 15, 16, 21, 23, 24, 25, 26, 27, 28, 29 e 34:

500.000 euros, ou

o 5 por cento do seu volume de negocios total anual, de acordo coas últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de dirección,

2.º en caso de infracción do artigo 11.1. d), ou do artigo 11. 4:

125.000 euros, ou

o 1 por cento do seu volume de negocios total anual de acordo coas últimas contas dispoñibles aprobadas polo órgano de dirección, ou

o dobre do importe das ganancias obtidas ou as perdas evitadas grazas á infracción, cando poidan determinarse.

Para os efectos da alínea b) deste número 14, cando a persoa xurídica sexa unha empresa matriz ou unha filial dunha empresa matriz que deba elaborar contas financeiras consolidadas, conforme a Directiva 2013/34/UE do Parlamento Europeo e do Consello, do 26 de xuño de 2013, o volume de negocios total anual pertinente será o volume de negocios total anual ou o tipo de ingresos correspondentes conforme a Directiva 86/635/CEE do Consello, do 8 de decembro de 1986, no caso dos bancos, e a Directiva 91/674/CEE do Consello, do 19 de decembro de 1991, no caso das empresas de seguros, de acordo coas últimas contas consolidadas dispoñibles aprobadas polo órgano de dirección da empresa matriz última, ou, se a persoa for unha asociación, o 5 por cento dos volumes de negocios agregados dos seus membros.

15. Sen prexuízo das sancións descritas nos números anteriores, a CNMV tamén poderá impor algunha das sancións seguintes por incumprimentos do Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016:

a) emitir un requirimento polo que se comine o administrador ou a entidade supervisada responsable da infracción a que lle poña fin e se absteña de repetila,

b) exixir a restitución das ganancias obtidas ou as perdas evitadas grazas á infracción, cando poidan determinarse,

c) efectuar unha amoestación pública en que se indique o administrador ou a entidade supervisada responsable e a natureza da infracción,

d) revogar ou suspender por un prazo non superior a 5 anos a autorización ou a inscrición rexistral dun administrador,

e) prohibir por un prazo non superior a 5 anos que calquera persoa física que se considere responsable da infracción exerza funcións de dirección en administradores ou contribuídores supervisados.

16. No caso de incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 2015/2365 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre transparencia das operacións de financiamento de valores e de reutilización e polo que se modifica o Regulamento (UE) n.º 648/2012, que constitúan infracción grave, a multa que se imporá será até a maior das seguintes cantidades:

– O triplo do importe das ganancias obtidas ou as perdas evitadas coa infracción, en caso de que poidan determinarse e aínda que sexan superiores ás cantidades determinadas a seguir,

– no caso dunha persoa xurídica, polas infraccións do artigo 4 do Regulamento (UE) n.º 2015/2365, 5.000.000 euros ou o 10% do seu volume de negocios total durante o exercicio precedente, de acordo cos últimos estados financeiros dispoñibles aprobados polo órgano de dirección; e, polas infraccións do artigo 15 do Regulamento (UE) n.º 2015/2365, 15.000.000 euros ou o 10% do seu volume de negocios total durante o exercicio precedente, de acordo cos últimos estados financeiros dispoñibles aprobados polo órgano de dirección.

En ambos os casos, cando a persoa xurídica sexa unha empresa matriz ou unha filial dunha empresa matriz que deba elaborar contas consolidadas de conformidade coa Directiva 2013/34/UE, o volume de negocios total anual pertinente será o volume de negocios total anual, ou o tipo de ingresos correspondentes, conforme a lexislación pertinente da Unión Europea en materia de contabilidade, de acordo coas contas consolidadas dispoñibles máis recentes aprobadas polo órgano de dirección da empresa matriz última.

– no caso dunha persoa física, 5.000.000 euros.»

Trinta e tres. Engádesse un novo número 6 no artigo 306 co seguinte contido:

«6. Separación do cargo de administración ou dirección que ocupe o infractor en calquera entidade financeira, con inhabilitación permanente para exercer cargos de administración ou dirección en calquera outra entidade das previstas no artigo 233.1.a) e 233.c).2.º, 4.º e 5.º, cando a mesma persoa fose sancionada por cometer nun prazo de dez anos dous ou máis incumprimentos das obrigacións ou prohibicións previstas nos artigos 14 ou 15 do Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello, do 16 de abril de 2014.»

Trinta e catro. Engádesse un novo número 3 ao artigo 310 co seguinte contido:

«3. Sen prexuízo do previsto nos números anteriores, as sancións aplicables pola comisión de infraccións de obrigacións ou prohibicións previstas no Regulamento (UE) n.º 2016/1011 do Parlamento Europeo e do Consello, do 8 de xuño de 2016, determinaranse polos criterios recollidos no artigo 43 dese regulamento.»

Trinta e cinco. Modifícase a disposición adicional terceira nos seguintes termos:

«Disposición adicional terceira. *Réxime xurídico dos dereitos de emisión.*

1. As empresas que prestan servizos de investimento e as entidades de crédito autorizadas a prestar servizos de investimento poderán, ademais de realizaren as actividades recollidas no artigo 140, presentar ofertas en nome dos seus clientes nas poxas de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro a que se refire o Regulamento (UE) n.º 1031/2010 da Comisión, do 12 de novembro de 2010, sobre o calendario, a xestión e outros aspectos das poxas dos dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro conforme a Directiva 2003/87/CE do Parlamento Europeo e do Consello, pola que se establece un réxime para o comercio de dereitos de emisión de gases de efecto invernadoiro na Comunidade e pola que se modifica a Directiva 96/61/CE do Consello. Para tal fin, deberán incluír esta actividade na súa autorización.

2. Constituirá unha infracción moi grave o incumprimento das normas de conduta a que se refire o artigo 59 do Regulamento (UE) n.º 1031/2010 da Comisión, do 12 de novembro de 2010.

3. A CNMV cooperará con outras autoridades competentes da Unión Europea, coas plataformas de poxas e coa entidade supervisora das poxas sempre que sexa necesario para levar a cabo as funcións establecidas no Regulamento (UE) n.º 1031/2010 da Comisión, do 12 de novembro de 2010, e en relación coas materias e nos termos que no dito regulamento se regulan.

4. Exceptúanse do deber de segredo regulado no artigo 288 as informacións que a CNMV deba facilitar ás autoridades competentes, ás plataformas de poxas e á entidade supervisora das poxas, en materia de poxas de dereitos de emisión de conformidade co Regulamento (UE) n.º 1031/2010 da Comisión, do 12 de novembro de 2010.»

Trinta e seis. Engádesse unha nova disposición adicional décimo segunda co seguinte contido:

«Disposición adicional décimo segunda. *Disposicións específicas relativas ao Instituto de Crédito Oficial.*

A aqueles organismos públicos que teñan entre os seus obxectivos principalmente a mellora da economía nacional e invistan exclusivamente por conta propia non lles será aplicable esta lei no que se refire ás actividades ou servizos de investimento e aplicaráselles aquelas disposicións relativas ás obrigacións derivadas da regulación dos diferentes mercados que se prevén na presente norma.»

Disposición derradeira décima. *Títulos competenciais.*

Este real decreto lei dítase ao abeiro do establecido no artigo 149.1.6.<sup>a</sup>, 11.<sup>a</sup> e 13.<sup>a</sup> da Constitución española, que atribúe ao Estado as competencias exclusivas sobre lexislación mercantil, bases da ordenación de crédito, banca e seguro, e bases e coordinación da planificación xeral da actividade económica, respectivamente.

Disposición derradeira décimo primeira. *Incorporación de dereito da Unión Europea.*

Mediante este real decreto lei incorpóranse ao ordenamento xurídico español as seguintes normas:

a) Parcialmente, a Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015, sobre servizos de pagamento no mercado interior e pola que se modifican as directivas 2002/65/CE, 2009/110/CE e 2013/36/UE e o Regulamento (UE) n.º 1093/2010 e se derroga a Directiva 2007/64/CE.

b) Parcialmente, a Directiva de execución (UE) 2015/2392 da Comisión, do 17 de decembro de 2015, relativa ao Regulamento (UE) n.º 596/2014 do Parlamento Europeo e do Consello no que respecta á comunicación de posibles infraccións ou infraccións reais dese regulamento ás autoridades competentes.

c) Parcialmente, a Directiva 2013/36/UE do Parlamento e do Consello, do 26 de xuño de 2013, relativa ao acceso á actividade das entidades de crédito e á supervisión prudencial das entidades de crédito e as empresas de investimento, pola que se modifica a Directiva 2002/87/CE e se derrogan as directivas 2006/48/CE e 2006/49/CE.

Disposición derradeira décimo segunda. *Habilitación para o desenvolvemento regulamentario.*

Habilitase o Goberno para ditar cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento, execución e cumprimento do previsto neste real decreto lei.

Así mesmo, o Banco de España poderá ditar as disposicións de desenvolvemento que sexan necesarias para garantir a adecuada aplicación daquelas previsións deste real decreto lei nas cales é recoñecido expresamente como autoridade nacional en relación cos servizos de pagamento, incluídas as previstas nos artigos 17.3, 19.2, 20.3.d) e 45.1, así como para establecer a información que os provedores de servizos de pagamento aos cales se refire o artigo 5.1 lle deberán comunicar. Esas disposicións de desenvolvemento entenderanse sen prexuízo das previsións que, conforme o dereito da Unión Europea, adopten as institucións e organismos da Unión Europea, en aplicación da Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello, do 25 de novembro de 2015.

Disposición derradeira décimo terceira. *Entrada en vigor do real decreto lei e aplicación dalgúns dos seus preceptos.*

1. Este real decreto lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

2. Non obstante o disposto no parágrafo anterior:

a) os títulos II e III serán de aplicación aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado»;

b) as medidas de seguranza a que se refiren os artigos 37, 38, 39 e 68 serán de aplicación unha vez que transcorran 18 meses desde a entrada en vigor do Regulamento delegado (UE) 2018/389 da Comisión, do 27 de novembro de 2017, polo que se complementa a Directiva (UE) 2015/2366 do Parlamento Europeo e do Consello no relativo ás normas técnicas de regulación para a autenticación reforzada de clientes e uns estándares de comunicación abertos, comúns e seguros, sen prexuízo de que até esa data ningún fornecedor de servizos de pagamento xestor de conta poderá impedir ou dificultar a utilización de servizos de iniciación de pagamentos e servizos de información sobre contas en relación coas contas de cuxa xestión se encargue.

c) a redacción dada aos artigos 119.3 e 121.1 da Lei 10/2014, do 26 de xuño, de ordenación, supervisión e solvencia de entidades de crédito, pola disposición derradeira sexta.dez deste real decreto lei entrará en vigor aos tres meses da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 23 de novembro de 2018.

FELIPE R.

A presidenta do Goberno en funcións,  
CARMEN CALVO POYATO